



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 2 DE DECEMBRO DE 2013</b>
---

<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
---

<b>TIPO DE SESIÓN:</b> EXTRAORDINARIA	<b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA
---------------------------------------	-------------------------------

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO  
Concelleiro  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ( que marchou no punto 8º).  
Concelleiro  
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS  
Concelleira  
D. JOSÉ A. DURO DE LA FUENTE  
Concelleiro

GRUPO do BNG:  
D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS  
DNA. M<sup>a</sup> JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dous de decembro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

## **ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

### **A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE NOVEMBRO DE 2013.

2º.- NOMEAMENTO DE CARGO DE CONCELLEIRO POLO PsdeG-PSOE A FAVOR DE D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUENTE.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO AO APRAZAMENTO DO EXERCICIO DE ACCIÓN DE DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN MUNICIPAL (CAMIÑO) RADICADO Á ALTURA DA FINCA N° 244 DA ZCP DE RIBELA.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO AO APRAZAMENTO DO EXERCICIO DE ACCIÓN DE DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN MUNICIPAL (CAMIÑO) RADICADO ENTRE AS FINCAS 647 E 649 DA ZCP DE SAN XURXO DE VEA - SOUTO.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO AO APRAZAMENTO DO EXERCICIO DE ACCIÓN DE DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN MUNICIPAL (CAMIÑO) RADICADO ENTRE AS FINCAS 143, 144 E 166 DA ZCP DE GUIMAREI.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA ESTRADA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES, ASÍ COMO A XESTIÓN DE PUNTOS LIMPOS.

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN

DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESTRUTURAS RADIOELÉCTRICAS DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO DA ESTRADA.

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA SOBRE DELEGACIÓN DO EXERCICIO DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS.

9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

10º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

11º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO AO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO PLENARIO DE 6 DE XUÑO DE 2013, DENEGATORIO DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS A FAVOR CIVIS GLOBAL, S.L.

#### **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

12º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE OUTUBRO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

\*\*\*\*\*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA**

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE NOVEMBRO DE 2013.**

**Sr. Alcalde.-** Comezamos a...a sesión plenaria que como ben saben xa os portavoces foi convocada de forma extraordinaria para o día de hoxe, pero tras conversación mantida cos propios voceiros creo que na semana...nesta semana xa se cubrirá ou se firmará o documento da xunta de portavoces onde a convocatoria extraordinaria do pleno se fará para o día 23 de decembro, ordinaria...a convocatoria ordinaria se fará para o 23 de decembro se non hai ningunha novidade, creo que o faremos como se fixo sempre nestos casos por acordo da xunta de portavoces. Así que si lles parece procedemos á...á lectura i ao inicio desta sesión extraordinaria como dicía antes, que ten a seguinte orde do día: na primeira parte o primeiro punto é a aprobación se procede da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o día 7 de novembro de 2013. ¿Non sei se hai algunha alegación á acta? Ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, na acta que se nos entregou despois da súa visualización detectamos que falta unha das intervencións que se produciron por parte do...do público asistente. Polo tanto pois gustaríanos saber...de feito se pasa da páxina 30 á 33, entendemos que aí vai esa alegación non podendo comprobar o contido da mesma pois dende logo cremos que se debe deixar enriba da mesa posto que non está a disposición para poder valorala.

**Sr. Alcalde.-** No expediente si figura...no expediente que estaba a disposición dos concelleiros si figura a disposición, polo tanto procedemos á votación da acta. Si estaba no expediente puideron comprobar vostedes a...a súa existencia. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase a acta correspondente á sesión plenaria do día 7 de novembro.

Dada conta polo Sr. Alcalde da acta correspondente á sesión celebrada o 7 de novembro de 2013, resulta aprobada por 11 votos a favor (P.P.), e 10 abstencións (9 do P.S.G.-PSOE e 1 do B.N.G.) e ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- NOMEAMENTO DE CARGO DE CONCELLEIRO POLO PsdeG-PSOE A FAVOR DE D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUENTE.**

**Sr. Alcalde.-** Punto número 2 é o nomeamento de cargo de Concelleiro polo PS de G.-PSOE a favor de don José Antonio Duro De la Fuente...De la Fuente. Tendo comunicado por parte da Xunta Electoral Central a credencial de Don José Antonio Duro de la Fuente, téndose formulada a declaración de intereses bens, actividades eventuais, causas de incompatibilidade comparece en substitución de don José Luis Picaño Riveira por renuncia deste. Promete i ten que prometer diante do Concello ou xurar cumprir i facer cumprir as obrigas, polo tanto, si nos acompaña aquí fai lectura en galego ou en castelán e xuro e prometo de calquera das dúas formas.

**Sr. José Antonio Duro de La Fuente do PS de G.-PSOE.-** Prometo pola miña conciencia e honos cumprir fielmente a obrigas de cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar...e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, ocupa o seu escano i, unha vez feito, o requisito fundamental i, téndose como dicía antes por presentada a documentación precisa i de facer...gardar i facer gardar a Constitución, toma posesión do seu cargo como Concelleiro da Corporación municipal do Concello da Estrada i, así mesmo, tamén por delegación e acordo expreso do partido que representa, o grupo municipal Socialista, se aproba a incorporación de José Antonio Duro de la Fuente ás comisións informativas e representación do Partido Socialista PSOE, tanto de titular como de suplente, nas que formaba parte o anterior Concelleiro don José Luis Picaño Riveira.

Procedemos, polo tanto, a pasar a debater o punto número 3. Sí...sí, sometemos a votación comenta a Secretaria a...a parte do...do nomeamento nas comisións informativas, si lles parece procedemos a votalas entendo que o nomeamento i a...i a composición das comisións é inherente pero bueno procedemos a votalas si lles parece. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Téndose comunicado por parte da Xunta Electoral Central a Credencial de D. José Antonio Duro de la Fuente, e téndose formulada a declaración de intereses, bens, actividades e eventuais causas de incompatibilidade, comparece en substitución de D. José Luis Picaño Riveira, por renuncia deste, e promete perante o Concello Pleno cumprir fielmente as obrigas como Concelleiro desta Entidade Local con lealdade, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, tomando posesión do seu cargo e integrándose a partires deste intre no Pleno Municipal.

Así mesmo, e de acordo co escrito presentado polo Grupo Municipal Socialista, se aproba a incorporación do Concelleiro José A. Duro de la Fuente ás Comisións Informativas en quen ten representación o PsdeG-PSOE, tanto como titular como suplente, e das que formaba parte o anterior Concelleiro D. José Luís Picaño Riveira.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO AO APRAZAMENTO DO EXERCICIO DE ACCIÓN DE DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN MUNICIPAL (CAMIÑO) RADICADO Á ALTURA DA FINCA Nº 244 DA ZCP DE RIBELA.**

Punto número 3 é a aprobación se procede do Ditame da Comisión Informativa de Rural e Medioambiente relativo ao aprazamento do exercicio de acción de deslinde administrativo de ben municipal radicado á altura da finca 244 da zona de concentración parcelaria de Ribela. Sí..... si lles parece... debatimos de forma, si hai que debatilos, poñemos de forma conxunta os puntos i despois procedemos a votalos de forma separada. Ten a palabra o señor Concelleiro delegado do rural.

**Sr. Juan M. Constenla Carbón do PP.-** Boas tardes, vamos a dicir os puntos 3, 4 e 5... son os tres...o fondo dos puntos é o mesmo que é a...é a...o exercicio de deslinde de tres camiños, un en Ribela, outro en San Xurxo de Veá, outro en Guimarei. O aprazamento do deslinde por...por mor de pasarse o prazo de cometer...de acometelo na primeira ocasión temos que traelo a Pleno para acordar unha nova...unha nova data.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben ¿algunha intervención? Ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, observados e aceptando o debate en conxunto destes tres puntos da Orde do Día, manifestamos i poñemos unha vez máis enriba da mesa que isto responde a unha total ineficiencia por parte da xestión administrativa deste goberno, non só porque haxa que traer a este Pleno e tomar un acordo desacordando algo que tamén se adoptou neste Pleno, non é por iso, senón polo xeito no que se fai. Estamos a falar de que este é un claro erro de deixadez de funcións posiblemente ou de olvido, queremos crer que isto non é así posto que as capacidades que debe de ter un técnico municipal que avala isto non as queremos poñer en dúbida, o que pasa é que isto fai que haxa veciños prexudicados i fai que, dende logo, se teña que traer a este Pleno algo que deixa en entredito as capacidades do noso Concello, a eficacia administrativa do mesmo i que deixa, dende logo, como dicíamos, prexudicados, que son os veciños, porque existía unha data para exercer un dereito que se lles recoñecía. Unha data que este Concello incumpre porque non se levou adiante, non se fixo o procedemento consonte á lei, non se contaron adecuadamente os prazos i eso fai, como dicíamos, que se traía a esta comisión adoptar un acordo no que se deixa en entredito outro acordo que se adoptou polo mesmo. I, como dicíamos, unha clara deixadez de funcións porque, dende logo, se trae incluso a este Pleno para adoptar esta modificación con posterioridade á data inicialmente acordada para facer efectivo o servizo aos veciños, para facer efectivo un dereito a un veciño. Cremos que isto se debe de modificar, cremos que é razón tomar en constancia i ver que está pasando co persoal dentro da Casa do Concello, porque non é de recibo que estas cousas sucedan, porque como dicíamos non solo queda en entredito o...a xestión do noso concello senón que queda, como dicíamos, prexudicados os veciños, con posterioridade á data na que se acordou i se fixo público para que os veciños fixésen cargo do seu novo marco territorial, senón que ademais se adopta este acordo con posterioridade incluso á data na que se fixera...na que se fixara para o mesmo. Nin sequera somos capaces, ou eso parece por parte desta proposta, de tomar acordos modificando os mesmos en prazo, en tempo i en forma para minimizar prexuízos, por iso, como dicíamos, a pesares de entender que é perceptivo facelo i a pesares de que vamos a apoiar esta paralización temporal para contar os novos prazos, queremos manifestar alto i claro que isto deixa en entredito claramente a execución e a xestión que se está a facer dende o noso Concello, i que se debe tomar conta do mesmo porque isto non pode voltar a suceder.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, ¿algunha intervención? Ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Si, esperando que non volvan a acontecer casos como este porque, como ben dicía a portavoz do Grupo Socialista, aquí por un fallo na xestión por parte do Concello se lle causou un prexuízo a tres veciños ou veciñas do noso concello e esperando que non volvan a acontecer ese tipo de erros.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois, escoitados os representantes da oposición, procedemos, polo tanto, á aprobación do punto número 3 que é a aprobación do ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medioambiente relativo ao aprazamento do exercicio da acción de deslinde administrativo do ben municipal na zona de concentración parcelaria de Ribela ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta relativa ao asunto de referencia, asinada pola Sra. Alcaldesa en funcións, en data 22.11.13.

Visto o manifestado pola Sra. Louzao Vieites relativo a que non se pode repetir este erro e esta descoordinación que provocou a demora na realización deste deslinde administrativo, en prexuízo dos veciños e propietarios afectados.

Vista a explicación dada polo Sr. Constenla Carbón, xustificando o erro/despiste na acumulación de varios deslindes administrativos que estaban pendentes de someter á consideración do Concello Pleno.

Visto, pois, o expediente instruído polo Departamento do Rural, relativo á necesidade de artellar unha eventual acción de deslinde administrativo previa a outra posterior acción de recuperación posesoria de oficio de ben demanial municipal (camiño) radicado á altura da finca nº 244 ZCP de Ribela, no que figura, entre outros documentos, o informe-memoria emitido en data 30.04.13 polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) que xustifica a súa necesidade, dado que puidera estar indebidamente invadido por determinado peche, e, do que a súa desocupación sería precisa para garantir a dispoñibilidade dos terreos para o seu uso público, previa a práctica dun deslinde administrativo.

Visto o informe xurídico emitido en data 06.05.13 polo do T.A.X. – Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto que, conseguintemente, ese traballo técnico avala o exercicio por parte do Concello das accións de defensa e protección do ben municipal aparente e indebidamente invadido/ocupado por particulares (salvo erro ou omisión, non consta previa licenza urbanística nin concesión/ autorización demanial que ampare/n este/s feito/s).

Visto que, do art. 132.3 C. dimana a obriga que ten a Administración Pública de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo as potestades administrativas mailas accións xudiciais que sexan procedentes (art. 28 da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, e concordantes do RBCCLL), tanto se se trata dos seus bens demaniais como patrimoniais; tendo isto por obxecto, non só a protección *stricto sensu* da titularidade pública de forma inmediata, senón garantir, tamén, as funcións públicas que presten eses bens e que dan sentido á súa existencia, para o que a Administración goza de determinadas prerrogativas: *de investigación, de deslinde, de recuperación da posesión de oficio, ...*

Visto que, sen prexuízo da acción recuperadora da posesión, a Oficina Técnica Municipal considera necesaria a práctica dun deslinde administrativo previo.

Visto que, o deslinde constitúe unha potestade/prerrogativa administrativa de conservación e tutela dos bens públicos propios respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resultasen imprecisos ou cando existiran indicios de usurpación, que se materializa (en aras de delimitar perimétralmente os contornos dos inmobles da súa titularidade respecto dos de terceiros), en residencia do apeo e amolloamento ao longo da liña divisoria, de sorte que, con este, se efectuará unha declaración administrativa dun estado posesorio, presumido *iuris tantum* e determinado por unha titularidade preexistente, aínda

que, efectivamente, non sirva para reclamar a titularidade pública dun inmovible. O deslinde é unha potestade administrativa de conservación e tutela dos bens públicos respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resulten imprecisos ou cando existan indicios de usurpación.

Visto que, o deslinde materializase a través das operacións técnicas que resulten necesarias para comprobar e delimitar perimetralmente, no seu caso, as distintas titularidades: apeo e amolloamento.

Visto que, inicialmente, o Concello Pleno fixara a data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio para o día 14.11.13, a partir das 10:00 horas (sesión do 05.09.13).

Visto que, entre a data da proposta do Sr. Alcalde (07.05.13) e a data da sesión plenaria (05.09.13) transcorreu un prazo aproximado de 4 meses, circunstancia, que fixo inviable que o edito correspondente se publicase no B.O.P. coa esixible antelación mínima de 60 días, toda vez que aínda é preciso o emprego doutros 10 a 15 días para a preparación do mesmo co obxecto de que sexa publicado no boletín sinalado; é dicir, entre a data do acordo plenario inicialmente acadado e a data inicialmente prevista para o apeo e o amolloamento, non dá tempo a que se realice o trámite de información pública (días 1 a 40) que esixe un anuncio oficial publicado cunha antelación mínima de 60 días, o que, á súa vez, esixe a revogación da data inicialmente establecida, aprazándoa o necesario para tal fin.

Vistos, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de Abril; art. 50.17 R.O.F.).

Vistos os arts. 62.1, 66 e 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Visto, por último, o Ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, adoptado en sesión do 26-11-2013.

#### **ACORDAMOS:**

**1º.-** Revogar o apartado 3º do acordo acadado polo Concello-Pleno na súa sesión do 05.09.13 (punto 8º da Orde do Día), no relativo, exclusivamente, á data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio, quedando anulada a data inicialmente acordada do 14.11.13, aprazándoa ata o día 07.05.14, a partires das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal.

**2º.-** Dispor a conservación dos restantes actos e trámites ata agora substanciados, incluído o amentado acordo plenario, do que o seu contido se houbera mantido igual de non terse cometido a infracción/erro de previsión.

**3º.-** Notificar individual e nominalmente aos propietarios colindantes (D. José Souto Borrajeros, con enderezo en Carracedo, nº 9, Ribela – A Estrada), para coñecemento e efectos.

**4º.-** Dar traslado deste acordo ao Departamento do Rural e á Intervención de Fondos Municipais, para coñecemento efectos.

**5º.-** Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada (con enderezo na rúa Antón Losada Diéguez – A Estrada), para coñecemento e efectos, acompañándose de acreditación fidedigna da notificación practicada ao interesado.

**4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO AO APRAZAMENTO DO EXERCICIO DE**

**ACCIÓN DE DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN MUNICIPAL (CAMIÑO) RADICADO ENTRE AS FINCAS 647 E 649 DA ZCP DE SAN XURXO DE VEA – SOUTO.**

**Sr. Alcalde:** O punto número 4 é a aprobación do ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente relativo ao aprazamento do exercicio da acción de deslinde administrativo do ben municipal da zona de concentración parcelaria de San Xurxo de Vea, Souto. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta relativa ao asunto de referencia, asinada pola Sra. Alcaldesa en funcións, en data 22.11.13.

Visto o manifestado pola Sra. Louzao Vieites relativo a que non se pode repetir este erro e esta descoordinación que provocou a demora na realización deste deslinde administrativo, en prexuízo dos veciños e propietarios afectados.

Vista a explicación dada polo Sr. Constenla Carbón, xustificando o erro/despiste na acumulación de varios deslindes administrativos que estaban pendentes de someter á consideración do Concello Pleno.

Visto o expediente instruído polo Departamento do Rural, relativo á necesidade de artellar unha eventual acción de deslinde administrativo previa a outra posterior acción de recuperación posesoria de oficio de ben demanial municipal (camiño) radicado entre as fincas 647 e 649 ZCP de San Xurxo de Vea –Souto-, no que figura, entre outros documentos, o informe-memoria emitido en data 30.04.13 polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) que xustifica a súa necesidade, dado que puidera estar indebidamente invadido por determinado peche, e, do que a súa desocupación sería precisa para garantir a dispoñibilidade dos terreos para o seu uso público, previa a práctica dun deslinde administrativo.

Visto o informe xurídico emitido en data 06.05.13 polo do T.A.X. – Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto que, conseguintemente, ese traballo técnico avala o exercicio por parte do Concello das accións de defensa e protección do ben municipal aparente e indebidamente invadido/ocupado por particulares (salvo erro ou omisión, non consta previa licenza urbanística nin concesión/ autorización demanial que ampare/n este/s feito/s).

Visto que, do art. 132.3 C. dimana a obriga que ten a Administración Pública de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo as potestades administrativas mailas accións xudiciais que sexan procedentes (art. 28 da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, e concordantes do RBCCLL), tanto se se trata dos seus bens demaniais como patrimoniais; tendo isto por obxecto, non só a protección *stricto sensu* da titularidade pública de forma inmediata, senón garantir, tamén, as funcións públicas que presten eses bens e que dan sentido á súa existencia, para o que a Administración goza de determinadas prerrogativas: *de investigación, de deslinde, de recuperación da posesión de oficio,....*

Visto que, sen prexuízo da acción recuperadora da posesión, a Oficina Técnica Municipal considera necesaria a práctica dun deslinde administrativo previo.

Visto que, o deslinde constitúe unha potestade/prerrogativa administrativa de conservación e tutela dos bens públicos propios respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resultasen imprecisos ou cando existiran indicios de usurpación, que se materializa (en aras de delimitar perimetralmente os contornos dos inmobles da súa titularidade respecto dos de terceiros), en residencia do apeo e amolloamento ao longo da liña divisoria, de sorte que, con este, se efectuará unha declaración administrativa dun estado posesorio, presumido *iuris tantum* e determinado por unha titularidade preexistente, aínda que, efectivamente, non sirva para reclamar a titularidade pública dun inmovible. O deslinde é unha potestade administrativa de conservación e tutela dos bens públicos respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resulten imprecisos ou cando existan indicios de usurpación.



Visto que, o deslinde materialízase a través das operacións técnicas que resulten necesarias para comprobar e delimitar perimetralmente, no seu caso, as distintas titularidades: apeo e amolloamento.

Visto que, inicialmente, o Concello Pleno fixara a data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio para o día 21.11.13, a partir das 10:00 horas (sesión do 05.09.13).

Visto que, entre a data da proposta do Sr. Alcalde (07.05.13) e a data da sesión plenaria (05.09.13) transcorreu un prazo aproximado de 4 meses, circunstancia, que fixo inviable que o edito correspondente se publicase no B.O.P. coa esixible antelación mínima de 60 días, toda vez que aínda é preciso o emprego doutros 10 a 15 días para a preparación do mesmo co obxecto de que sexa publicado no boletín sinalado; é dicir, entre a data do acordo plenario inicialmente acadado e a data inicialmente prevista para o apeo e o amolloamento, non dá tempo a que se realice o trámite de información pública (días 1 a 40) que esixe un anuncio oficial publicado cunha antelación mínima de 60 días, o que, á súa vez, esixe a revogación da data inicialmente establecida, aprazándoa o necesario para tal fin.

Vistos, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de Abril; art. 50.17 R.O.F.).

Vistos os arts. 62.1, 66 e 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Visto, por último, o ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, adoptado en sesión do 26-11-2013.

#### **ACORDAMOS:**

1º.- Revogar o apartado 3º do acordo acadado polo Concello-Pleno na súa sesión do 05.09.13 (punto 6º da Orde do Día), no relativo, exclusivamente, á data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio, quedando anulada a data inicialmente acordada do 21.11.13, aprazándoa ata o día 14.05.14, a partir das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal.

2º.- Dispor a conservación dos restantes actos e trámites ata agora substanciados, incluído o amentado acordo plenario, do que o seu contido se houbera mantido igual de non terse cometido a infracción/erro de previsión.

3º.- Notificar individual e nominalmente aos propietarios colindantes (Dna. Mª Teresa Loureiro Carballeda, con enderezo en Avda. Rosalía de Castro, nº 69, 3º C, Milladoiro – 15895 Ames), para coñecemento e efectos.

4º.- Dar traslado deste acordo ao Departamento do Rural e á Intervención de Fondos Municipais, para coñecemento efectos.

5º.- Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada (con enderezo na R/Antón Losada Diéguez – A Estrada), para coñecemento e efectos, acompañándose de acreditación fidedigna da notificación practicada á interesada.

**5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO AO APRAZAMENTO DO EXERCICIO DE ACCIÓN DE DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN MUNICIPAL (CAMIÑO) RADICADO ENTRE AS FINCAS 143, 144 E 166 DA ZCP DE GUIMAREI.**

**Sr. Alcalde:** O punto número 5, votación tamén sobre a aprobación do ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente relativo ao aprazamento do exercicio da acción de deslinde administrativo de

ben municipal na zona de concentración parcelaria de Guimarei. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta relativa ao asunto de referencia, asinada pola Sra. Alcadesa en funcións, en data 22.11.13.

Visto o manifestado pola Sra. Louzao Vieites relativo a que non se pode repetir este erro e esta descoordinación que provocou a demora na realización deste deslinde administrativo, en prexuízo dos veciños e propietarios afectados.

Vista a explicación dada polo Sr. Constenla Carbón, xustificando o erro/despiste na acumulación de varios deslindes administrativos que estaban pendentes de someter á consideración do Concello Pleno.

Visto o expediente instruído polo Departamento do Rural, relativo á necesidade de artellar unha eventual acción de deslinde administrativo previa a outra posterior acción de recuperación posesoria de oficio de ben demanial municipal (camiño) radicado entre as fincas 143, 144 e 166 ZCP de Guimarei, no que figura, entre outros documentos, o informe-memoria emitido en data 30.04.13 polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) que xustifica a súa necesidade, dado que puidera estar indebidamente invadido por determinado peche, e, do que a súa desocupación sería precisa para garantir a dispoñibilidade dos terreos para o seu uso público, previa a práctica dun deslinde administrativo.

Visto o informe xurídico emitido en data 06.05.13 polo do T.A.X. – Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto que, conseguintemente, ese traballo técnico avala o exercicio por parte do Concello das accións de defensa e protección do ben municipal aparente e indebidamente invadido/ocupado por particulares (salvo erro ou omisión, non consta previa licenza urbanística nin concesión/ autorización demanial que ampare/n este/s feito/s).

Visto que, do art. 132.3 C. dimana a obriga que ten a Administración Pública de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo as potestades administrativas mailas accións xudiciais que sexan procedentes (art. 28 da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, e concordantes do RBCCLL), tanto se se trata dos seus bens demaniais como patrimoniais; tendo isto por obxecto, non só a protección *stricto sensu* da titularidade pública de forma inmediata, senón garantir, tamén, as funcións públicas que presten eses bens e que dan sentido á súa existencia, para o que a Administración goza de determinadas prerrogativas: *de investigación, de deslinde, de recuperación da posesión de oficio, ...*

Visto que, sen prexuízo da acción recuperadora da posesión, a Oficina Técnica Municipal considera necesaria a práctica dun deslinde administrativo previo.

Visto que, o deslinde constitúe unha potestade/prerrogativa administrativa de conservación e tutela dos bens públicos propios respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resultasen imprecisos ou cando existiran indicios de usurpación, que se materializa (en aras de delimitar perimétralmente os contornos dos inmobles da súa titularidade respecto dos de terceiros), en residencia do apeo e amolloamento ao longo da liña divisoria, de sorte que, con este, se efectuará unha declaración administrativa dun estado posesorio, presumido *iuris tantum* e determinado por unha titularidade preexistente, aínda que, efectivamente, non sirva para reclamar a titularidade pública dun inmovible. O deslinde é unha potestade administrativa de conservación e tutela dos bens públicos respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resulten imprecisos ou cando existan indicios de usurpación.

Visto que, o deslinde materialízase a través das operacións técnicas que resulten necesarias para comprobar e delimitar perimétralmente, no seu caso, as distintas titularidades: apeo e amolloamento.

Visto que, inicialmente, o Concello Pleno fixara a data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio para o día 07.11.13, a partir das 10:00 horas (sesión do 05.09.13).

Visto que, entre a data da proposta do Sr. Alcalde (07.05.13) e a data da sesión plenaria (05.09.13) transcorreu un prazo aproximado de 4 meses, circunstancia, que fixo inviable que o edito correspondente se publicase no B.O.P. coa esixible antelación mínima de 60 días, toda vez que aínda é preciso o emprego doutros 10 a 15 días para a preparación do mesmo co obxecto de que sexa publicado no boletín sinalado; é dicir, entre a data do acordo plenario inicialmente acadado e a data inicialmente prevista para o apeo e o amolloamento, non dá tempo a que se realice o trámite de información pública (días 1 a 40) que esixe un anuncio oficial publicado cunha antelación mínima de 60 días, o que, á súa vez, esixe a revogación da data inicialmente establecida, aprazándoa o necesario para tal fin.

Vistos, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de Abril; art. 50.17 R.O.F.).

Vistos os arts. 62.1, 66 e 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común,

Visto, por último, o ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, adoptado en sesión do 26-11-2013.

### **ACORDAMOS:**

1º.- Revogar o apartado 3º do acordo acadado polo Concello-Pleno na súa sesión do 05.09.13 (punto 7º da Orde do Día), no relativo, exclusivamente, á data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio, quedando anulada a data inicialmente acordada do 07.11.13, aprazándoa ata o día 21.05.14, a partir das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal.

2º.- Dispor a conservación dos restantes actos e trámites ata agora substanciados, incluído o amentado acordo plenario, do que o seu contido se houbera mantido igual de non terse cometido a infracción/erro de previsión.

3º.- Notificar individual e nominalmente aos propietarios colindantes, para coñecemento e efectos:

- Dna. Julia Ana Iglesias Requeijo (Rúa Iryda, 16 – 3º, A Estrada)
- Dna. Ana Amil Junquera (A Costa, 3 – Guimarei, A Estrada)
- José Antonio Valle Tapia (Rúa Iryda, 16 – 3º, A Estrada)
- Albino Arcay Docampo (A Costa, 3 – Guimarei, A Estrada)
- D. Manuel Montero Nodar (endereço descoñecido -notificación edital-)

4º.- Dar traslado deste acordo ao Departamento do Rural e á Intervención de Fondos Municipais, para coñecemento efectos.

5º.- Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada (con enderezo na rúa Antón Losada Diéguez – A Estrada), para coñecemento e efectos, acompañándose de acreditación fidedigna da notificación practicada ás persoas interesadas.

**6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA ESTRADA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES, ASÍ COMO A XESTIÓN DE PUNTOS LIMPOS.**

**Sr. Alcalde:** O punto número 6 é a aprobación se procede do ditame da Comisión Informativa do Rural e Medio Ambiente relativo ao

convenio marco de colaboración entre Deputación de Pontevedra e o Concello da Estrada para a prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables así como a xestión de puntos limpos. ¿Algunha intervención? Ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Ben, dende logo xa resulta significativo que cando a proposta sae do grupo de goberno nin sequera veñamos a este Pleno i sexamos quen de defendela, pero claro non nos estraña que sexa así cando aprobar isto, é un dos maiores atentados que se vai a cometer contra o pobo da Estrada dende o que se recorda en etapa democrática no noso concello. Ningún dos alcaldes anteriores recordamos que fixera tal aberración, dicimos aberración porque é unha perda de xuízo, unha perda de xuízo ceder unha competencia municipal á Deputación de Pontevedra, unha competencia municipal que incluso roza a ilegalidade ou polo menos a inseguridade xurídica vistos os informes que o avalan. Porque dende logo, i o que sí é certo, é que o que non pode facer este concello é ceder a aprobación dunha ordenanza fiscal a outro ente distinto do seu Pleno, nin sequera se pode decretar por parte da Alcaldía tal cousa, senón que é competencia única i exclusivamente do Pleno municipal decretar, facer, perdón, realizar ordenanzas tributarias, i estamos neste convenio cedéndollo á Deputación de Pontevedra. Cedéndolle non soamente, como dicíamos, esa competencia que é indelegable, senón que estamos cedendo i dándolle gratis, gratuitamente o noso material, gratuitamente aquilo que costearon os veciños da Estrada i, algo moi importante, perdendo o control i a capacidade de controlar o que é a recollida do lixo, un tema importante i un tema que é competencia, como dicíamos, do Concello da Estrada. Ademais facémolo de xeito totalmente, como dicíamos, aberrante facémolo de xeito totalmente...pois dicimos cun despropósito, unha desfachatez absoluta que soamente pode responder a uns criterios que se escapan á razón. Porque aceptamos subscribirnos a un convenio marco que non recolle temas concretos, un convenio marco que é como unha carta en branco, dándolle competencias, dándolle poder á Deputación de Pontevedra i perdendo nós con respecto aos veciños. Non só alonxamos os servizos dos nosos veciños, non só poñemos máis pedras no camiño á hora da súa relación coa administración, senón que ademais estamos aceptando un convenio por 10 anos prorrogable en períodos de igual cantidade. Estamos aceptando un cálculo de gasto que non se basa en informes económico-financieros creíbles posto que, dende logo, non recolle, como dicíamos, outros gastos que continuará a ter que soportar o Concello da Estrada. Estamos, como dicía, aceptando unha carta en branco porque nin sequera no expediente, a pesares de que os informes que solucionan un tema tan importante en folla e media, media carilla de resolucións, os informes nin sequera recollen o que é o convenio regulador do mesmo, os informes, o expediente está incompleto porque non se di en ningún momento cales van a ser as sancións, cales van a ser as relacións dos veciños coa empresa nin cal vai a ser a capacidade que vai a ter o noso concello para poder defender aos nosos veciños a partir de que se entregue á Deputación de Pontevedra. Iso sí, i acláranolo perfectamente o propio convenio marco, o que non vamos a fastidiar, debe de pensar o señor Louzán i entendo que o grupo de goberno comparte, o que non imos a estropear son as eleccións municipais i por iso establecemos un período primeiro ata o 2016 i un período a partir de 2016 no que se di claramente que as tarifas van a subir, que deberán de igualarse. Aí está unha das cuestións importantes, os nosos veciños non saben que servizos van a ter, non saben que servizos se lle van a prestar, non saben canto van a ter que pagar polos mesmos, i parece ser que o noso Alcalde i o grupo de goberno, así como os técnicos que informaron esto ou simplemente cumpriron un expediente i fixeron un informe perceptivo pero non baseado en contidos senón no

procedemento, parece ser que eso non lles importa o que lles vai a afectar aos nosos veciños, porque, como dicíamos, vai a subir as taxas, non se sabe que vai a ter que asumir o concello ou que non, porque se di que ata 2016 terán que asumir i facer fronte ao gasto, pero non se sabe cal, porque, como dicíamos, o informe, os custes nos que se basa este expediente non están feitos de xeito realista, non se recolle o que o concello vai a ter que seguir pagando. É máis, ¿que vai a pasar cos convenios que xa ten en marcha ao respecto o Concello da Estrada? Non se di cales van a ser as consecuencias, non se di, como dicíamos, cales van a ser as implicacións que vai a ter este convenio, pero parece ser que eso non importa, parece ser, como dicía, que hoxe se ven aquí a ratificar un dos maiores atentados contra os veciños da Estrada dende a xestión municipal i o único que se di aquí é que, ademais haberá que, para optimizar o servizo (o que xa ten i xa roza a ridiculez), para optimizar o servizo i a xestión, a propia Deputación poderá cobrar dos nosos impostos do I.B.I. e do I.A.E despois de poñer o propio convenio que non se tocarán outros impostos.

Dende logo, as contradicións que existen no propio texto, a cesión que se fai, a ilegal cesión que se fai á Deputación en canto á posibilidade de establecer a ordenanza que non se diga cales van a ser os custes para os beneficios insisto, que non exista nin sequera un convenio regulador no propio expediente, todas esas cousas fan que, dende logo, o noso grupo, como xa ten feito público, non poida apoiar esta aberración porque non se concreta absolutamente nada, o único que se fai é dar unha carta en branco, petar na porta da Deputación i dicir "aí tes, imos a vaciar o Concello da Estrada de contidos, imos a entregavos todo, non nos imos a preocupar de cales son as consecuencias para os nosos veciños nin de presentar cales son realmente os gastos do mesmo".

Como dicíamos, isto é unha total e absoluta aberración i o noso grupo, dende logo, non pode estar de acordo, i pedimos hoxe aquí en sede plenaria, que o grupo de goberno o pense, recapacite, todavía estamos a tempo de non levar adiante este acordo, todavía estamos a tempo de non prexudicar aos veciños i de non establecer un novo atraco ás súas economías i, o máis importante, á prestación de servizos. Porque o que vai a facer a Deputación, i así o ten anunciado, así se detrae do borrador dos orzamentos da mesma na que xa se contempla 8.000.000 de euros para o ano 2014, con este convenio o que vai a facer é privatizar este servizo. Como dicíamos, eso é o único que persegue este convenio, privatizar, entregar un servizo público i de interés total para os veciños a unha empresa, i estamos vendo todos os días o que acontece noutros sitios onde está privatizado, ¿que vai a pasar co personal?, ¿Como vai a quedar?, ¿Que condicións vai a quedar con respecto a esa empresa? O Concello da Estrada ten unha peculiaridade moi importante, o persoal que está sumido a este servizo é persoal de garantía social, é persoal de convenio de colaboración co INEM, ¿que vai a pasar con eles?, ¿Me van a dicir vostedes?, ¿Se van a asignar a outros departamentos? Pero é que, dende logo, os perfís que se requiren para as distintas cousas son distintas i debemos tamén pensar nos nosos veciños, pero ¿que vai a pasar tamén co persoal que si é persoal municipal i está tamén adherido a este servizo? Iso non aparece tampouco por ningún lado i, como dicíamos, estamos a falar dun servizo de duración indefinida, un servizo, un convenio no que se entrega á Deputación i no que para poder desvincularse do mesmo hai que agardar ao final do período contractual do servizo provincial. Servizo que non sabemos cal vai a ser ese período contractual, non se estipula en ningún sitio estamos entregando a perpetuidade, a recollida i o servizo do lixo á Deputación de Pontevedra. Insisto, unha vez máis, agardamos, todavía estamos a tempo, que este grupo de goberno recapacite i pense o que está a facer, o que lle está a facer aos nosos veciños, ao futuro democrático do noso concello, ás vindeiras

corporacións municipais i como está a deixar a economía estradense ao ceder este ...este tributo i este servizo a recollida do lixo que, como dicíamos, se fai a través dunha carta en branco sin coñecer cales van a ser os detalles pormenorizados da mesma. Por iso dicimos aquí que se recapacite i que, dende logo, todavía estamos a tempo de non cometer este gran erro.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Señor Magariños ten vostede a palabra.

**Sr. Magariños do BNG.-** Si, boa noite. Lendo o convenio que se pretende firmar coa Deputación Provincial veume á cabeza un documental moi ilustrativo sobre o que é o negocio do lixo, sobre o que é o negocio do lixo, concretamente en Italia na illa de Sicilia, entón recoméndolle ao grupo de goberno que...que o mire porque pode dar pistas de hacia onde vai ir encamiñado o que é a recollida do lixo na Estrada.

Hoxe está claro que é o día en que o goberno municipal se empeñou en traer despropósitos a este...a este Pleno ¿non? E non hai máis que ler os informes técnicos, o informe de Intervención onde, por exemplo, xa fala dunha transferencia de funcións, onde fala dun híbrido entre dúas figuras xurídicas que é preciso aclarar ¿non? Xa empezamos por aí, onde non está nada claro a situación xurídica deste...deste convenio, pero bueno. Despois, i o que é máis grave, o que máis lle vai a afectar aos veciños i veciñas da Estrada é ¿onde está a mellora? Porque aquí se fala (na proposta que se fai por parte do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente) dunha mellora na prestación de servizo para o Concello da Estrada, que se acadaría con este convenio, derivado dunha mellora tanto en medios humanos como en materiais, neste convenio eu en ningún sitio... en ningún punto vin onde están as melloras en medios humanos e técnicos que vai a garantir que sexa un mellor servizo para...para os veciños e veciñas da Estrada que se garanten as condicións de igualdade e o acceso ao servizo, bueno eso temos que supoñer que si, que se garante un axuste de distribución de custe do servizo entre o conxunto da poboación usuaria, ¿onde está o estudo de custes onde demostre que isto é mellor?, ou, como fai o propio informe de Intervención no seu punto "b", perdón punto "d". onde a taxa municipal que haberá que adaptar será en función do estudo de custes facilitado pola propia Deputación. Isto é como si calquer comunidade de veciños decide contratar unha empresa de limpeza de edificios e di: "ti vai facendo e xa me pasarás a factura", sin saber o que lle vai a cobrar, porque, dende logo, é o que se vai a firmar neste momento. Un convenio de duración indefinida, bueno eso xa é o colmo dos despropósitos, bueno punto seguido tamén di que se poderá denunciar cunha antelación mínima de tres meses, unha duración indefinida... home... se nos garante que os que estamos aquí imos a ter unha vida indefinida pois home, pois ao mellor podíamolo aceptar, ao mellor podíamos ata chegar... a chegar... a aceptar o convenio este, bueno non só os que estamos aquí, os veciños e veciñas da Estrada claro, que puideran ter unha duración en tempo eterno para poder velo.

Xa digo, o único que garantiza esta...este convenio é que se lle vai a subir os impostos, a taxa neste caso perdón, aos veciños e veciñas, e o único que garante e a parte garantimos que a Deputación, neste caso a empresa a que se privatice o servizo, vai a cobrar, é o único que ten garantizado que o vai a cobrar. Eu creo que lle gustaría a calquer empresario e empresaria deste país que se lle garantice que vai a poder cubrir...cobrar polo servizo que presta, dende logo a esta empresa si se lle vai a garantir que vai a cobrar polos servizos, senón xa se encargará a Deputación, sacando dos impostos que dentro dun pouco lle vai, supoño que aprobará o goberno transferirlle, vai a ter a garantía, supoño que por iso se lle fai esa transferencia de centos de miles de euros. Porque

supoñemos que o servizo da recollida de lixo vai a ter tamén un coste importante para o concello, entonces así garantízase que o vai a cobrar ¿non?, que non vai a haber impagos.

Fálasenos de que a taxa vai a ter unha parte fixa ou variable, pero en ningún lado se ve como se vai a calcular esta parte variable, ¿que se vai a ter en conta para facela? Xa digo, é un despropósito que non hai por onde collelo, por iso repítolle, miren este documental (sinto non lembrarme do nome), porque vese por onde van ir os tiros, como puidemos ver fai uns días no conflito de Madrid, ou como puidemos ver tamén fai un mes e medio...dous meses.. como foi o conflito Donostia.

Privatizar os servizos de recollida de lixo ao final é crear conflitos porque como toda empresa loxicamente quere ter beneficios pero non quere ter beneficios só polo servizo que presta senón recortándolle dereitos aos traballadores e traballadoras da súa empresa, e co cal acabaremos máis tarde...máis cedo que tarde, tendo un serio conflito na recollida do lixo e acabaremos con todo o lixo polas rúas como puidemos ver no xa digo, repito, en Madrid non fai moitos días. Esperemos que recapacite e acaben non aprobando este auténtico despropósito.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Magariños, moitas gracias polas súas apartacións en positivo a este tema. Eu creo que queda claro que aquí existen diferentes criterios á hora de xestionar os recursos públicos, eso é evidente, non hai duda ningunha de que hai distintos...distintas formas, a súa xa a coñeceron os veciños, a do bipartito xa a coñeceron os veciños, xa saben perfectamente cal é a súa forma de xestión, a nosa é a de resolver problemas i moitas veces coincidirán comigo en que os problemas se dan resolto cas capacidades propias dunha Administración Local i, outras veces, se dan resolto de forma mellor cas economías de escala ¿non? Sabe vostede o que funcionan as economías de escala i sabe vostede que en determinados servizos pois funcionan de forma efectiva e, polo tanto, nós entendemos que hai que valorar distintas alternativas i, o que está claro, é que cando un ten un problema o peor que pode facer é non facer nada, eso é o peor. Entonces a Estrada ten un problema gravísimo de primeiro...de primeira orde ¿non? que é o problema da xestión de recollida de basuras, un problema de hixiene pública, un problema de.... creo que ademais... creo que por todos coñecido. Eu supoño que vostedes tamén cando estaban no...tiñan responsabilidades de goberno, lle chegaban que unha das maiores queixas dos nosos veciños era o estado no que estaba o parque de contenedores do noso concello, os problemas que había cos verquidos dos vehículos de recollida de basuras, a situación na que están os propios vehículos, que o máis novo pois anda en torno xa dos 16 anos, xa cerca da maioría de idade, cando non falamos do resto que están facendo servizo de recollida no rural, cando falamos dun coste de mantemento que supera...xa sei que a vostedes isto lle da igual pero a nós que xestionamos os recursos de forma ...intentamos facelo de forma eficaz, nos gastamos máis de 50.000 euros ao ano en reparación dos vehículos da recollida de basura e tamén o gastaban vostedes ¿eh?, non é que o gastemos nós agora, senón que leva sendo moitos anos así ¿non?, i é un tema repetitivo que, ademais de precarizar o servizo que se lle presta aos veciños de forma clara, condiciona de forma directa as capacidades que ten o concello.

Nós agora nos enfreamos cun problema, i este goberno quere mellorar de forma substancial a recollida de basuras no rural i no urbano e, para iso, ou facemos unha inversión que non podemos asumir para compra de novos elementos de transporte i novas...novos equipamentos da...do servizo de recollida de basura, i falamos de moito diñeiro, ou buscamos unha forma de xestión por cooperación con outros concellos e a través dun órgano como é a Deputación de Pontevedra.

Creo que agora mesmo bueno, pois deben de ser vostedes os únicos que se poñen en contra desos sistemas de cooperación ¿non? Incluso creo que estos días un Concello gobernado polo Partido Socialista lindante co Concello da Estrada estaba intentando conseguir o apoio do Partido Popular para aprobar a adhesión a este convenio de basuras, cousas sospeitosas, "cosas veredes querido Sancho" ¿non? Este caso, igual que outros...igual que outros está intentando conseguir o apoio do PP, supoño que ao final o conseguirá, ese é o problema que ten gobernando...governar en...en minoría. Polo tanto...señora Louzao, non se poña nerviosa home, xa estivo vostede bastante faltona na súa intervención, eu, si quere, lle relato o maior atentado na historia do pobo, a perda de xuízo, ilegalidades, desfachatez, ridiculez, bueno, todos os seus calificativos que xa estamos moi acostumados a escoitalos i que, dende logo, caracterizan xa a vostede na súa actitude tan agresiva que ten, sobre todo cando as cousas non lle van por onde un quere ¿non? I, neste caso, ten que entender vostede que esto é unha competencia plenaria, aquí estamos para debater, i aquí estamos para comprobar a diferenza de xestión. Si vostedes queren seguir vendo basura polas rúas é un problema seu, nós queremos resolver ese problema. A nós os veciños se nos queixan a diario dese problema, se nos queixan tamén do mal estado dos contenedores i dos problemas de olores que xeran no...durante a época do verán, se queixan do mal mantemento que temos, das infraestruturas i, polo tanto, queremos mellorar, i creo que a Deputación de Pontevedra, i esto xa ven anunciado de fai moito tempo, nos prestou o seu apoio nun tema moi importante. Nós olvidámonos rapidamente das cousas que se fan ben ¿non? O tema de recollida de cans, por exemplo, foi unha das iniciativas que capitaneou este goberno ante a Deputación para que se puxera en marcha a xestión dunha canceira provincial, i que nos adheríramos aos concellos da provincia de Pontevedra, i hoxe en día un problema que era moi grave conseguimos darlle unha solución óptima i os veciños creo que ven solucionado o problema; i co tema da recollida de basuras, creo que este é o sistema máis adecuado para, dunha forma eficaz, poder prestar un servizo á altura do que os veciños merecen ¿non? I creo que, ademais, supoño que coincidiremos todos en que o servizo de recollida de basuras da Estrada é un dos peores servizos da provincia de Pontevedra, creo que todos coincidiremos i sabemos como funcionan en outros concellos, i vemos o parque de contenedores que ten i o mantemento que fan dese parque de contenedores i vemos os vehículos cos que fan o servizo de limpeza. Todos andamos por aí i vemos o estado das súas...dos seus elementos de transporte i creo que todos coincidimos en que o da Estrada deixa moito que desexar ¿non? I creo que un servizo básico fundamental que debemos de prestar aos nosos veciños, vostedes en 4 anos tiveron a posibilidade de facer algo e non fixeron nada, nada, deixar todo como está, deixar que os camións cada vez sexan máis vellos, tiveron 15.000.000 de euros para arranxar fontes e lavadoiros en vez de cambiar os elementos de transporte do servizo de recollida de basuras que houbera feito, seguramente, bastante máis servizo de que o fixeron algunha das infraestruturas que están enterradas. Por exemplo, na parroquia de Matalobos ou en Couso máis de 300.000 euros enterrados en tubos que non funcionan i que non van a funcionar. En vez de facer eso si houberan vostedes planificado de cara ao futuro seguramente hoxe, seguramente hoxe teríamos unhas...uns servizos ao mellor máis adecuados, pero estamos nunha época na que temos que optimizar os recursos i na que temos que buscar a maior rentabilidade, i o mellor servizo, i creo que neste caso pois temos a sorte de ter unha...un organismo como é a Deputación de Pontevedra, que é sensible ás necesidades dos concellos i que nos permite coordinar este tipo de infraestruturas que xa lle digo, ou de servizos que xa lle digo que seguramente non sexa o último ¿non? Sabe vostede que a reforma local dos concellos van moito por aquí.



As deputacións van a ser as que asuman, sempre e cando os concellos non poidan garantir o coste real efectivo dos servizos que prestan, pois serán as Deputacións as encargadas de xestionar esos servizos ¿non? I os tiros, i, dende logo, podemos ir en contra deles, pero a Unión Europea aconsella este tipo de fórmulas i nós entendemos que é a forma onde, pois, debemos de estar i debemos de estar á cabeza intentando...intentando, pois, poñer en marcha o que ao final vostedes queren esconder ¿non? Vostedes falan de moitas cousas pero é curioso ¿non?, falan da...da...vanse polas ramas pero non falan do realmente importante, vostedes non falan do servizo, vostedes non falan da precariedade ca que estamos prestando, vostedes non falan do lamentable que hoxe en día é que un concello de 20.000 habitantes estea prestando un servizo patético á súa cidadanía, i como nós queremos cambiar esa idea i queremos tomar decisións nesa dirección i non ir na dirección que foron vostedes de pasotismo total i absoluto, igual que neste igual que no tema que imos a falar despois, no tema da recadación i da xestión, vostedes pasotismo total, porque daquela os cartos caían do ceo e daba igual, daba igual facer as cousas ou non facelas o importante era gastar. I é certo que nós, no tema de gastar, non imos a competir con vostedes porque vostedes son moitísimo mellores que nós no gasto...no gasto estou convencido que si, agora na xestión ...na xestión i na planificación pois, ao mellor, as cousas cambian ¿non? I, por eso, nós entendemos que...que este é un camiño que nos leva á mellora fundamental na prestación deste servizo público, que nos leva...nos leva á optimización real dos recursos i, dende logo, en ningún caso nos leva a unha subida das taxas.

Vostedes, bueno, é que tamén a veces son excesivamente tendenciosos ¿non?, i queren falar do que realmente lle interesa. Eu lle vou a dar lectura de forma expresa do réxime transitorio i fagan vostedes caso do que digo eu, ou non, do que escoiten ¿non? Porque tamén é posible ¿non? Creo que dunha lectura onde pon que establécese un período transitorio ata o ano 2016 no que os Concellos manterán as súas Ordenanzas Fiscais de xeito que os custos directos e indirectos do servizo serán financiados polos Concellos, así mesmo, durante ese período de tempo, os Concellos adheridos a este convenio deberán acomodar as súas respectivas Ordenanzas Fiscais para procurar que as taxas experimenten as variacións necesarias para que, no horizonte do 16, o seu importe cubra o custo do servizo ou se acerque a dito obxectivo. Deberán, é un consello, valoran evidentemente saben vostedes... saben vostedes que, por exemplo, o concello da provincia de Pontevedra que máis alta ten a taxa de recollida de basuras é o Concello de Poio, gobernado polo BNG, i van a pagar 130 euros ao ano pola recollida de basura por exemplo, os progresistas do BNG teñen o importe máis alto da taxa de recollida de basuras por exemplo. Por exemplo, hai concellos onde teñen unha taxa de 16 euros ao ano de recollida de basuras i o que pretende, con moi bo criterio a Deputación, é que non parece de recibo que uns veciños aos que distan 300 metros á súa casa, uns paguen 50 euros e outros paguen 20 ¿non? O que pretende é buscar a sensibilidade para homoxeneizar un servizo que ten un coste moi similar en todos os lados, i esa é a idea de fondo que é un consello ou é unha aportación que fai este convenio, e unha reflexión que a min me parece moi acertada. De feito xa lles digo que ningunha estimación...ningunha estimación do coste de recollida en urbano, ningunha chega de coste directo neste servizo, chega ao que se está pagando actualmente polo coste de recollida de basuras no Concello da Estrada, aos 86 euros ano, ningún.

Polo tanto, calquer escenario en calquer concello que se adherira a este convenio hai costes máis grandes i costes máis medianos, eu dígolle que o da Estrada digamos que está nunha liña intermedia. Eu, evidentemente, como comprenderán vostedes temos traballado i eu estiven traballando desde o primeiro día neste convenio, nós temos o estudo económico, o estudo de costes deste

servicio, está aquí neste documento i en ningún caso...i en ningún caso, xa lles digo, en todo caso si adecuamos as nosas Ordenanzas ás previsións que ten o estudo de costes da Deputación teríamos que baixar o recibo da basura no...no...no casco urbano. Eso, con eso creo que queda bastante claro a súa manioobra para intentar, bueno, pois enganar un pouco i crear esa cortina de fume ¿non? Eso xa llo digo eu, o que sí hai é un movemento encabezado por este Alcalde, por este goberno, para intentar sensibilizar a determinados concellos de que non pode ser o mesmo coste a recollida no urbano que a recollida no rural i aí, evidentemente, pois seguramente poidamos estar de acordo todos os que estamos aquí, de que aqueles que interpretan que o recibo do lixo debe de ser o mesmo importe no rural e urbano, evidentemente van a atopar ca discrepancia deste goberno. I polo tanto, nós adaptaremos i asumiremos as taxas de forma razoable e reiterada, de feito só lle teño que decir que somos dos únicos poucos concellos de Galicia que non subeu o IPC na recollida de basuras, por exemplo, ou debemos ser un dos poucos concellos de Galicia que, seguramente non haxa ningún goberno de Galicia do BNG nin do PSOE que non aproveitara o de SOGAMA para subirlle i empaguetarlle a subida aos veciños.

I este goberno, evidentemente, tomou a decisión de non facelo, de feito, ademais, a entrada neste convenio nos vai permitir non ter que asumir ese incremento que é outra cousa da que vostede non din tampouco i polo tanto ao final pois como se adoita dicir as cousas vense en función de quen mire...do cristal onde se mire i eu creo sinceramente que nestos momentos xestionar como foi na súa época non é gastar. Xestionar é optimizar, xestionar é unirse i seguramente poidamos ter a sorte que no norte da provincia de Pontevedra poidamos facer un grupo de concellos, estamos entre 8 i 10 concellos, que poidamos facer unha unidade de xestión bastante interesante con cabeceira na Estrada para poder prestar este servizo de recollida de basuras supramunicipal nunha unidade de xestión que, xa lle digo, pode estar entre...pois formada entre 8 i 10 concellos para un poboación en torno aos 50.000 habitantes. I esa xestión non fai falta decirlle que, bueno, a Estrada terá un papel importante en todo este proceso i poderemos, dende logo, prestar un servizo de moitísima máis calidade i un servizo, dende logo, moito máis adecuado, moito máis acaído ao imposto, á cantidade, á taxa que pagan os nosos veciños porque tamén hai que dicilo, que non é unha taxa menor.

Somos un concello que xa ten un importe de 86 euros por domicilio i é unha cantidade que si ben non cubre o coste do servizo porque ese é outro debate que si queren o temos outro día sobre o coste real efectivo da prestación do servizo saben que non cubría xa, xa era un servizo deficitario i ca subida de SOGAMA o vai a ser todavía máis ao non repercutirllo no recibo correspondente. I polo tanto bueno pois imos a ter que buscar a forma de xestionalo dunha forma eficaz i posiblemente con este...con esta iniciativa sexamos quen...sexamos quen de rebaixar o coste real...o coste real que teña para o concello...para o concello da Estrada. Así que creo que é unha decisión que vai a ser en beneficio dos propios veciños i en todo caso creo que desmontados están os augurios máis pesimistas ou interesados que poidan ter os grupos da oposición neste tema ¿non? I de feito xa digo, eu procuro que me critiquen ou prefiro que me critiquen por tomar decisións i por xestionar que por pasar de perfil i non asumir as responsabilidades que nos tocan, i por desgracia este concello xa viveu unha etapa a ese nivel e imos a intentar darlle un cambio no que respecta ás decisións que hai que tomar para solucionar de forma definitiva os problemas estruturais que ven mantendo este concello dende fai moitos anos i non nos queda só isto ¿eh? Nos queda tamén a xestión da auga i nos queda a xestión doutros servizos que se presta dunha forma...dunha forma deficitaria e que temos que intentar melloralo porque é unha obriga que nos toca a todos i debemos de darlle a mellor...a mellor xestión aos nosos

veciños en todos esos servizos ¿non? Por iso dicirlles que creo que esta é unha boa oportunidade isto é un convenio, ao fin e ao cabo é un convenio que como me apuntaba o señor Magariños xa fixo a pregunta máis a resposta, neso é unha persoa hábil, pois xa dixo que firmamos por 10 anos pero podía rescindirse cando quixéramos entonces como xa se ...xa se pregunta e xa se responde el mesmo pois xa lle digo que é un convenio que temos a capacidade para poder manexalo como nos interese porque as competencias son municipais, i polo tanto en todo caso será o concello o que tome a decisión i o que teña a capacidade para poder tomar esa decisión cando estime oportuno. Eu creo que nese caso son todo...son todo ventaxas i creo ademais que bueno, pois os beneficios que se van a aportar aos nosos veciños van a ser moitos, o coste non vai a ser ningún porque non vai a ter repercusión no recibo a non ser que bueno pois outros gobernos futuros queiran tomar a decisión de subir as taxas do lixo que é unha posibilidade que teñen...que teñen outros...outros gobernos que poden facelo. En todo caso este goberno non, como xa non o fixo ata o de agora i a ese nivel pois eu creo que debemos de seguir avanzando na búsqueda dunha xestión que sea óptima para un servizo que aproximadamente lle está costando, cifras redondas, lle está costando aos nosos veciños ou están aportando os nosos veciños uns 700.000 euros ao ano ¿non? Esos 700.000 euros pois desos 700.000 quedan...do que fan as aportacións digo había taxas dos..dos nosos veciños pois non cubren aproximadamente os 900.000 euros según informes da propia Tesourería, os 900.000 euros aproximadamente que pode ter de coste o servizo tendo en conta ademais...tendo en conta ademais o tema do incremento de SOGAMA que vai a ser un...un golpe importante a este...a este servizo de recollida de basuras i vai a superar, vai a poñer enriba dos 80 euros a tonelada a propia xestión destes residuos. Dicir para finalizar que como dato o saben vostedes que aproximadamente a SOGAMA se lle están pagando algo máis de 400.000 euros ao ano i a subida vai a ser en torno aos 130.000 euros, imos a pasar a pagarlle 530.000 i bueno unha das medidas que toma a Deputación de Pontevedra de cara a posta en marcha dese servizo é que esos 130.000 a maiores que tería que asumir o Concello da Estrada os asumirá...os asumirá a Deputación de Pontevedra de fondos propios i non nos repercutirá no coste directo que teña o propio servizo dos concellos que nos adheriramos a este convenio ¿non? Creo que son decisións intelixentes neste momento difícil e que ademais pois van a permitir que prestemos un mellor servizo a un menor coste i eso ao final é o que nos debe de mover.

¿Non sei se hai algunha intervención? Ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, imos a ver por onde comezar despois de todas as cousas que vostede dixo i que dende logo non se reflexan no que é o expediente i no que é o propio convenio marco que se nos da i que se vai a aprobar hoxe aquí. Entre outras cousas se di: "suporá na maioría dos casos un aumento do importe das taxas que actualmente cobran os concellos" se di, se di, se di "terá duración indefinida", i vostede di que poderemos resolvelo como queiramos. Pero como eso moitas outras cousas que vostede dixo, informes de custos i demais que dende logo non están, non se recollen no convenio marco porque vostedes así o quixeron, non se recollen i non hai datos sobre como se vai a regular. I vostede fala de resolver problemas, pero é que vostede non resolve problemas, vostede baleira o concello de competencias, o que fai é regalarlle os orzamentos dos estradenses a unha terceira entidade, i eso non é resolver problemas, eso non é xestionar, eso non é dende logo para o que o elixiron os veciños e as veciñas da Estrada. I como ben dicía vostede non será, dixo vostede, este goberno...non será este goberno porque o propio convenio fala de 2016, ata entonces é o concello o que vai a pagar dos seus orzamentos sacando doutras partidas para cubrir uns custes que unilateralmente a Deputación establecerá.

Porque os concellos neste convenio marco, insisto señor Alcalde, é o que se recolle i é o convenio marco que vostede propón aquí pero claro ¿cal é a situación? Que o único que se busca agora mesmo con esta proposta é, dende logo, non sabemos si pagar o que foi o favor de que lle fixeran o campo de fútbol ou ¿que? Porque dende logo si eso é así, devolva vostede os trozos de moqueta, trozo por trozo, porque non é de recibo o que está a aceptar neste convenio. I fala vostede de economía de escala, o único de escala que hai aquí é, dende logo, os beneficios que vai a pasar a ter a empresa que colla a concesión desta privatización, porque vostede nin acepta este convenio pensando nos veciños, nin dende logo así o fai, porque a parte de supoñer o alonxamento dos mesmos, supoñer a privatización do servizo, dende logo, o que vai a supoñer é unha dependencia dunha empresa que nós non imos a poder controlar como o goberno non...imos a perder todo o control sobre a prestación deste servizo, sobre a prestación axeitada da mesma.

Dende logo imos a perder, a deixar de ser os garantes dos dereitos dos traballadores na mesma, imos a sufrir consecuencias que dende logo descoñecemos, porque os custes do que vai a costar para o concello, os custes do que vai a costar para os veciños, señor Alcalde, non se recollen neste convenio é unha carta en branco. Vostede está aceptando cousas que dende logo van a hipotecar ao concello da Estrada nos vindeiros anos, nas vindeiras lexislaturas, para o futuro dos nosos veciños e veciñas, i, o que é máis grave, vostede está aceptando coa complicidade da Deputación de Pontevedra. I referíase vostede a outros concellos, noutros concellos existen informes que dubidan da legalidade de que ceder a competencia, de que faga unha ordenanza a Deputación i se nos impoñan dende logo taxas, sancións i demais a través da ordenanza da Deputación, eso é ilegal i vostede o sabe, i pode recostarse todo o que queira, pode regodearse todo o que considere, ou pode, unha vez máis, baixar a rodilla diante dos seus xefes do Partido Popular en lugar de defender aos veciños da Estrada porque, dende logo, a iso temos acostumado nos últimos tempos, a que a Estrada para vostede non é o importante. A Estrada, dicía vostede, ten un problema, dende logo que si, i os estradenses saben cal é o problema da Estrada, i vostede falaba de queixas dos veciños, i son moitas de que lle subiron os impostos, de que non se está a coidar o rural, de que as pistas están peor que nunca, de que non se está a cumprir aquilo para o que foi escollido, o grupo de goberno tamén escoitará esas queixas seguramente, pero como a vostede non lle importa. Dende logo, seguimos dicindo que aínda estamos a tempo, o problema non se resolve sacando as competencias da casa, o problema non se resolve entregando o servizo á Deputación de Pontevedra i, polo tanto, tamén a xestión económica do mesmo cara unha privatización, porque eso, como xa dixen antes, vemos o que está a acontecer cas privatizacións noutros sitios i, dende logo, o que non queremos é que os nosos veciños vaian a ter repercusións como di o propio convenio a partir do 2016 sin que sexan conscientes das mesmas i vostede está aceptando eso, dende logo este grupo non o vai a aceptar.

**Sr. Alcalde.-** Sí, ten a palabra...non, prefiro contestarlle aos dous. Ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Definía moi ben o que é este convenio i o que se espera del cando vostede...vostede dicía "creo que vai mellorar", efectivamente, cre, pero non está seguro de que este convenio vaia mellorar o servizo de recollida de lixo ¿non? Un convenio que inutiliza calquera outra posibilidade de estudar outras alternativas por parte deste concello, dado que xa di dende un principio que subscribirá os oportunos contratos de servizos coa empresa pública SOGAMA, co cal xa imposibilita que o Concello da Estrada estude outra posible alternativa ao lixo.

Por certo, unha moción que presenteí xa...xa perdín a memoria de cando, aínda segue sen tratala na respectiva Comisión. Unha ordenanza que non sei onde está o control do concello e da...do que é a recollida do lixo porque como di: "a delegación de competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e similares e xestión dos puntos limpos comprenderá o exercicio dos seguintes aspectos: a ordenación do servizo incluíndo o establecemento e modificacións das súas condicións de prestación e elaboración e aprobación da correspondente ordenanza reguladora, a elección da forma de xestión do servizo de entre as previstas na lexislación de réxime local, a planificación dos servizos establecendo para tal efecto as rutas e calendarios de recollida", establece as rutas e calendarios de recollida un organismo alleo ao concello. Según parece esta mancomunidade de concellos, a empresa que o leve terá a súa sede na Estrada, polo que me pareceu entender será o único que nos pode garantir que coñece a realidade da Estrada, coñece a realidade do rural e vai a coñecer a realidade do calendario que se precisa na...na recollida ¿non?, a localización de colectores e as condicións para a súa prestación, etc, etc, etc. Dende logo o papel do concello queda completamente anulado no que é un servizo tan importante como é a recollida do lixo, dende logo o concello non pinta nada, bueno sí, figura nunha comisión de...de...de seguimento que, bueno, é unha...as competencias que ten para controlar este tipo de ordenación pois non figuran en ningún lado. Segue sen estar claro, xa lle fixo antes a pregunta a portavoz do Grupo Socialista ¿que vai a pasar coas empresas que actualmente prestan, realizan servizos de...de reciclaxe, de recollida de papeis, de recollida de plástico? non lle contestou, seguimos sen saber que vai a pasar con estas...con estas empresas. I eu o que lle dixen, non dixen que puideramos anulalo cando quixéramos, di que ten duración indefinida e di: "causas de resolución do convenio por denuncia de calquera das partes formulada cunha antelación mínima de tres meses ao remate do período contractual da prestación do servizo provincial", si é de duración indefinida ¿cando remata? Xa dixen, si se nos garantiza a todos os aquí presentes, por extensión a veciños e veciñas da Estrada, que pode tamén ter unha duración indefinida para cando queiran revogar o servizo, si pero senón. Dende logo é un auténtico despropósito que o único que garantiza é que se lle van a subir as taxas aos veciños e veciñas e que a empresa que se encargue de facer este servizo vai a cobrar, para iso xa a Deputación se vai a encargarse de recaudar todos os impostos e, senón chegaba co que estaba facendo co I.B.I., xa nos encargamos de cederlle o resto dos impostos para poder desos trescentos e pico mil euros que vai a levar a Deputación só por facelo e a parte dos outros que vai a recaudar, poder cobrar esta empresa.

**(aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois nada creo que a situación é clara, podemos dicir alto e claro que o PSOE e o BNG cando cheguen a gobernar vanlle subir a basura aos veciños. Eso é o...eso é o resumo...o resumo da intervención da portavoz socialista e do portavoz do BNG, que lle quede claro aos veciños que cando vostedes cheguen ao goberno lle van a subir a basura aos veciños porque o Partido Popular non, eso teno...eso teño claro, mire...

**(ruido)**

**Sr. Alcalde.-** Hai un problema, hai un problema...i unhas veces cando...cando un se obceca ou se cega cun debate, a veces non evoluciona co debate ¿non? I eso a veces pasa, pásame a min, teño que recoñecer que a min me pasa tamén ¿non? I hai veces bueno, hai veces que...hai veces que...que un se quenta tanto i se mete tanto

no papel da crítica abusiva i destrutiva ao enemigo político, porque esto non é debate, esto xa é casi enemigo político ¿non?, que se obceca tanto que non ve como vai evolucionando a cuestión i os matices, os cambios de matices ou a evolución da cuestión ¿non? Ou tamén pode haber outro problema que se pode unir a este, que alguén veña aos debates i tire de argumentario, ese é outro problema que a veces pasa i normalmente un adoita quedar bastante mal ¿non? Cando lle adoitan pasar os argumentarios políticos, do que se acostuma a facer moito uso a portavoz socialista, do seu partido esos, internos que lle mandan por correo electrónico nas súas executivas tende a cometer moitos erros i claro perde a perspectiva de evolución, porque este argumentario que acaba de facer o tema das basuras é un argumentario xenérico do Partido Socialista que están facendo en tódolos concellos, pero claro obviose da evolución do propio convenio, i o convenio da Estrada, o que imos a aprobar en Pleno, non é o convenio do argumentario socialista. O convenio da Estrada é un convenio onde se traballou ca Deputación de Pontevedra para garantir entre outras cousas algo tan sinxelo, e vostedes que son concelleiros deberían de sabelo porque está recollido no ROF i noutros reglamentos i noutras leis ,que en ningún caso, i o digo así de forma clara i contundente para que a todos nos quede claro, en ningún caso se pode delegar a competencia fiscal, en ningún caso, é ilegal. Pero como vostedes tiran de argumentario e falan por oídas i de campanas, pois crense o que lle contan os seus partidos e veñen aquí como papagallos a repetir o que lles din nas súas executivas i ao final cometen erros de bulto. É indelegable a competencia fiscal na Deputación señores...señores é ilegal, a competencia fiscal non se pode delegar, é unha competencia exclusiva do Pleno, si vostedes queren subir a taxa da basura díganlo alto i claro xa o acaban de dicir, este Pleno i este goberno non o vai a subir, mentras que governe non a vai a subir i, a parte, ten a competencia para non facelo. Polo tanto home non queiran mandar de momento tanto dende a oposición, de momento quen goberna está asumindo unha responsabilidade i estuden un pouco o tema, non se crean todo o que lle contan os seus partidos porque a veces obcécanse i céganse con esa historia de criticar ao PP. Todos contra o PP e un xa vai a encabezar catro partidos contra o PP, e o outro xa quere quitalo do goberno, outro quere facer tal, non home non esto é máis sinxelo que todo iso hai que saber as cousas, hai que saber analizalas, i hai que saber ter un pouco de capacidade para interpretarlas. I llo digo i non sigan por ese camiño, as competencias fiscais non son delegables é ilegal esa delegación ¿vale? O convenio da Estrada non recolle esa cuestión. Outra cousa é que circulara por aí un convenio ao principio onde falaba de delegar a prestación do servizo i delegar as competencias, vostedes quedáronse no primeiro capítulo e como se obsesionaron con ese tema pois dalle, erre que erre con que hai que tomar esa decisión. Non señores, nós imos a delegar a prestación do servizo i as competencias absolutas na fixación das taxas, as competencias absolutas na parte fiscal das ordenanzas segue sendo desta corporación municipal para sempre porque é por lei i non se pode delegar ¿vale? Entonces creo que queda claro ese aspecto i xa non discutimos máis, pasamos á seguinte cuestión si lles parece que é a mellora...é a mellora

**(interrumpe) Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-**...unha cuestión de orde.

**Sr. Alcalde.-** Non, non, non, estou acabando...acabarei a miña intervención i despois si quere vostede en cuestión de orde ten vostede a palabra. Falaba a voceira do Partido Socialista é que claro, é que agora ímoslle pasar á Deputación...vai a costar máis, porque como xa calculou ela o que que vai a costar pois xa di que vai a costar máis e punto e non hai discusión posible. Vai a costar máis entón vannos quitar os cartos dos petos dos impostos ¿pero quen

está pagando o déficit da tarifa da recollida de basuras actualmente? ¿Quen o está pagando? ¿a divina...a santísima trinidad? ¿Quen está pagando o déficit do servizo que acabo de dicir que é deficitario en 200.000 euros? ¿Quen os paga? ¿Quen os paga? Bueno, pois o van a seguir pagando os veciños exactamente igual, exactamente o mesmo, non, menos porque vai a costar menos o servizo. Entónces imos a ver, é que estamos falando de cousas que xa non teñen sentido xa, porque xa ...xa rozan...xa rozan o absurdo si agora é deficitario i nos costa 800.000 euros i ca Deputación posiblemente vai a costar menos ¿quen vai a pagar o deficit? Os mesmos que o están pagando ata agora, os impostos municipais, a recadación do concello vai a pagar o capítulo II de gasto corrente o mesmo que estamos facendo agora mesmo. ¿Quen está pagando o deficit da tarifa? O concello. ¿Quen o vai a seguir pagando? O concello. ¿Actualizamos as taxas para que non haxa deficit? Pagarano vía taxa, será unha taxa que equilibre o prezo coste prestación de servizo. ¿Non subimos as taxas? Seguirá pagando o concello. ¿Vai a costar máis o servizo co que costa agora? Non. Bueno, pois...pois non se quere entender, evidentemente non se vai a a entender ¿que privatizar ou que prestar unha xestión indirecta deste servizo é mala? Pois debemos de ir na autoestrada veñen todos de fronte, veñen todos de fronte, hai moito oco nesta autopista porque todos os concellos de España independentemente das súas cores políticas o xestionan de forma indirecta, concellos de certa entidade. Somos o único concello de máis de 20.000 habitantes que o xestionamos de forma directa, dunha forma deficiente pero directa polo tanto é unha forma de optimizar a prestación do servizo público nós entendemos que é unha boa forma de poder facelo. ¿Que non vai a mellorar o servizo? Para peor non pode ir é imposible, prestamos un servizo lamentable, patético pero se leva prestando moitos anos i nadie quixo mover ficha nese tema. Un servizo mellorable ao 100 por cen a todas luces, busquémoslle solución. Nós plantexamos unha alternativa, cremos que é a alternativa correcta cremos que ese é o camiño i o camiño que non seguimos nós que seguiron moitísimos...moitísimos concellos ou practicamente a maioría dos concellos porque é unha fórmula óptima de prestar un servizo de calidade. I a partir de aí pois señores eu non vou a ser o que questione aquí como os partidos, un obreiro e outro nacionalista, que cuestionou o dereito de folga dos traballadores o que parece que cuestionou xa en dereito de folga pois evidentemente mira que vou a ser eu, o representante do Partido Popular, que vai a defender isto pero contra o BNG e o Partido Socialista dicimos que defendemos o dereito de folga i que evidentemente si hai un colectivo que se sinte agraviado nos seus dereitos laborais pois ten un dereito perfectamente a facer unha folga mantendo os servizos mínimos i é un dereito que temos todos os cidadáns. I polo tanto non será...non será...vai ser o Partido Popular unha vez máis o que defenda os dereitos dos traballadores contra un partido obreiro e un partido nacionalista pero é así, esa é a...esa é a realidade i dende logo eu o que lles teño que dicir é que creo firmemente, de verdade que creo firmemente en que esta decisión se tiña que ter tomada ou ben...ou ben ter potenciado de forma clara o servizo e a prestación ...a prestación do servizo de forma pública cando había cartos. Vostedes tiveron moito diñeiro, moito diñeiro tiveron que lles caeu de arriba e pensaban que esto non se acababa pero sí, acabou e nós non é que non teñamos diñeiro é que aínda estamos pagando os pufos. Este mes aínda nos chegou a factura do que cobraron de máis no ano 2008 de participacións de tributos do Estado, 1.000.000 de euros que estamos pagando que temos ás costas na mochila, 1.000.000 de euros seus a parte de todas as facturas que tivemos que pagar e home que me falen a min de xestión a min fálenme doutras cousas pero de xestión cando tivemos que levantarlle todo o que houbo que levantar neste concello para poder falar de que hoxe a Estrada é un concello que paga ao día i que ten as súas facturas en 30 días pagadas aos seus provedores i

temos un listado de morosidade a máis de 30 días que roza o ...basicamente pois os 30.000 euros anuais por cuestión de días en prazos de pago de facturas menores, Pois bueno que me digan esto a min vostedes a verdade é que me supón certa hilaridade. Pero bueno é o que hai i vostedes están no seu perfecto dereito de seguir facendo a oposición destrutiva que fan sin ánimo positivo. Eu estou esperando que o Partido Socialista e o BNG fagan unha proposta, sería a primeira proposta en positivo que fan en dous anos e medio, a primeira, oe pois bendito sea o tema da basura no bueno aquí parece que eso a demoler, demoliciones bipartito chamámoslle aquí, a demoler i aquí aportar en positivo i intentar buscar solucións nada, o servizo que siga sendo peor e canto peor mellor para vostedes pois no. Nós imos a resolver igual que resolvimos noutras cuestións como foi pois o Plan Xeral ou outros proxectos que saíron adiante pola iniciativa, capacidade e as ganas de traballar deste goberno que pode cometer erros, que estou convencido que pode cometer erros pero que o fai ca conciencia i ca convicción de que hai que resolver anos de atraso en determinadas decisións fundamentais da xestión pública do noso concello i unha delas evidentemente é a recollida de basuras. Ten a palabra señora Louzao por alusións.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, pois por alusións se vostede quere. Foron moitas as cousas que vostede dixo que mire xa nin sequera...non imos a facer caso porque é o seu...o seu estilo de sempre ¿non? Desacreditar i demais pero simplemente quería...gustaríanos confirmar si o convenio que obra no expediente é o convenio que imos a firmar aquí, i si é o convenio definitivo do que vostede está a falar. Ben, sendo o convenio definitivo o mesmo que tratamos confírmeme por favor que non me mandaron un equivocado onde pon: "a delegación de competencias ás que se refire o párrafo segundo onde se detallan de carácter indefinido terá plenos efectos dende o inicio da prestación efectiva do servizo por parte da Deputación delegación de competencias indefinido para o exercicio das competencias delegadas e de acordo coa lexislación vixente a Deputación poderá aprobar a correspondente ordenanza pola prestación de servizo" elaboración de ordenanza ben entón non temos o convenio equivocado temos o convenio que estamos a debatir, temos o convenio no que se din todas esas cousas que a Deputación vai a aprobar unha ordenanza que nos vai a afectar a todos na que se vai a recoller non sabemos o que. Moi ben, perfecto, temos un convenio de carácter indefinido polo tanto non se pode, como vostede dixo, dispoñer del e temos un convenio no que, dende logo, se fala duns custes que a Deputación vai a impoñer, que o concello vai a asumir i que, dende logo, descoñecemos cal é, porque dende logo si xa é deficitario i despois según vostede vai a ser máis eficiente na prestación de servizos ¿canto vai a ser ese déficit que imos a ter que asumir os estradenses?, ¿onde están esos datos señor Alcalde? Vostede intenta argumentar que isto é a panacea para os veciños i esto soamente é unha cesión de servizo de competencias i unha perda de control total i absoluto, pero vostede insiste en facer caso do despropósito, facer caso dos intereses do Partido Popular, ignorando aos veciños da Estrada. I como, dende logo, vostede gusta moito de facer calificativos e afirmacións ao respecto do resto dos grupos, eu decírlle que me reafirmo, isto é unha completa e total aberración, unha perda de xuízo por parte do goberno municipal.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois ala!, por alusións xa tivo vostede perfectamente o seu tempo para dicir o mesmo que veu dicindo, non sei realmente que aportou de novo. Falamos de... creo que esto... vostede gaña moito en directo, perde moito cando tira de argumentario, dígollo de verdade, no debate político gaña moito cando é máis natural. Non veña tan... ven demasiado enlatada, demasiado... demasiado contaminada polos aires das executivas socialistas i veña con algo máis de amplitude de miras. Estamos



falando de evidentemente señora Louzao, evidentemente estamos firmando un convenio...evidentemente estamos firmando un convenio para delegar...para delegar un servizo, despois disto...despois disto evidentemente hai unha ordenanza que vai a regular a prestación do servizo evidentemente, i hai un estudo de costes, i hai unha serie de información que nos van ir achegando á hora de adherirnos de forma definitiva ao servizo a través desa ordenanza. Este é o primeiro paso que como sabe vostede igual que cando firmamos un convenio pois para facer unha infraestrutura i ao final a infraestrutura non se fai porque non hai fondos, o convenio queda sin efecto i non pasa nada, xa nos ten pasado en máis dunha ocasión a este concello ou calquera outro ¿non?

Polo tanto, este é un convenio que non deixa máis de ser un compromiso por parte desta corporación de que estamos interesados en participar nese...nese...nese proxecto, nesta iniciativa ¿non? A partir de aí se desarrolla a ordenanza, se explicará como se presta o servizo, que condicións terá, como será a renovación do parque de contenedores, cantos... cantos vehículos van a prestar o servizo, de que periodicidade, de que maneira, evidentemente aí é onde imos a estar nós i tomaremos a decisión adecuada sempre pensando no interés i no beneficio dos nosos veciños. Ese é o suposto, o noso obxectivo i calquer outra... bueno pois... acusación o deixaremos no ámbito de... da refriega política i entendo, ademais, que vostede... bueno pois... no fondo entende que, supoño que entenderá, que é unha competencia legal que este Pleno pode acordar, que é unha alternativa que outros moitos concellos, a gran maioría, tomou no seu momento; que a anécdota desas folgas que tivo moita repercusión en Madrid, é unha anécdota en relación aos miles de municipios que xestionan este servizo de forma indirecta i que ademais pois creo que en definitiva a Estrada, o seu modelo non sabemos cal é porque eu non sei cal é bueno, si sei cal é, é ter cartos e gastalo en arranxar fontes e lavadoiros. O noso modelo é xestionar os recursos para prestar un mellor servizo porque vostedes cobrar cobraban a basura, exactamente igual que a cobra este goberno, exactamente igual, porque, dende que estamos nós están conxeladas todas a taxas exactamente igual o prestaban de forma lamentable pero dáballes igual para vostedes a prioridade era outra, pois eso, era arranxar fontes i facer obras que están soterradas a corenta centímetros baixo terra e que nunca terán a posibilidade de verse funcionar. Esa é a súa acción, ese é o problema de cando é o mal do rico ¿non?, cando un ten moitos cartos non lle da valor e os malgasta de forma compulsiva. Nós temos que...nós temos que asumir...nós temos que asumir pois outra época complicada i, polo tanto, pois, nos toca xestionar dunha forma máis eficaz e intentar buscar esa cooperación, se ao final parece que o que lle molesta é que cooperemos entre concellos i que busquemos fórmulas alternativas para abaratar o coste dos servizos. Entenderán vostedes que si Forcarei, Cerdedo i a Estrada, por exemplo, e Silleda por exemplo teñen un sistema de recollida de...de residuos de forma conxunta esas economías de escala, esos costes se poden ver beneficiados á hora de poder repercutírselle aos concellos ¿non? I podemos obter un aforro pola vía desas economías.

(ruído)

**Sr. Alcalde.-** Non, os quilómetros son os mesmos, esto...esto...esto ten a...ten unha explicación moi sencilla ¿non? Pero bueno, se quere outro día o tratamos con máis delicadeza pero con máis calma, pero esto é unha cuestión que non imos a inventar agora i o sabemos todos perfectamente. I creo que... i creo que ademais pois é unha decisión intelixente i é unha decisión que vai a mellorar de forma sustancial a prestación deste servizo que é o obxectivo final que nos move a nós, buscar a mellora da prestación dun servizo que actualmente é lamentable, que non está a altura do

que realmente se lle debe dar aos nosos veciños. I por eso propoñemos polo tanto a votación deste asunto que é... si, ten a palabra señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Simplemente aclarar unha cuestión que dixo vostede que non...que non...bueno, que non se fan aportacións, quero lembrarlle que o BNG presentou varias mocións sobre o tema do tratamento do lixo, algunha non se chegou, bueno pasou por Comisións, pero como parece ser que non era competencia do Concello a xestión do lixo non se debateu, i outras estamos esperando para debater. E si me permite unha aclaración, eu prefiro que de usar argumentarios o Grupo Socialista, prefiro que use argumentarios que lle envíen as executivas e non que use os contratos que lle envía a executiva provincial do Partido Popular.

(aplausos)

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Magariños, moi ben, como ve a min como me gusta o debate eu lle deixo intervir sin ningún problema i ademais tamén me parece moi ben que saia vostede en defensa do Partido Socialista, non son bastante nove, é capaz de defendelo máis un que nove ¿non? Parece que vostede ten esa sensibilidade que me parece moi acaída para defender os intereses que son moi coincidentes entre os dous partidos pero, bueno como... como comprenderá, pois eu sinceramente creo que a nadie se lle pode escapar que o obxectivo que hai detrás de todo isto é buscar unha solución a un problema. Agora, ao mellor me sorprende, i o señor Magariños me di que a Estrada ten un excelente servizo de recollida de basuras, entonces, ao mellor aí si que os que estamos equivocados somos nós i ao mellor para vostede dentro da súa forma de entender a xestión pública entende que ese é un bo servizo e que non hai que facer nada ou o non entende como o BNG ¿non? Que se olvida da política do día a día i que sempre está en cousas grandilocuentes ¿non? O BNG non presenta unha proposta para a prestación do servizo da recollida de basura na Estrada, non, presenta un novo modelo de xestión de residuos autonómico para que debatamos no Concello da Estrada ¿non? Unha nova SOGAMA, ou unha planta, ou un compostaxe, señor Magariños nós o que temos que...¿sabe o que temos que solucionar nós? ¿Sabe vostede?, ¿ao señorío que deposita a bolsa negra no contenedor?, que lla vaian a recoller, e que cando vaia ao día seguinte non esté o contenedor botando por fóra, eso é o que lle temos que xestionar, e que no verán cando fai calor non cheiren os contenedores como cheiran, i cando vamos polas rúas non vaian perdendo os líquidos os camións da recollida do lixo que o levan facendo moitos anos, i cando lle prestemos un servizo que llo prestemos de calidade, eso é o que queren os nosos veciños. E despois hai un Parlamento que vostedes teñen parlamentarios, cada vez menos pero teñen algúns, aínda lle quedan algúns e van a Santiago i debaten no Parlamento o sistema de xestión de residuos a nivel internacional si queren, ou na ONU ou van alí agora ás eleccións europeas e se sacan algún representante van alí a Bruselas i debaten alí o sistema de xestión de residuos pero a nós o que nos toca é xestionar a economía real, o do día a día i esa é a recollida de basuras que intentamos mellorar dunha forma clara ante un servizo extremadamente deficiente, deficitario i deficiente as dúas cousas.

I, polo tanto, temos que buscarlle unha solución ao déficit pola vía do aforro de costes i ao deficiente pola vía da mellora da prestación do servizo. Procedemos a votar polo tanto este asunto que é o punto número sexto, que é a aprobación do ditame da Comisión Informativa de de Rural e Medio Ambiente relativo ao convenio de colaboración entre a Deputación e o concello para a prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como a xestión de puntos limpos. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por maioría.

Finalmente, con 11 votos a favor (P.P.) e 10 en contra (9 do PsdeG-PSOE e 1 do BNG), adóptase o seguinte **ACORDO**:

Visto o borrador do Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a prestación, por parte da deputación e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como a xestión de puntos limpos, nos ditos Concellos.

Visto o informe emitido con data 20-11-2013 polo Director de Réxime Interno.

Visto o informe da Secretaría Xeral, asinado o 20-11-2013.

Visto o informe da Intervención municipal, de data 21-11-2013.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, adoptado en sesión do 26-11-2013.

### **ACORDAMOS:**

**1º.-** Adherirse ao Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Estrada para a prestación por parte da Deputación e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como a xestión de puntos limpos, e acordar a delegación de competencias ás que se refiren as cláusulas segunda e sexta e asumir o réxime económico xeral e transitorio establecido no convenio.

**2º.-** Facultar ao Sr. Alcalde para asinar os documentos que deriven da sinatura do convenio.

**7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESTRUTURAS RADIOELÉCTRICAS DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO DA ESTRADA.**

**Sr. Alcalde.-** O punto número 7 é a aprobación, se procede, do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo relativo á resolución de alegación e aprobación definitiva, se procede, da ordenanza municipal para a instalación e funcionamento das estruturas radioelétricas de telecomunicación no Concello da Estrada. Ten a palabra o señor Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Boas noites, na Comisión de...de Urbanismo tratouse as...a resolución das alegacións presentadas en período de exposición pública á Ordenanza municipal para a instalación e funcionamento das estruturas radioléctricas de telecomunicacións do Concello da Estrada. Como ben se sabe, se presentaron en principio tres, dúas alegacións son da mesma empresa operadora que se tratan de...de forma única, e despois foi presentada unha alegación por parte dun grupo de veciños do entorno de Benito Vigo e calles aledañas, onde se solicitaba basicamente a...unha limitación entre 500 e 1000 metros para a situación...instalación da...das antenas.

Ben, de acordo ao informe do técnico, esto suporía unha restrición absoluta do dereito das operadoras porque impoñería unha prohibición a instalar calquer tipo de antena no...no Concello da Estrada, non queda outra que...que propoñer a súa desestimación e así se ditaminou no...na Comisión de Urbanismo porque sería bueno, en principio iría en contra do...do informe dun técnico cualificado e sobre todo darlle argumentos, seguridade xurídica e argumentos a quen quixera recurrir esta decisión e, por iso, non pode...non cabe...non cabe esta petición.

En canto ás alegacións presentadas pola operadora Vodafone, basicamente nos atopamos con catro...catro alegacións. Unha que a operadora pretendía que coa simple comunicación previa se estivese autorizado para a instalación de antenas, dende logo é en todo punto contrario á lei, porque é necesario establecer unha serie de...de mapas, de...de campo radioeléctrico que esixe tanto o Ministerio como...como a partir de agora ca Ordenanza o Concello da Estrada. A alegación tamén se basaba en...en que non houbera obrigación de compartir as infraestruturas xa existentes, o que redundaría nunha proliferación de antenas, e bueno, que tamén é contrario á lei que establece ese...esa compartición de antenas. O mesmo en canto ás solicitudes que esixían unha...un vaciado de documentación, e no mesmo en canto á renovación de instalacións. O único punto donde, según informe técnico, cabe estimar sería no réxime de infraccións e sancións que non se axusta á lei e, por eso, é este único punto que a Comisión valorou favorablemente en canto alegación. Por eso esta Comisión de... de Urbanismo propón, así o ditaminou, a desestimación de... do recurso presentado polos veciños e estimación parcial en canto ao réxime sancionador da alegación presentada pola operadora Vodafone.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas grazas señor Blanco ¿algunha intervención? Ten a palabra señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, ao igual que xa manifestamos na Comisión o vamos a reiterar no día de hoxe i nos gustaría obter unha resposta. Entendemos i aceptamos que se acepte, que se modifique a Ordenanza posto que as sancións que se recollían non estaban de acordo á lexislación, i preguntamos na Comisión i, como dicía, imos a reiterar no día de hoxe, si xa se corrixiu que esta Ordenanza remita á normativa legal que está derogada, non procede aprobar unha Ordenanza en 2013 facendo referencia á normativa que xa está derogada i que, polo tanto, non está en...en vigor. Polo tanto así o manifestamos na Comisión, manifestamos no día de hoxe si esto se corrixiu ou non.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben ¿algunha outra intervención?

**Sr. Magariños do BNG.-** Manifestar bueno... que si compartimos o criterio de aprobación e denegación das...das alegacións presentadas pola...pola empresa de telefonía, pero non así compartimos a denegación da alegación presentada polos veciños. Pensamos que si se pode facer caso ou ter en conta esta solicitude por parte dos veciños dunha maior concreción no que... no que é a instalación das... destes aparellos electrónicos para garantir unha maior seguranza da saúde dos veciños e veciñas da Estrada como...polo cal imos a votar en contra neste punto.

**Sr. Alcalde.-** Bueno, comentaba o concelleiro que o...a Ordenanza se remite ao...ás consideracións que estableza o PXOM, en relación a...a ese tema xa se introduciu a modificación na Ordenanza (... ..) Todas as remisións...ben pois as...as modificacións que se incorporaron en principio remiten ao PXOM i ás lexislacións que se aproben en...en cada momento ou eso polo menos é o...o que trasladaron os...os propios técnicos que, como ben saben vostedes, este...esta Ordenanza tuvo unha parte importante de iniciativa popular, creo que ademais xa foi trasladado ao anterior goberno por parte dunha serie de veciños a inquietude que producía a instalación dunha serie de antenas. Quedouse de mover este tema nalgunha dirección i non houbo unha resposta satisfactoria durante o goberno anterior i nesta...nesta primeira parte se...se denegou a colocación dunha licenza na altura de Benito Vigo i, a partir de aí i ca entrada en vigor do Plan Xeral, o que nos trasladaron os veciños é intentar facer unha normativa que regulase de forma específica a

instalación deste tipo de antenas. A partir de aí o técnico municipal encargado de desenvolver, o arquitecto municipal desta Ordenanza, de acordo co SATIC que é o órgano de...a través da F.E.M.P da Federación Española de Municipios i Provincias teñen consensuada as ordenanzas tipo, i toda...o que é a información relativa a este tema que é susceptible i moi sensible a unha parte importante da cidadanía, a partir de aí recolleemos todas as aportacións que o propio SATIC e a F.E.M.P. nos traslada, ordenanza tipo, todo tipo de regulación específica i a incorporamos na...nesta Ordenanza que posteriormente, según informe xurídico, foi remitida á Deputación de Pontevedra para informe de técnico competente na materia, informe que foi favorable tamén á propia Ordenanza. I con toda esa tramitación administrativa, a Ordenanza exposta ao público, se presentan estas alegacións i o que si temos claro i entendemos que é un aspecto difícil de conxugar son os problemas que pode ser susceptible de acarrear en materia de saúde pública a instalación deste tipo de elementos coas necesidades que a poboación ten en canto á cobertura de telefonía móbil e incluso internet ¿non? I polo tanto, bueno, ese equilibrio é un equilibrio complexo, está claro que as estacións radioelétricas non funcionan nun espazo, nunha zona con...cos problemas orográficos que ten Galicia ou que ten a Estrada, con distancias excesivas i temos que buscar ese...ese...intentar encaixar eses intereses da problemática en canto á saúde pública que poida producir i á calidade de vida ou á demanda dos nosos veciños. Aí entendemos que o que lle trasladamos aos técnicos competentes é que as... a Ordenanza fose o máis restritiva posible i que fose da man do Plan Xeral para intentar regular de forma clara i que o Concello teña a capacidade suficiente para poder decidir en canto á instalación deste tipo de elementos. I a partir de aí, bueno, pois creo que...que puxemos en marcha algo que nós tiñamos como comprometidos con estes veciños que.. bueno... pois xeraba i, como ben saben, non solo nese ámbito da avenida de Benito Vigo senón noutros ámbitos do casco urbano, unha problemática social importante. I entendemos que agora co Plan Xeral i con esta Ordenanza temos moitísimo máis regulado esta situación i poderemos, dunha forma decidida, pois intentar compensar eses intereses sociais i veciñais ¿non?, para que na medida do posible pois todos estén satisfeitos ¿non?, uns polo...pola vía do dano que poidan causar estas infraestruturas i outros pola vía dos seus servizos da...da rede...da nova...da sociedade da información i das conexións tanto ao teléfono...ao teléfono móbil como a internet. Así que esperemos que ese sexa...o obxectivo estea alcanzado i que nos permita ter esa ferramenta regulatoria. Ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, non me refería ao Plan Xeral que xa en informes anteriores vemos como os técnicos non puideron comparalo coa...coa Ordenanza, porque eles mesmos dicían que non o posuían, estámonos a referir á normativa de aplicación que o propio técnico di que esta Ordenanza remite a un Real Decreto que foi derogado de xeito expreso. Insistimos, a 2013 deberíamos utilizar a lexislación que está vixente i non utilizar unha que xa está derogada. Polo tanto o noso grupo entende que esta Ordenanza debe modificarse a prol de poder evidentemente neste tema tan sensible socialmente contar coa garantía xurídica necesaria, polo tanto o noso grupo vaise abster entendendo que esto debe de cambiarse.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois procedemos a...a votar polo tanto este... este punto número 7 que é a aprobación do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, relativa á resolución de alegacións e aprobación definitiva da ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de estruturas radioelétricas de telecomunicacións do Concello da Estrada ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por maioría.

Finalmente, con 11 votos a favor do P.P., 9 abstencións do PsdeG-PSOE e 1 voto en contra do BNG, adóptase o seguinte **ACORDO**:

Vista a Ordenanza municipal para a instalación e funcionamento das estruturas radioléctricas de telecomunicacións do Concello da Estrada, aprobada inicialmente en sesión plenaria do 05-09-2013.

Visto que o nomeado acordo de aprobación provisional foi exposto ao público no Taboleiro de editos da Casa do Concello e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 182 de 23-09-2013, outorgando un prazo de 30 días (contados a partires da súa publicación no B.O.P.), aos efectos de reclamacións e suxestións.

Visto que durante dito prazo de exposición pública foron presentadas no Rexistro deste Concello alegacións a dita Ordenanza polas seguintes persoas:

- José M. González Cortizo e outros.
- D. Antonio Raposo Vidal, en presentación de Vodafone España, S.A.U.
- D. Antonio Raposo Vidal, en presentación de Vodafone España, S.A.U.

Vistos os dous informes técnicos que, sobre as amentadas alegacións, asinou en data 21-11-2013 o Arquitecto Municipal (Sr. Sanmarín Chao), que fundamenta a desestimación daquelas, agás no relativo aos límites das sancións económicas, que deberán de axustarse ao disposto no art. 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, formulada por Vodafone España, S.A.U.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, celebrada o 26-11-2013, que ditamina o seguinte:

*- en relación coa alegación presentada por D. José M. González Cortizo e outros (RE 11760/2013): desestimouse con fundamento no informe do Arquitecto Municipal do 21.11.13, polos votos a favor do grupo político municipal do PP (4), absténdose os grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (1).*

*- en relación coas 2 alegacións presentadas por D. Antonio Raposo Vidal en rep. de Vodafone España, S.A.U. (RREE 12433/2013 e 12496/2013): agás no referido ao límite das sancións económicas (que se adaptará ao disposto no art. 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril), desestimáronse con fundamento no informe do Arquitecto Municipal do 21.11.13, polos votos a favor do grupo político municipal do PP (4), absténdose os grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (1).*

*Xa que logo, por igual maioría, ditaminouse propoñer ao Concello Pleno a aprobación definitiva da devandita Ordenanza, coa única modificación relativa ao indicado límite das sancións económicas, en contraste co texto inicialmente aprobado e suxeito a información pública.*

#### **ACORDAMOS:**

**1º.-** Desestimar a alegación presentada por D. José M. González Cortizo e Outros (R.E 11760/2013), ao tenor do fundamentado no informe do Arquitecto Municipal do 21-11-2013.

**2º.-** Desestimar parcialmente as dúas relación alegacións presentadas por D. Antonio Raposo Vidal en representación de Vodafone España, S.A.U. (R.E. números 12433/2013 e 12496/2013), de xeito que se acepta a alegación no referido ao límite das sancións económicas (que se adaptará ao disposto no art. 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril), ao tenor do fundamentado no informe do Arquitecto Municipal do 21-11-2013.

**3º.-** Modificar o texto da Ordenanza, concretamente o artigo 27 “Infraccións e sancións”, quedando redactada do seguinte xeito:

# **“ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESTRUTURAS RADIOLÉCTRICAS DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO DA ESTRADA.”**

## **PREÁMBULO**

### **Xustificación**

Nos últimos anos estase producindo unha gran demanda de servizos de comunicacións e, como consecuencia diso, un gran desenvolvemento e implantación das novas tecnoloxías da comunicación, e en especial das comunicacións sen fíos, que melloraron notablemente a súa velocidade e o seu achegamento ás prestacións das redes de acceso por cable polo que a banda larga sen fíos constitúe unha fonte importante de tráfico para a rede. As infraestruturas son o soporte necesario para prestar os servizos de comunicacións que utilizan o espectro radioeléctrico.

De cara a facilitar estes novos despregamentos de redes de alta capacidade de tecnoloxías sen fíos, as Administracións Públicas competentes, nos seus distintos niveis, deben garantir a protección dos cidadáns, baseándose para iso tanto nos regulamentos e lexislacións estatais, autonómicas e locais, como no progreso tecnolóxico e dos coñecementos científicos respecto da protección contra as radiacións non ionizantes.

A nivel estatal, debe terse en conta que o Artigo 149 da Constitución Española na súa disposición 21ª proclama que o Estado ten competencias exclusivas, entre outras, en materia de correos e telecomunicacións. Asemade, e de acordo coa Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, corresponde ao Estado a xestión do dominio público radioeléctrico e o desenvolvemento regulamentario, entre outros aspectos, dos procedementos de determinación dos niveis de emisión radioeléctrica tolerables. A estes efectos é o Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, as restricións e as medidas de protección das emisións radioeléctricas, a norma de aplicación en todo o Estado que garante o control e a protección da saúde dos cidadáns ante as emisións radioeléctricas.

Por outra banda, correspóndelle á Comunidade Autónoma a xestión das competencias en materia de integración urbanística e territorial, así como a xestión medioambiental. Por último, os Concellos serán os responsables de xestionar competencias en materias urbanísticas e ambientais.

O despregamento destes novos servizos, requiridos actualmente polo 100% da poboación, fai que sexa imprescindible despregar dun modo harmónico unha serie de infraestruturas nos diferentes termos municipais, polo que os Concellos veñen mostrando un crecente interese en asegurar a correcta implantación destas infraestruturas de radiocomunicación nos seus Municipios, controlando esta implantación mediante a tramitación e a concesión das preceptivas autorizacións municipais, dentro do seu ámbito competencial.

A incidencia que moitas destas instalacións teñen na paisaxe urbana e rural xunto co necesario acceso dos cidadáns a estes servizos de telecomunicacións xustifica a elaboración e aprobación por parte do Excmo. Concello da Estrada dunha Ordenanza Municipal propia, reguladora do impacto urbanístico e medioambiental sobre o territorio municipal de ditas infraestruturas, someténdoo ao correspondente réxime de licenzas.

Esta Ordenanza, nas súas competencias municipais, establece unha serie de requisitos, que deberán cumprir este tipo de instalacións tanto desde a regulación das condicións urbanísticas, protección ambiental e seguridade, como desde o sometemento a licenza da súa implantación e funcionamento.

No espírito desta Ordenanza é trasladar ata o ámbito das competencias municipais o espírito que inspirou a aprobación de a Disposición Adicional 12ª da Lei Xeral de Telecomunicacións, que reconece a necesidade de solucionar as dificultades que se están atopando para o despregue das infraestruturas de comunicacións, e de facelo

respectando as competencias municipais en materia de ordenación urbanística e protección medioambiental.

Seguindo as recomendacións da citada Disposición Adicional 12ª, e en desenvolvemento dos acordos da Comisión Sectorial para o Despregue de Infraestruturas de Radiocomunicación (CSDIR), a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Asociación de Empresas de electrónica e Tecnoloxías da Información e Telecomunicacións de España (AETIC), subscribiron o 14 de xuño de 2005 un Convenio de Colaboración que recolle o compromiso de tódalas partes de favorecer o desenvolvemento armónico das infraestruturas de redes de radiocomunicación ao que se adheriron as catro operadoras de telefonía móbil (Retevisión Móbil (Orange), Telefónica Móviles España, Vodafone España, Xfera Móviles) e máis dun milleiro de concellos.

En cumprimento de devandito Convenio elaborouse un CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS (CBP) que é un instrumento de referencia para os Concellos e operadores ao obxecto de favorecer o despregue das infraestruturas cumprindo as normativas e axilizar a tramitación de licenzas municipais en cuxas recomendacións ou obxectivos se inspirou a presente Ordenanza, polo que deben ser tidos en conta como criterio interpretativo á hora da súa aplicación.

### **Contido e alcance**

A parte dispositiva da Ordenanza divídese en 28 artigos, agrupados en sete capítulos e conforme ao seguinte esquema:

CAPÍTULO I:	Obxecto e ámbito de aplicación
CAPÍTULO II:	Planificación da implantación
CAPÍTULO III:	Limitacións e condicións de protección
CAPÍTULO IV:	Réxime xurídico das licenzas
CAPÍTULO V:	Conservación e mantemento das instalacións
CAPÍTULO VI:	Réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións
CAPÍTULO VII:	Réxime fiscal

A parte final da Ordenanza componse dunha Disposición Adicional, dúas Transitorias e dúas Finais.

### **Carácter**

Trátase dunha Ordenanza de carácter multidisciplinar, dada a existencia de diferentes competencias municipais que inciden sobre o despregue de infraestruturas radioeléctricas que se intentan integrar armónicamente a través da intervención de todas elas nun procedemento de concesión das preceptivas autorizacións administrativas que resulte áxil e efectivo.

### **Competencia municipal**

Dítase esta Ordenanza de acordo coa habilitación legal que outorga a capacidade e lexitimidade dos Concellos para intervir, dentro do seu ámbito territorial e no marco da lexislación do Estado e das súas Comunidades Autónomas, no proceso de implantación das infraestruturas necesarias para o soporte e funcionamento dos distintos servizos de telecomunicación a través das oportunas ordenanzas municipais e a concesión das correspondentes licenzas administrativas en materia urbanística e de actividade ou protección ambiental cando proceda.

Por iso, o Excmo. Concello da Estrada desenvolve a través desta Ordenanza as competencias que lle están recoñecidas na Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local nas seguintes materias: Ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística -artigo 25.2.d)-, o patrimonio histórico artístico -artigo 25.2.e)-, a protección do medio ambiente -artigo 25.2.f)- e a salubridade pública -artigo 25.2.h)-.

### **Marco normativo**



Sen prexuízo da regulación urbanística municipal contida nas correspondentes Ordenanzas, será plenamente aplicable e de obrigado cumprimento a normativa sectorial específica reguladora do sector das telecomunicacións, constituída na actualidade basicamente por:

- Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións,
- Lei 11/1998 Xeral de Telecomunicacións
- Reais Decretos 2296/2004, de 10 de decembro, e 424/2005, de 15 de abril, polos que se aproban os Regulamentos de desenvolvemento dos títulos II e III da citada Lei 32/2003, respectivamente; o Real Decreto-Lei 1/1998, de 27 de febreiro, e o Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo, sobre infraestruturas comúns de telecomunicación, así como as regulamentacións e especificacións técnicas relativas ás distintas clases de instalacións e equipos desta índole [coas modificacións introducidas polas Sentenza de 9 de outubro de 2012 da Sala Terceira do Tribunal Supremo e Sentenza de 17 de outubro de 2012 da Sala Terceira do Tribunal Supremo];
- Real Decreto-Lei 1/1998, de 27 de febreiro, e o Real Decreto 401/2003, de 4 de abril, sobre infraestruturas comúns de telecomunicación, así como as regulamentacións e especificacións técnicas relativas ás distintas clases de instalacións e equipos desta índole; coas modificacións introducidas pola Sentenza de 17 de outubro de 2012, da Sala Terceira do Tribunal Supremo
- Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, as restricións e as medidas de protección das emisións radioeléctricas,
- RD 1890/00, que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións
- Orde CTE/23/2002, de 11 de xaneiro, pola que se establecen condicións para a presentación de determinados estudos e certificacións por operadores de servizos de radiocomunicacións, coas modificacións introducidas pola Orde ITC/749/2010, de 17 de marzo.
- Orde ITC/1644/2011 de desenvolvemento do regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicacións no interior das edificacións e a Orde ITC/1644/2011 de 10 de xuño, do Ministerio de Fomento.
- Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade.

Asemade, resultarían de aplicación outras normativas sectoriais:

- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada, arprobado definitivamente o 3 de xuño de 2013.
- Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Leis: 15/2004 de 29 de decembro, Lei 6/2007 de 11 de maio, Lei 3/2008 de 23 de maio, Lei 6/2008 de 19 de xuño, Lei 18/2008 de 29 de decembro, a Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Lei 15/2010, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a lei 4/2012, do 12 de abril, da área metropolitana de Vigo e a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e tendo en conta as sentenzas do Tribunal Constitucional 87/2012 e 137/2012.
- Normas complementarias e subsidiarias de Planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. (Resolución de 14 de maio de 1991, Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas).
- Decreto 462/1971 (modificado polo Decreto 462/1972), normas sobre a redacción de proxectos e dirección de obras.
- R.D. 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, modificado por: Real Decreto 1371/2007 de 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico "DB-HR protección fronte ao ruído" do Código Técnico da Edificación, Orden VIV/1744/2088 de 9 de xuño, polo que se regula o Rexistro Xeral do Código Técnico da Edificación, Real Decreto 1675/2008 de 17 de outubro, polo que se modifica o RD 1371/2007, de 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico "DB-HR protección fronte ao ruído" do Código Técnico da Edificación e a Orde de Viv/984/2009 de 15 de abril, pola que se modifican determinados Documentos Básicos do Código Técnico da Edificación aprobados polo RD 314/2006, de 17 de marzo, e o RD 1371/2007, de 19 de outubro. Real Decreto 173/2010, de 19 de febreiro. Real Decreto 410/2010, de 31 de marzo e S.T.S. de 4 de maio de 2010 (BOE 30 de xullo de 2010)

- Lei 37/2003, do ruído.
- Real Decreto 1513/2005, de 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión de ruído ambiental.
- Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.
- Lei 26/2007, de 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental
- Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

Así como cantas outras normas concordantes e aquelas outras que se aproben con posterioridade a esta ordenanza, e resulten de aplicación á materia.

## **CAPÍTULO I.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

### **Artigo 1.- Obxecto**

O obxecto desta Ordenanza é regular as condicións urbanísticas e medioambientais ás que deben someterse a ubicación, instalación e funcionamento das infraestruturas radioelétricas de telecomunicación no termo municipal da Estrada, a fin de que a súa implantación se realice con tódalas garantías de seguridade e se produza o mínimo impacto visual e medioambiental na contorna. Tamén é obxecto desta ordenanza o establecemento dun procedemento áxil de tramitación das preceptivas licenzas municipais, en concordancia co establecido no artigo 29 da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeneral de Telecomunicacións e concordantes.

O exercicio de devanditas competencias enténdese sen prexuízo das do órgano competente por razón da materia sobre telecomunicacións, incluíndo a verificación da non superación dos límites de exposición a campos electromagnéticos.

### **Artigo 2.- Ámbito de Aplicación**

1. Están incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza as infraestruturas radioelétricas con antenas susceptibles de xerar campos electromagnéticos nun intervalo de frecuencia de entre 0 Hz a 300 GHz que se atopen situadas no termo municipal, e concretamente:

- A) Antenas e infraestruturas de telefonía móbil e outros servizos de radiocomunicación móbil.
- B) Antenas e infraestruturas de radiodifusión sonora e televisión.
- C) infraestruturas e instalacións radioelétricas de redes públicas fixas con acceso vía radio e radioenlaces.

2. Quedan exceptuadas da aplicación desta Ordenanza:

- A) Antenas catalogadas de radio afeccionados.
- B) Antenas receptoras de radiodifusión e televisión.
- C) Equipos e estacións de telecomunicación para a defensa nacional, seguridade pública e protección civil, nas condicións que ao efecto acorden o Concello e o órgano titular.

## **CAPÍTULO II.- PLANIFICACIÓN DA IMPLANTACIÓN**

### **Artigo 3.- Xustificación da planificación**

A planificación das instalacións radioelétricas de telecomunicación ten por obxecto establecer un marco informativo xeneral no municipio a partir da documentación aportada por cada operador ao obxecto de que o Concello poida fomentar e facilitar, no seu caso, medidas de coordinación e adecuación da súa integración urbanística e ambiental así como o posibilitar unha información xeral aos cidadáns e operadores. O espírito deste Plan e facilitar a comunicación entre o Concello e os Operadores sobre a situación actual das infraestruturas, ter unha visión a futuro dos despregues de cada Operador, coordinar a

tramitación conxunta de licenzas, favorecer a cooperación e compartición de infraestruturas e manter ós cidadáns puntualmente informados sobre a situación destas infraestruturas no seu Concello.

Cada un dos operadores que pretenda o despregue e instalación de infraestruturas de telecomunicación a que se refire o artigo 2.1 estarán obrigados á presentación ante o Concello dun Plan de Implantación que contemple o conxunto de tódalas súas instalacións radioeléctricas dentro do termo municipal.

#### **Artigo 4.- Natureza do Plan de implantación**

O Plan de implantación constitúe un documento de carácter informativo e orientativo que ten por obxecto reflectir as instalacións actuais e as previsións futuras dun operador no Municipio.

O Plan terá carácter non vinculante para os operadores e será actualizado polos mesmos a medida que sexa necesario, aínda que no caso de que o despregue non se axuste ao Plan presentado ante o Concello deberán proceder a súa actualización conforme ao establecido no artigo 7 da presente ordenanza.

Os cidadáns terán dereito a acceder á información dos Plans de Implantación presentados ao Concello, que deberán ser sometidos a información pública por un prazo mínimo de vinte días, mediante anuncio que deberá publicarse no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web do concello e nun dos xornais de maior difusión no municipio.

#### **Artigo 5.- Contido do Plan de Implantación**

1. O Plan de Implantación presentácese por triplicado e reflectirá as ubicacións das instalacións existentes e as áreas de búsqueda para as previstas e non executadas, e deberá estar suscrito por un técnico competente en materia de telecomunicacións.

2. O Plan estará integrado pola seguinte documentación:

A) Memoria coa descrición xeral dos servizos a prestar, as zonas de servizo atendidas, as solucións construtivas utilizadas e as medidas adoptadas para a minimización do impacto paisaxístico e medioambiental das instalacións previstas no Plan que seguirán as directrices acordadas no Código de Boas Prácticas citado no Preámbulo da presente Ordenanza.

B) Copia do título habilitante para a implantación da rede de telecomunicacións.

C) Rede De Estacións Base:

- Rede existente (código e nome de emprazamento, dirección postal e coordenadas UTM)
- Previsións de Despregue (código de emprazamento, nome da zona, data obxectivo e coordenadas UTM)

D) Planos do esquema xeral da rede do conxunto das infraestruturas radioeléctricas, indicando as instalacións existentes e as que se pretendan instalar, con localización en coordenadas UTM (coordenadas do emprazamento para instalacións existentes e representación da área de búsqueda para as instalacións previstas nun ano), cun código de identificación para cada instalación. .

Incluirase, sempre que sexa posible, nos planos os nomes de rúas, e a escala xeográfica adaptarse a unha representación adecuada á rede, que permita visualizar ao mesmo tempo o conxunto da mesma e os detalles de localización suficientes para cada emprazamento.

#### **Artigo 6.- Criterios para a instalación dos equipos**

1. Conforme ao establecido no RD 1066/2001, na planificación das instalacións radioeléctricas, os seus titulares deberán ter en consideración, entre outros criterios, os seguintes:

A) A ubicación, características e condicións de funcionamento das estacións radioelétricas deben minimizar os niveis de exposición do público en xeral ás emisións radioelétricas con orixe tanto nestas como, no seu caso, nos terminais asociados ás mesmas, mantendo unha adecuada calidade do servizo.

B) No caso de instalación de estacións radioelétricas en cubertas de edificios residenciais, os titulares de instalacións radioelétricas procurarán, sempre que sexa posible, instalar o sistema emisor de maneira que o diagrama de emisión non incida sobre o propio edificio, terraza ou ático.

2. Nas instalacións deberase utilizar a solución construtiva técnica, acreditada debidamente, e economicamente viable que mellor contribúa á minimización do impacto visual e medioambiental, cumprindo coas condicións de adaptación ao ambiente que determine a normativa urbanística e sectorial correspondentes.

#### **Artigo 7.- Actualización e modificación do Plan de Implantación.**

1. Os operadores deberán comunicar ao Concello as modificacións ou actualizacións, de ser o caso, do contido do Plan de Implantación presentado; que serán sometidas a información pública do xeito previsto no artigo 4 da presente ordenanza.

2. No primeiro semestre do ano, deberán presentar un plano actualizado do esquema xeral da rede de estacións base só cando se teñan producido cambios no ano anterior que afecten aos emprazamentos na súa localización ou no número das instalacións existentes.

En todo caso, as operadoras deberán adecuar o Plan á normativa que en cada momento sexa de aplicación nesta materia, de conformidade co recollido na propia normativa.

#### **Artigo 8.- Colaboración da Administración Local**

Co fin de facilitar a redacción do Plan, e sen prexuízo da obrigaçión de presentar o Plan de Implantación; o Concello, na medida que sexa posible, poderá proporcionar ao operador:

- Información sobre os emprazamentos que o Concello considere axeitados, en especial os emprazamentos que formen parte do Patrimonio municipal e que sexan utilizables a priori.

- Un plano do municipio indicando as localizacións existentes que poidan ser idóneas para a instalación das infraestruturas (equipamentos, instalacións eléctricas, depósitos de auga, etc...).

- Información sobre aqueles emprazamentos que por ter unha especial protección non sexan idóneos ou necesiten autorización especial.

- Proxectos de obras e traballos previstos a realizar no municipio que poderían ter un impacto sobre o despregue do operador.

### **CAPÍTULO III.- LIMITACIÓNS E CONDICIÓNS DE PROTECCIÓN**

#### **Artigo 9.- Aspectos xerais**

A instalación e o funcionamento das infraestruturas radioelétricas deberán observar a normativa vixente en materia de exposición humana aos campos electromagnéticos, en especial a establecida no Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece, entre outras, medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioelétricas, e en particular, non poderán establecerse novas instalacións radioelétricas ou modificar as existentes cando do seu funcionamento conxunto puidese supoñer a superación dos límites de exposición establecidos na normativa aplicable.

9.1 Con carácter xeral, e respectando sempre o principio de neutralidade tecnolóxica, as estacións radioelétricas de radiocomunicación deberán utilizar a solución construtiva que reduza ao máximo, sempre que sexa posible, o impacto visual e ambiental. Asemade, deberán resultar compatibles coa contorna e integrarse arquitectonicamente de forma adecuada, adoptando as medidas necesarias para reducir ao máximo o impacto visual sobre a paisaxe arquitectónico urbano ou rural, coas debidas condicións de seguridade.

9.2 A instalación das infraestruturas radioelétricas efectuarase de forma que se posibilite o tránsito das persoas, necesarias para a conservación e mantemento do espazo no que se sitúen

9.3 As infraestruturas radioelétricas deberán sinalizarse e, no seu caso, valarse, de acordo co establecido no artigo 8.2 do Real Decreto 1066/2001.

9.4 Sen prexuízo doutros requirimentos que sexan exhibibles pola clasificación dos solos nos que se sitúen, o acabado respectará as normas urbanísticas de aplicación e estará acorde coa contorna no que se sitúe a instalación de telefonía móbil, segundo as directrices acordadas no Código de Boas Prácticas.

9.5 As características e sistemas de protección das infraestruturas radioelétricas cumprirán o establecido pola normativa específica de aplicación e pola ordenanza urbanístico e demais Ordenanzas vixentes.

9.6 As instalacións en conxuntos histórico-artísticos, zonas arqueolóxicas, xardíns e bens declarados de interese cultural, así como calquera outro protexido, incorporarán medidas de mimetización ou solucións específicas que reduzan o impacto visual, sen prexuízo da normativa de aplicación específica, ou do instrumento que determine as condicións de protección.

## **ESTACIONES BASE SITUADAS EN EDIFICIOS**

### **Artigo 10**

Na instalación das estacións radioelétricas, adoptaranse as medidas necesarias para reducir ao máximo os impactos ambiental e visual. Cumpriranse, en todo caso, as regras seguintes:

a) Prohíbese a colocación de antenas sobre soporte apoiado no pretil de remate de fachada dun edificio.

b) Cando se instalen mastis sobre azoteas, cubertas ou torreóns, a altura dos devanditos mastis será a mínima necesaria que permita salvar os obstáculos da contorna inmediata para a adecuada propagación do sinal radioeléctrico e para garantir a suficiente distancia ás zonas de tránsito de público.

c) Os mastis ou soportes de antenas apoiados en cuberta plana ou nos paramentos laterais de torreóns de 2 metros ou calquera outro elemento prominente de dita cuberta, cumprirán o recuamento mínimo a calquera elemento integrante destas instalacións respecto ao plano de calquera fachada exterior do edificio sobre o que se sitúa será.

d) Disporase dun sistema que impida o libre acceso ás persoas alleas ás instalacións, de acordo co establecido no artigo 8.2 do Real Decreto 1066/2001.

### **Artigo 11.**

Excepcionalmente, as antenas poderán apoiarse sobre o cumio das cubertas e sobre os vértices superiores ou puntos de coroación de torreóns ou calquera outro elemento prominente da cuberta, sempre que a instalación pretendida se integre satisfactoriamente no conxunto e as antenas resulten armónicas có remate da edificación, e quede garantida a solidez e seguridade conxunta.

### **Artigo 12.**

Na instalación de recintos contenedores vinculados funcionalmente a unha determinada estación radioeléctrica situados sobre cuberta de edificios, cumpriranse as seguintes regras:

- a) Non serán accesibles ao público.
- b) Situaranse a unha distancia mínima de 3 metros respecto da fachada exterior do edificio.
- c) Será de dimensións o máis reducidas posibles dentro dos estándares habituais, coa condición de que teñan capacidade para albergar no seu interior a totalidade dos equipos de telecomunicación necesarios para o correcto funcionamento da estación base, e en ningún caso a superficie de planta excederá de 25 metros cadrados nin a altura máxima de 3 metros.
- d) A situación do contenedor non dificultará a circulación pola cuberta necesaria para a realización dos traballos de conservación e mantemento do edificio e as súas instalacións.
- e) Cando o contenedor sexa visible desde a vía pública, espazos abertos ou patios interiores, a cor e aspecto da envolvente adaptaranse aos do edificio e a súa ubicación adecuarase á composición da cuberta.

Excepcionalmente, o contenedor poderase colocar de forma distinta á indicada, cando na solución proposta se xustifique que a instalación cumpre os criterios de adecuación de impacto visual pretendidos por esta Ordenanza.

### **Artigo 13. Instalacións en zonas de vivendas unifamiliares.**

As antenas ou calquera outro elemento pertencente a unha estación base de telefonía, cuxa instalación se efectúe nun edificio pertencente a este ámbito, só poderán autorizarse cando se xustifique que polas características dos elementos previstos e as condicións do seu emprazamento se consegue o adecuado mimetismo coa paisaxe, e conseqüentemente non producirá a súa instalación impacto visual desfavorable.

### **Artigo 14. Instalacións en fachada**

Poderá admitirse a instalación de antenas na fachada dun determinado edificio, sempre que polas súas reducidas dimensións e armonización as condicións de ubicación resulten acordes coa composición da fachada e non supoñan menoscabo no ornato e decoración da mesma, así como coas condicións de seguridade e solidez. En calquera caso, cumpriranse as seguintes regras:

- a) Situaranse por baixo do nivel de cornixa, si afectar a elementos ornamentais do edificio.
- b) A súa colocación axustarase ao ritmo compositivo da fachada.
- c) A separación das antenas respecto ao plano de fachada non excederá de 50 centímetros, nin os voos máximos contemplados na normativa de aplicación. Excepcionalmente, poderán superar dita distancia a condición de que se integre visualmente.
- d) O trazado da canalización ou cable integrarase armonicamente na fachada e a súa cor adaptarse ao do paramento correspondente.
- e) O contenedor situarase en lugar non visible.

### **INSTALACIÓN DE ANTENAS SITUADAS SOBRE MASTIS OU ESTRUTURAS SOPORTE APOIADAS SOBRE O TERREO**

#### **Artigo 15.**

Na súa instalación adoptaranse as medidas necesarias para atenuar o impacto visual e conseguir a adecuada integración na paisaxe, e en todo caso:

- a) A altura máxima do apoio sobre o solo, en solo non urbano será de 30 metros, con excepción dos emprazamentos compartidos ou por razóns técnicas, nos que se poderá ampliar a 40 metros de altura. Os apoios sobre solo urbano non excederán de 25 metros de altura, con excepción dos emprazamentos compartidos ou por razóns técnicas, nos que se poderá ampliar aos 30 metros. A excepcionalidade deberá ser xustificada no proxecto.

b) Os recintos contenedores vinculados funcionalmente a unha determinada estación base de telefonía, non excederá de 25 metros cadrados nin a altura máxima de 3 metros e a cor e aspecto exterior procurará a súa integración máxima coa contorna.

Nas zonas adxacentes a vías rápidas deberán cumprirse as prescricións establecidas na normativa reguladora das proteccións marxinais de estradas e vías públicas.

## **INSTALACIÓN DE ANTENAS DE DIMENSIÓN REDUCIDAS SOBRE CONSTRUCCIÓN OU ELEMENTOS INTEGRANTES DO MOBILIARIO URBANO**

### **Artigo 16.**

Poderase autorizar, mediante convenio, a instalación de antenas de reducidas dimensións en elementos do mobiliario urbano, como báculos de alumado, columnas informativas, quioscos ou calquera outro elemento do mobiliario urbano, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) A cor e aspecto da antena adaptaranse á contorna.
- b) O contenedor instalarse, preferentemente, baixo rasante. Excepcionalmente, poderase admitir outra ubicación, sempre que se xustifique que a instalación se integre armonicamente na paisaxe urbana e non entorpece o tránsito, nin a seguridade pública, cumprindo coa normativa de accesibilidade que lle resulte de aplicación.

## **COMPARTICIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

### **Artigo 17.- Compartición de infraestruturas**

En materia de compartición de infraestruturas, os operadores deberán respectar o estipulado no artigo 30 da Lei Xeral de Telecomunicación de 2003, en particular:

1. Promoverase a compartición de infraestruturas, sobre todo nos solos que non reúnan as condicións de urbano consolidado e bens de titularidade municipal, a condición de que sexa técnica, contractual e economicamente viable e sen prexuízo do cumprimento dos requisitos materiais e procedimentais previstos pola normativa sectorial estatal en materia de telecomunicacións para o uso compartido de instalacións.

2. Nos bens de titularidade municipal, poderá ser obrigatoria a compartición de emprazamentos salvo que a operadora poida xustificar que a mesma non é tecnicamente viable.

3. En espazos de titularidade privada, a compartición non será condición para a concesión da licenza, malia que á vista dos Plans de Implantación presentados polas distintas operadoras, o Concello poderá solicitar ás mesmas, cando soliciten licenza, que xustifiquen a inviabilidade técnica, contractual e económica da compartición.

A compartición de infraestruturas de telecomunicacións, como posible técnica redutora do impacto visual producido por estas instalacións, será, en tódolos casos, obxecto dun estudo individualizado.

A intervención do Concello neste ámbito salvaguardará os principios de transparencia, proporcionalidade e non discriminación.”

## **CAPÍTULO IV.- RÉXIME XURÍDICO DAS LICENZAS.**

### **Artigo 18.- Suxeción a licenzas**

1. Estarán sometidas á obtención previa das preceptivas licenza urbanística municipais as obras de instalación, legalización e a apertura ou funcionamento das infraestruturas radioelétricas incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza (artigo 2); incluso as instalacións radioelétricas de menos de 10 w de P.I.R.E. (potencia isotrópica radiada equivalente).

2. As infraestruturas en solo rústico deberán obter, no seu caso, as autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas neste tipo de solo e esixidas pola normativa urbanística e sectorial de aplicación.

3. As licenzas municipais tramitaranse sen prexuízo da aprobación do proxecto técnico de telecomunicacións e a verificación do cumprimento dos límites de exposición a campos electromagnéticos polo órgano competente da Administración do Estado establecidas no RD 1066/2001 para aquelas instalacións que o precisen, así como de calquera outra autorización de instalacións auxiliares que fose preceptiva.

#### **Artigo 19.- Disposicións aplicables á tramitación de licenzas**

1. En canto ao réxime de licenzas para as infraestruturas obxecto desta Ordenanza estarase ao establecido nas Ordenanzas vixentes no Concello para a tramitación de licenzas, sen prexuízo doutros requisitos administrativos que deban cumprirse en cada caso.

2. No seu caso, de acordo co CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS –CBP–, referido no preámbulo desta ordenanza, establecerase unha tramitación simultánea das licenzas das obras de instalación e a de apertura ou funcionamento.

3. As solicitudes de licenzas deberán resolverse no prazo establecido nas respectivas ordenanzas municipais, normativas autonómicas e supletoriamente, no prazo de tres meses establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAPPAC).

Transcorrido devandito prazo, si non recaeu resolución, esta enténdese outorgada por silencio administrativo, aínda que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo as licenzas en contra das normas aplicables, da lexislación ou do planeamento urbanístico, nin as incluídas no artigo 20 do Real Decreto Lei 8/2011.

#### **Artigo 20.- Documentación a presentar coa solicitude de licenzas**

As solicitudes de licenzas presentaranse por triplicado no Rexistro do Concello por calquera dos medios legalmente establecidos, debendo achegar cando menos unha copia para o Concello e tantas como organismos deban emitir informe, acompañada da seguinte documentación:

- Para as licenzas de obras da instalación e para a actividade ou funcionamento:

1. Documento que acredite o cumprimento das obrigacións tributarias que determinen as Ordenanzas Fiscais correspondentes no relativo ao pago de taxas para a solicitude de licenza (se fora preceptivo).

2. Copia do título habilitante para o exercicio da actividade de acordo coa lexislación de telecomunicacións.

3. Carta de aprobación ou acreditación da presentación ante o órgano competente por razón da materia da solicitude de autorización do proxecto técnico das instalacións radioeléctricas, ou na súa falta, sempre que non sexa viable dita acreditación, Declaración Xurada de tela realizado.

4. Copia da ficha resumo de datos da instalación incluída no devandito proxecto.

5. Declaración do compromiso de manter a instalación en perfectas condicións de seguridade, así como o compromiso de desmantelamento das instalacións unha vez deixen de estar en servizo.

6. Identificación do técnico director de obra responsable da execución mediante o correspondente encargo aceptado da Dirección facultativa. O devandito técnico ou outro que lle substitúa e asuma o proxecto, terá que asinar o certificado final da instalación da obra.



7. Proxecto técnico, asinado por técnico competente na materia, conforme á normativa de aplicación en vigor, incluíndo como mínimo a seguinte documentación:

a) Memoria descriptiva de:

- as actuacións a realizar
- os servizos a prestar
- localización e posible incidencia da súa implantación na contorna.
- medidas correctoras que se propoñen adoptar para atenuar devanditos impactos co grado de eficacia previsto, de selo caso.
- impacto visual na paisaxe urbana ou rural da instalación.
- certificado de solidez e seguridade da instalación e soporte, asinada por facultativo competente, de selo caso.

b) Planos necesarios, e cando menos:

- de ubicación da instalación e de trazado do cabreado necesario para a instalación
- de planta, alzado e sección existente e modificado, da instalación e da construción, acoutados e , no seu caso, indicando os equipos e instalacións auxiliares
- de emprazamento referido ao plano de cualificación do solo na ordenación municipal. No caso de solo rústico deberá achegar a documentación que se indica na Circular informativa 2/2003, ou normativa que a substitúa.

c) Descrición das medidas correctoras adoptadas para a protección contra descargas eléctricas de orixe atmosférico, así como da sinalización e valado que restrinxa o acceso de persoal non profesional á zona, sempre que o esixa a normativa aplicable.

Unha vez comprobada que dita documentación é correcta, procederase a continuar o procedemento, tramitando a licenza de obra e a licenza de actividade. En caso contrario solicitaráselle ao Operador, mediante un requirimento, que subsane as deficiencias formais atopadas. A presentación incompleta ou defectuosa da documentación, a que fan referencia os artigos anteriores deberá ser emendada no prazo de 10 días a partir da notificación que remita o Concello respecto diso, con suspensión do prazo para resolver a resolución das licenzas establecido nesta Ordenanza.

Caso de non ser necesario o sometemento ao procedemento de avaliación ambiental da actividade, seguirase o trámite habitual no Concello para a tramitación dunha licenza de actividade usual. De non ser así, estarase ao disposto no Decreto 133/2008 do 12 de xuño que regula a avaliación ambiental da actividade, ou norma que o substitúa.

Unha vez executada a instalación, e con carácter previo á posta en marcha das infraestruturas radioeléctricas, o titular da licenza de obras deberá solicitar licenza de apertura ou funcionamento, que deberán conter, sen prexuízo do establecido noutra normativa:

1. Certificación da dirección facultativa que acredite a adecuación do construído ao proxecto obxecto de licenza.

2. Certificación da dirección facultativa que acredite a adecuación á normativa aplicable, dos impactos ambientais producidos por rúidos, vibracións e aires.

3. No seu caso, copia das autorizacións das instalacións auxiliares (baixa tensión, clima, etc.) outorgadas polo organismo administrativo competente.

A presentación incompleta ou defectuosa da documentación, a que fan referencia os apartados anteriores deberá ser emendada no prazo de 10 días a partir da notificación que remita o Concello ao interesado, con suspensión do prazo para resolver establecido nesta Ordenanza.

O Concello, no prazo de tres meses, concederá/denegar a licenza ou impondrá as medidas correctoras urbanísticas que permitan a adecuación de a instalación o proxecto presentado. En todo caso, sempre que non se impoñan medidas correctoras, e transcorrido o prazo previsto sen terse notificado dita resolución ou deficiencias entenderase concedida

a licenza, e o titular poderá iniciar o exercicio da actividade, aínda que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo as licenzas en contra das normas aplicables, da lexislación ou do planeamento urbanístico, nin as incluídas no artigo 20 do Real Decreto Lei 8/2011.

#### **Artigo 21.- Trasmisión de licenzas**

A transmisión ou cambio de titularidade estará sometido ao procedemento que o Concello estableza para estes procedementos.

### **CAPÍTULO V.- CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS**

#### **Artigo 22.- Deber de conservación**

1. Os titulares das instalacións, están obrigados a mantelas nas debidas condicións de seguridade, ornato e hixiene.

2. Cando se detecte un estado de conservación deficiente, comunicárase aos titulares da instalación para que, nun prazo de quince días a partir da notificación da irregularidade, adopte as medidas oportunas. En caso de urxencia, cando existan situacións de perigo para as persoas ou os bens, as medidas poderán adoptarse de forma inmediata e nunca superior a un prazo 24 horas. De non ser así, a instalación poderá ser retirada polos servizos municipais, a cargo do obrigado.

3. Nos supostos de cese definitivo da actividade ou existencia de elementos da instalación en desuso, o titular da licenza ou, no seu caso, o propietario das instalacións deberá realizar as actuacións necesarias para desmantelar e retirar os equipos de radiocomunicación ou os seus elementos, restaurando o estado anterior do terreo, a construción ou edificio que sirva de soporte a devandita instalación.

#### **Artigo 23.- Renovación e substitución das instalacións**

Estarán suxeitas aos mesmos requisitos establecidos na presente ordenanza para a primeira instalación a renovación ou substitución completa dunha instalación e a reforma das características construtivas da mesma que sexan determinantes para a súa autorización, así como a substitución dalgún dos seus elementos por outro de características diferentes ás autorizadas.

#### **Artigo 24.- Ordes de execución**

1. Có fin de asegurar o cumprimento do establecido na presente Ordenanza, o órgano competente ditará as ordes de execución que sexan necesarias, as cales conterán as determinacións seguintes, sen prexuízo do determinado na normativa específica:

A) Os traballos e obras a realizar para cumprir o deber de conservación das infraestruturas radioeléctricas e da súa instalación ou, no seu caso, da súa retirada ou da dalgún dos seus elementos.

B) Do prazo para o cumprimento voluntario do ordenado, que se fixará en razón directa da importancia, volume e complexidade dos traballos a realizar.

C) A esixibilidade do proxecto técnico e, no seu caso, dirección facultativa en función da entidade das obras a realizar

### **CAPÍTULO VI.- RÉXIME DE PROTECCIÓN DA LEGALIDAD E SANCIONADOR DAS INFRACCIONES**

#### **Artigo 25.- Inspección e disciplina das instalacións**

As condicións urbanísticas de instalación –incluídas as obras- e seguridade das instalacións reguladas por esta Ordenanza, estarán suxeitas ás facultades de inspección, correspondendo aos servizos e órganos que teñan encomendada a facultade protectora da legalidade e de disciplina

## **Artigo 26.- Protección da legalidade**

1. As accións ou omisións que contraveñan o disposto na presente Ordenanza ou na normativa que resulte de aplicación poderán dar lugar á adopción das medidas que a continuación se establecen, que serán impostas polo procedemento previsto para cada unha delas:

A) Restitución da orde vulnerada en materia de urbanismo e medio ambiente

B) Imposición de multas aos responsables previa tramitación do procedemento sancionador que corresponda, conforme ao establecido pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normas de aplicación.

2. En todo caso, a Administración competente adoptará as medidas tendentes a repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal

## **Artigo 27.- Infraccións e sancións**

1. Infraccións.

As accións ou omisións que vulneren o disposto na presente Ordenanza en relación ao emprazamento, instalación e funcionamento das infraestruturas radioelétricas constituirán infraccións que serán sancionadas de conformidade con o establecido na normativa que resulte de aplicación.

1.1 Graves:

A) O funcionamento da actividade cos seus equipos de comunicacións sen respectar as condicións que figuren incorporadas á licenza concedida.

B) O incumprimento dos deberes de conservación, renovación, substitución, revisión e retirada das instalacións radioelétricas.

C) Incumprimento da obriga de presentar ante o Concello un Plan de Implantación que contemple o conxunto de tódalas súas instalacións radioelétricas dentro do termo municipal, así como as posibles modificacións do mesmo.

D) O incumprimento do deber de realizar a comunicación previa á posta en funcionamento das instalacións radioelétricas de menos de 10 w de P.I.R.E. (potencia isotrópica radiada equivalente).

As infraccións graves poden ser moi graves cando haxa reincidencia no incumprimento.

1.2. Leves:

A) O incumprimento dos prazos de adecuación, das instalacións existentes, establecidos na presente Ordenanza.

B) Presentación fóra de prazo ao Concello as modificacións ou actualizacións do contido do Plan de Implantación.

C) A non presentación da xustificación á que se refire o artigo 17.3

En todo caso, cando no procedemento sancionador se demostre a escasa entidade do dano producido aos intereses xerais, as accións e omisións que vulneren o disposto na presente Ordenanza serán cualificadas como infraccións leves.

2. Sancións:

A determinación das sancións que corresponde impoñer pola comisión das infraccións tipificadas nesta Ordenanza, realizarase na forma seguinte:

2.1. A comisión das infraccións leves a que se refire esta Ordenanza sancionárase con multa de ata 750 euros.

2.2. A comisión das infraccións cualificadas como graves na presente Ordenanza serán sancionados con multa de ata 1.500 euros.

2.3 A comisión das infraccións moi graves sancionárase con multa de ata 3.000 euros. Nos supostos de escasa entidade de infracción, a administración poderá aplicar a sanción prevista no apartado 2.2. anterior.

3. As actuacións reguladas nesta Ordenanza que, aínda amparadas nunha licenza, se realicen en contra das condicións impostas pola mesma, serán consideradas, aos efectos de aplicación do réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións correspondentes, como actuacións sen licenza, imponéndose a sanción de acordo cos criterios establecidos nos apartados anteriores, que se calcularán polos Servizos Técnicos competentes, sen prexuízo do determinado na normativa de aplicación.

4. Na aplicación das sancións previstas na presente Ordenanza, así como na posible adopción das medidas cautelares e os prazos de caducidade e prescrición, estarase ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, así como o disposto R. D 1398/1993 de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio de a potestade sancionadora.

## **CAPÍTULO VII.- RÉXIME FISCAL**

### **Artigo 28.- Réxime fiscal**

As instalacións reguladas nesta Ordenanza, así como a obtención das licenzas preceptivas, estarán suxeitas aos tributos previstos nas Ordenanzas fiscais con arranxo aos preceptos destas.

### **DISPOSICION ADICIONAL**

1. No prazo dun ano, contado a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, o Concello creará un Rexistro Especial no que se inscribirán todas as instalacións radioelétricas suxeitas á mesma que obteñan as correspondentes licenzas municipais.

2. A inscrición rexistral realizarase de oficio ou a instancia do interesado e deberá conter os datos relativos ao titular da licenza e ás condicións impostas para a autorización da instalación.

3. Os interesados poderán instar e terán dereito a que se inscriban no Rexistro Especial, todas as instalacións respecto das cales solicite a correspondente licenza e transcorran tres meses sen resolución expresa, salvo en os casos nos que sexan requiridos para aportar algún tipo de documentación e tal requirimento non sexa cumprimentado.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

#### **Disposición 1ª: Instalacións existentes**

1.1. As instalacións existentes no momento de entrada en vigor desta Ordenanza que dispoñan das licenzas exixibles de acordo coa ordenación ou Ordenanzas vixentes naquela data, así como para aquelas para as que os seus titulares solicitasen as licenzas que fosen preceptivas antes da aprobación inicial da ordenanza, e sobre as cales non recaese resolución expresa por parte do concello, inscribíranse no Rexistro Especial e deberán adecuarse, dentro do posible, aos aspectos regulados por esta Ordenanza no prazo de 3 anos.

Concluído este prazo só se permitirán actuacións de conservación e mantemento; no entanto ao Concello poderá autorizar outras actuacións, sempre que con elas se reduza o impacto visual.

1.2. As instalacións existentes no momento de entrada en vigor desta Ordenanza que non cumpran as condicións sinaladas no paragrafo anterior, deberán regularizar a súa situación e solicitar as licenzas correspondentes establecidas nesta ordenanza nos prazos que fixe a normativa de aplicación, ou no seu caso, no prazo máximo de 1 ano desde a entrada en vigor da presente Ordenanza.

1.3. No prazo de 1 mes desde a entrada en vigor desta Ordenanza, tódalas instalacións existentes, independentemente dos prazos dos apartados anteriores, deberán acreditar o cumprimento dos límites de referencia do RD 1066/01, coa copia da última certificación exixible presentada ao Ministerio de Industria.

2. Se as instalacións non cumprisen co establecido no apartado 1.2, o Concello poderá suspender cautelarmente a actividade das citadas instalacións e poderá ordenar a súa clausura si transcorrido un mes desde a suspensión, non se presentou a solicitude das referidas licenzas.

3. Os prazos establecidos en apartado 1 non impedirán o exercicio da potestade inspectora e sancionadora por parte do Concello, no termo establecidos no artigo 28 desta Ordenanza.

### **Disposición 2ª: Solicitudes en trámite**

Sen prexuízo do disposto no artigo 1.1 da Disposición Transitoria primeira, as solicitudes de licenza, presentadas dentro dos tres meses anteriores á entrada en vigor desta Ordenanza, ou as que foran presentadas nun prazo anterior e non foran resoltas por causas non imputables á administración, de acordo coa ordenanza ou Ordenanzas vixentes naquela data, deberán adecuarse aos requisitos desta Ordenanza e presentar a documentación correspondente, para o que os solicitantes dispoñerán dun prazo de 6 meses quedando suspendida a tramitación do expediente ata a presentación da nova documentación; sempre que non sexa por causas imputables á administración.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

### **PRIMEIRA**

No non previsto nesta Ordenanza, estarase ao disposto na normativa Estatal e Autonómica sobre a materia.

### **SEGUNDA**

De acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación.

## **ANEXO. DEFINICIÓN DE CONCEPTOS**

Aos efectos da presente Ordenanza, enténdese por:

**ANTENA:** aquel elemento integrante dun sistema de radiocomunicación cuxa función é a de transmitir ou recibir potencia con unhas determinadas características de direccionalidade acordadas á aplicación. As antenas teñen tamaños e deseños moi variados.

**CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN:** o conxunto de letras e números utilizados para referenciar a unha instalación ou estación radioelétrica.

**CONTENEDOR** (para equipos de telecomunicación): o recinto pechado destinado a albergar equipos de telecomunicación e elementos auxiliares.

**DOMINIO PÚBLICO RADIOELÉCTRICO:** o espazo polo que poden propagarse as ondas radioeléctricas.

**INFRAESTRUTURA OU INSTALACIÓN RADIOELÉCTRICA:** o conxunto de equipos de telecomunicación e elementos auxiliares que permiten o establecemento de radiocomunicacións.

**MICROCÉLULA E PICOCÉLULA:** o equipo ou conxunto de equipos para a transmisión e recepción de ondas radioléctricas nunha rede de telefonía móbil, cuxas antenas son de pequena dimensión e dan servizo en áreas reducidas ou espazos exteriores.

**RADIOCOMUNICACIÓN:** toda telecomunicación transmitida por medio de ondas radioléctricas.

**RADIOENLACE:** radiocomunicación entre dous puntos fixos que utiliza antenas moi directivas.

**RADIODIFUSIÓN:** servizo de transmisión de información unilateral.

**SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓN:** servizos cuxa prestacións consiste, na súa totalidade ou en parte, na transmisión e condución de sinais polas redes de telecomunicacións coa excepción da radiodifusión.

**SERVIZO DE TELEFONÍA DISPOÑIBLE AO PÚBLICO:** a explotación comercial para o público do transporte directo e a conmutación da voz en tempo real con orixe e destino a unha rede pública conmutada de telecomunicacións entre usuarios, de terminais tanto fixo como móbiles.

**TELECOMUNICACIÓN:** Toda transmisión, emisión ou recepción de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquera natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos."

3º.- Aprobar definitivamente a Ordenanza municipal para a instalación e funcionamento das estruturas radioléctricas de telecomunicacións do Concello da Estrada, previa a modificación sinalada no apartado anterior, procedéndose a publicación íntegra da Ordenanza, xa modificada, no Boletín Oficial da Provincia.

NESTE MOMENTO ABANDONA A SESIÓN O CONCELEIRO D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA SOBRE DELEGACIÓN DO EXERCICIO DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS.

**Sr. Alcalde:** O punto número oitavo é a aprobación se procede do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, relativo ao convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra sobre a delegación do exercicio de competencias tributarias, ¿algunha intervención? Ten a palabra señor concelleiro de Facenda.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, por parte deste grupo de goberno se fai a proposta de delegación na Deputación Provincial do que na... o que é a xestión tributaria e inspección e recadación dos impostos e taxas que neste momento se están xestionando pola recadación do concello. No Concello da Estrada se atopa cun equipo de...do...do departamento de Tesourería onde colga o servizo de recadación que conta con medios absolutamente insuficientes para poder levar a cabo unha xestión, inspección e recadación tributaria tal e como esixen os tempos actuais e un concello da...da entidade da Estrada. No seu momento existía neste concello unha recadación privada que por esixencias legais tivo que...que pasar a mans do...do propio Concello, según se recolle de forma existente polo...polo Tesoureiro deste concello, e se dota inicialmente de catro persoas, un administrativo e tres auxiliares administrativos ¿vale? Independentemente de que se faga dunha forma máis ou menos

apurada, según o criterio do Tesourero, o que si é claro é que quedou coxo en canto á xestión, á inspección tributaria. Cando este grupo de goberno se fai cargo das súas funcións, estuda o concelleiro, perdón co Tesoureiro, cales son as posibilidades que permite a lei para poder emendar esta situación, porque de todos é sabido que no Concello da Estrada se ven consentido...consentindo por parte de gobernos anteriores unhas situacións absolutamente inxustas, ilegais. Podemos falar de...de defraudación dunha cantidade elevadísima, estamos falando de 1.200 vivendas que se atopan sen estar pagando as taxas por servizos que si están efectivamente recibindo, falamos de basura, auga e lixo. Así mesmo nos atopamos tamén cunha situación absolutamente consentida, que é a falta de tramitación das multas ou ben a cobranza dos servizos prestados por Protección Civil. Esta situación que, dende logo, é dunha inxustiza social absoluta se lle trata de poñer remedio, en principio, con medios propios de...desta casa. Así se lle da á administrativa recaudadora atribucións según a encomenda de...de funcións para que actúe como técnico de xestión tributaria; durante dous anos veu exercendo esta función e cremos que con resultados moi positivos, pero finalizando a encomenda de funcións e non existindo ningunha outra forma de poder superar esta situación e deixando o traballo a medias, é polo que este grupo de goberno estuda de que forma se pode solventar este problema.

Podemos discutir que si sería mellor unha xestión autónoma dentro do Concello ou ben a delegación que se propón neste momento, pero non ten moito sentido, porque a lei actualmente ten moi limitado o que é a contratación de persoal nas administracións públicas con intención de...de adelgazar o peso que ten en...en persoal, co cal hai unha das opcións que non se pode considerar porque está absolutamente vetada pola... pola lexislación, independentemente de que o coste que suporía seguir cunha recadación aquí si se puidera dotar adecuadamente, bueno tería un coste moi próximo a... ao que vai ter o... o transferir estas delegacións á Diputación, que si ten un coste que, por outro lado, pensamos que vai ter ventaxas suficientes. Ventaxas suficientes porque vamos a poder regularizar a situación en principio destas 1.200 vivendas e... e que vai a cubrir de sobra este incremento de gasto. Ventaxas poderíamos significar moitas que recolle de forma reiterada o Tesorero do... do Concello dicindo que pasamos a un sistema máis profesional, máis dotado en medio e que non deixa de estar alonxado do... do cidadán porque imos... temos xa unha oficina do ORAL no concello e que se dotará aínda máis de... de máis personal para poder acometer o que é todo... todo este traballo que se vai a mandar para... para a Diputación.

En canto ao persoal, pois podemos dicir que vai a ocorrer co persoal, con todo ese gasto que...que está habendo, ben isto nos permitirá dotar a outros servizos ou crear algún departamento como é o Departamento de Persoal, inexistente, e que, polas limitacións legais que anteriormente señalei, non se pode facer. Entonces creo que, en principio, a única solución, a única que se pode... que se pode escoller, sobre todo porque este Concello non pode ser cómplice de situacións irregulares, ilegais e defraudatorias, por eso plantexamos esta... esta solución como a máis idónea e máis beneficiosa para...para o conxunto dos estradenses.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señor concelleiro. Ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, si antes comezada falando de que o acordo con respecto ao lixo era dende logo unha aberración, reitérome, esto xa é unha aberración pero con maiúsculas, porque estamos falando de ceder toda a xestión tributaria do noso concello i poñelo en mans da Deputación de Pontevedra con todas as consecuencias que eso vai a ter. Anualmente

os nosos veciños van a ter que pagar preto, si non, os 400.000 euros, porque nos estamos esquecendo ou deixando esquecer a propósito que vamos a ter que pagar por xestión, por recadación, por inspección, por vía executiva, distintas porcentaxes nos distintos impostos que eso vai sumando todo cantidades realmente importantes. Estamos a falar, como dicía, 400.000 euros nun ano, 4.000.000 de euros nos vindeiros 10 anos, que eso, dende logo, na situación actual na que nos atopamos, permite facer moitas cousas dende os orzamentos municipais e, dende logo, non parece de recibo cedelo. Pero ¿por qué dicimos isto?, porque é que ademais esta cesión da xestión tributaria completa se basa nun informe dende logo de custos incompleto, parcial, un informe que única i exclusivamente pon en números a opción que o goberno plantexa, que é indudablemente entregar toda a recadación municipal á Deputación de Pontevedra. Non se estudan i non se ten en conta para facer ese informe nin os costes que ten que seguir asumindo o Concello da Estrada, nin que vai a pasar coa tramitación dos expedientes que hai que seguir levando aquí, quen a vai a facer, ese persoal que vai a pasar con el, canto nos vai a costar mantelo, canto imos a aforrar, que outras funcións temos que seguir tendo a pesar de que os beneficios da recadación i, lle vamos a chamar así, beneficios os vai a levar a Deputación. Porque para que poidan facer esa inspección alguén ten que resolver aquí i tramitar os informes necesarios, alguén ten que seguir facendo as lecturas dos contadores da auga que este Concello seguirá tendo que contratar por tanto son máis costes aparelados, máis costes que, como dicíamos, nin sequera se ten en conta nin se pide que se faga i se plantexe un informe de custes completo no que se recollan todas estas cousas i se poida estudar en igualdade de condicións cal é a opción máis ventaxosa para o Concello. Porque, dende logo, se colle unha parte do informe de Tesourería que corresponde, que queda máis ben para a proposta pero se obvian outras como as ventaxas que pode ter seguir prestando servizo dende aquí. Ventaxas para os nosos veciños que cando teñan algunha necesidade se poden dirixir directamente ao persoal do Concello que, dende logo, o persoal do Concello será o que mellor coñece, i ata agora así ven sendo, o que mellor coñece a realidade da Estrada i non dende logo outra administración que nada ten que ver co que se fai a nivel local i de xeito próximo. Pero, dende logo, o que estamos dicindo é que a Estrada perde i non só economicamente, perde dende logo competencias, perde capacidade de dirección económica das súas actividades, porque vamos a ter que agardar a que a Deputación de Pontevedra nos faga as súas transferencias, i, a pesares de que se diga que nos poida facer adiantos, tamén vimos no convenio anterior como nos vai a vincular o resto dos impostos, o resto das taxas, para asegurarse que a empresa do lixo cobre i non lle vai a importar nada evidentemente o dos nosos veciños. I o Concello da Estrada ten convenios abertos en vía executiva con outras administracións i estamos obviando isto, o Concello da Estrada ten responsabilidades co seu persoal i estamos obviando isto con esta xestión. É máis, o Concello da Estrada está a recaudar dende que recuperou para a xestión directa a xestión tributaria, máis do 90 por cento dos tributos en vía voluntaria, é máis, hai taxas que se están a recaudar agora que non supoñen coste algún máis que imprimir unha ducia de folios ao ano que non supoñen coste ningún porque practicamente se autoliquidan i que vamos a ceder tamén, i que vamos a pasar a entregar o 5 por cento da mesma como pode ser, por exemplo, a taxa que se cobra ás empresas de electricidade, que insisto, vamos a cerderlle o 5 por cento por algo que se pode facer perfectamente. Pero iso preferiu obviarse, preferiu, dende logo, deixarse, i entregarnos abertamente i libremente á Deputación de Pontevedra, entregarlle toda a recadación argumentando i dicindo cousas que non son certas. Non é certo que non poida estudarse i poñerse sobre a mesa outras posibilidades, a lei si permite dotar por vía tributaria de persoal, a lei si o permite i o recolle a



propia proposta da Alcaldía. Non é certo que os únicos custes que vai a ter este convenio coa Deputación sexa o que se recolle aquí non o é, porque dicíamos hai outras cousas aparelladas que tamén van a supoñer custes para o noso Concello i que non se teñen en conta. E dende logo, o que é unha aberración, unha completa perda de xuízo, é pagarlle á Deputación por algo que nós podemos facer de xeito próximo, por algo que se pode reforzar i, que dende logo, é a mellor xestión que se pode facer de xeito directo como así se fixo cando se recuperou da empresa á que estaba concedida, e así se viron as melloras que iso trae aparelladas consigo, i así se está a facer un bo traballo en dous anos. I o propio goberno é o que dicía a necesidade de fortalecer i a empuxar este departamento polo bo traballo que estaba a facer i, de repente, da noite para a mañán, fala de falta de eficiencia e di que o persoal non pode facerse cargo, pois eso dende logo é tocar a como lle conveña porque non foi o que dixo nos últimos dous anos, non foi o que prometeu cando chegou á Alcaldía pero como xa nos ten acostumados aos cambios... Dcir que este grupo de goberno novamente pide que se reconsidere esta proposta que non se leve adiante esta aberración, este sin sentido i que non se lle entregue á Deputación de Pontevedra os recursos necesarios do Concello da Estrada, que con esos cartos que anualmente se lle van a entregar, que cada 10 anos se lle van a entregar, o noso concello pode beneficiar moito aos seus veciños i, nestos momentos, nesta situación na que nos atopamos, son cada día máis necesarios.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señora Louzao, ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Bueno, tráesenos aquí i, neste punto, un convenio, unha delegación tamén de...de competencias do Concello que eu non sei como calificar, porque estamos falando de que os veciños e veciñas da Estrada van a perder preto de 400.000 euros pola maneira que ten o Partido Popular de xestionar os seus intereses. Falaba ben o señor concelleiro de Facenda cando dicía que se estaban dando pasos para acabar co fraude fiscal, efectivamente, eses pasos empezáronse a dar no 2009 e así se pode ver no informe de Intervención como a pendente dos...o fraude fiscal, da cantidade de recursos que se están recaudando, empeza a aumentar e se mantén constante do ano 2009 ata o de agora, lóxicamente, a partir do ano 2009, que é cando o BNG decide que a xestión da recadación pasa a ser directa por parte do concello. Porque ata daquela, ata o ano 2009, cando o BNG decide por fin xa poñer a funcionar de forma directa i actualizar padróns, empeza actualizando padróns por aquelas situacións máis graves como pode ser por exemplo no padrón de auga que moitas grandes empresas, curiosamente grandes empresas onde os empresarios ou empresarias están vinculadas e vinculados a un partido determinado, un partido que gobernou durante 16 anos estaban sen estar de alta neste padrón de augas. Por aí empezou o BNG, polos grandes, non quero chamarlle defraudadores, ao mellor é que se... non eran coñecedores de que tiñan que facer ou pensaron que tiña que facelo outra persoa ¿non?, non imos a chamalos así. Empezou o BNG, i a partir de aí cando o Partido Popular fixo...colleu man do goberno e se fixo coa delegación de Facenda pois continuou o traballo que comezara o BNG. Por outra parte, facendo o que non fixo durante 16 anos, que foi o de poñer ao día os padróns e aos grandes defraudadores, porque non podemos...as vivendas efectivamente todo o mundo ten que tributar, aí estamos completamente de acordo, completamente de acordo, pero será mellor empezar pola gran bolsa de... de fraude que non polas pequenas cuestións, pero bueno, xa sabemos que o Partido Popular en materia fiscal o que lle gusta é dar beneficios fiscais, amnistías fiscais aos grandes defraudadores, pero ao pequeno traballador e traballadora, por exemplo, aos que retornan do estranxeiro despois

de pasar todo unha vida, aí non hai posibilidades de amnistías fiscais ¿non? Pero non, o BNG ás amnistías fiscais considera que ninguén as ten... ninguén as ten que ter, sobre todo os grandes defraudadores.

Vemos como se nos traen aquí un estudo de custes de que vai a rondar os 317.568 euros i un aforro de 6.000 euros, porque hai outro...3.000 que non se pode computar porque xa din aquí que ten que seguirse mantendo este programa.

Non sabemos que vai a pasar coa... co persoal que neste momento está en Recadación, porque por vía executiva hai expedientes pendentes de cobrar, co cal xeneran expedientes de ingresos que é necesario manter, executar ou xestionar dende o propio Concello, non sabemos que vai a pasar con eso. Se nos fala de que o informe de Intervención, o informe dos técnicos, aconsellan manter, pasar ao ORAL, pero bueno se fai referencia a informes do ano 2005 e 2008, non se fai, por exemplo, referencia ao último, un dos últimos informes, onde fala do custe elevado para o Concello, dos pasos que se estaban a dar, si ben é certo que el o define creo que moi acertadamente que se estaba poñendo os pilares para construír un bo edificio coas súas paredes, co seu tellado que bueno que se estaba empregando formigoneiras manuais e subindo ladrillos a man, ven o Partido Popular e tira o feito e acaba todo nun escombros para empezar de cero e para non facer nada porque, dende logo, esto non vai a garantir para nada a mellor eficiencia na recadación, porque xa se estaba dando pasos para lograr ter un bo... de feito xa está... falamos de porcentaxes de 90 e moitos por cento na recadación, co cal estamos falando de porcentaxes importantes. Pero non, o Partido Popular decide pagar os favores que lle debe ao Partido Popular, como dicía antes, eu prefiro que se...eu prefería que defenderan un argumentario que mandara a executiva provincial do Partido Popular e non que defendan os contratos que lle envía a executiva provincial do Partido Popular e así se nos pon aquí un... unha delegación contrato por 10 anos, prorrogables por outros dez anos. Bueno si ben é certo que o informe de Tesourería creo que é... fala de que bueno é posible revogar este... este convenio, independentemente de que a Deputación Provincial nos queira sablear ata o infinito ¿non?

Pedímoslle dende o BNG que deixe de pensar nos intereses do Partido Popular, que deixe de pensar nos intereses da súa executiva provincial, concretamente do señor Louzán, que, senón me equivoco é o presidente provincial, e pense nos intereses dos estradenses e as estradensas da Estrada, que son os veciños que aí o puxeron, que foron os que lles votaron ao grupo de goberno, e que non lle regale como xa dixen preto de 400.000 euros á Deputación. Supoñemos que será para pagar o campo de fútbol, como ben falaba a portavoz do Grupo Socialista, en 10 anos son 4.000.000 de euros, é unha boa inversión a que fixo á Deputación no Concello da Estrada, porque en nada, en ano e medio, dous anos, xa ten completamente recuperado a inversión.

Eu creo que calquer empresario ou empresaria que faga un investimento, quere falar coa Deputación de que ten que facer para ter ese retorno en un... sobre ano e medio dous anos da inversión, porque dende logo é boa son... está visto que o seu é o mundo... o mundo da empresa, bueno, o mundo da empresa non, de certa empresa, o mundo de empresario normal e corrente non ¿non? E se fala, por exemplo, no informe de que, bueno, que se dan medidas improdutivas que deberían... que si se puxeran a xestionar ben os recursos humanos, se podería facer moito máis eficiente o traballo de Intervención, e aquí fai unha mención expresa, creo que lle nombra, ao Director Xeral de Recursos Humanos, que creo que é o Director Xeral de Réxime Interno a quen se refería ¿non?, se falaba aquí que a lei permite contratar novo persoal de ser necesario, fala aquí o departamento de Tesourería onde di: (descoñezo o autor deste... deste informe) "a existencia de informes do servizo xurídico deste

concello ou no seu caso da propia Deputación Provincial sobre a posibilidade de aprobar unha relación de postos de traballo, modificación do catálogo de postos de traballo ou formas de cobertura dun posto de traballo que permita realizar unha labor de carácter fundamental nun concello como é a de xestión de inspección tributaria sen ter que recurrir a delegar tanto a xestión como a recadación tributaria na Deputación Provincial", non se estudaron outro tipo de posibilidades, non se estudaron, simplemente se lle decidiu regalarlle os perto de 400.000 euros á Deputación, entón a costa dos bolsillos dos veciños e veciñas da Estrada.

Vólvolle a pedir que pense nos intereses dos seus veciños, que pense nos intereses de quen os votou e deixe de regalarlle o diñeiro á Deputación Provincial.

**Sr. Alcalde.-** Moitas gracias señor Magariños, ten a palabra o señor Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, imos a ir por partes. Regalar o diñeiro, regalar o diñeiro o Concello da Estrada estábaos facendo e sigue facéndoo mentras non lle poña fin a todas esas situacións irregulares que existen, prefiero ser así de suave porque ten...ten outro nome. Eso foi consentido absolutamente, absolutamente polos gobernos anteriores ¿si?, eu non me quedo solo no último. Polo que eu vexo foi consentido absolutamente, pero polo bipartito absolutamente, non sei onde esas grandes bolsas de...de defraudación e que eu de verdade que levaría unha sorpresa si atopo agora algún tipo de expediente tratando...si pois eu revisei todos.. ojalá... ojalá, pero si foi así, quedáronse moi cortos, moi cortos, porque nós a algunha empresa se lle pasou liquidacións por cerca de 15.000 euros ¿non?, e non digo si ...si é próxima porque non sei a quen é próxima ¿eh?, pero non é moi sospechoso de que sea próxima a vostedes. Ben, 317.000 euros como dixos, non podemos falar de 400.000 regalamos 4.000.000, o que estamos regalando é entorno a 200.000 euros anuais a toda aquela persoa que está facendo uso dos servizos sen pagar por eles. Estamos regalando 200.000 euros anuais, penso que vai sendo hora de poñer fin a esa situación porque a xente que si está pagando ¿como lle explicamos eso? ¿Explícallo vostede? Porque eu, dende logo, que non teño argumentos para...para decirlle por qué imos a consentir que se faga eso, igual que se fixo con Protección Civil, os servizos que prestaba, multas, todas esas actuacións que poñemos nós a andar desde que chegamos aquí. Porque as multas estaban tiradas no caixón, chegouse a un acordo co ORAL e se seguiu adiante. Non hai forma de seguir por medio de...de encomenda de funcións, podemos acordarnos porque si...se queremos, de como foi o tema da encomenda de funcións á señora Recaudadora, que foi unha aposta deste grupo de goberno, onde houbo un informe en contra do Secretario e houbo informes a favor tanto de Tesourería como de Intervención, e que servía aos partidos da oposición para tratar de sacarnos as cores, e o que antes non lle valía agora é estupendo. Eu é que non o entendo, de verdade que esas cousas se me escapan e teñen que perdonar, como se me escapa tamén o feito de que se afirme que...que a xestión tributaria é pulsar unha tecla e tirar papeles para fóra, aí está o problema. A xestión tributaria é moitísimo máis que eso, e o concello non está en disposición de dar un servizo adecuado de xestión tributaria, de inspección e de recadación porque as porcentaxes de recadación son bos se non toca nunca os padróns, estupendo, non tocas os padróns, estás sempre aí, porque estás cobrándolle á xente que cumpre, porque a que non cumpre non vas a por ella. Entón a esa xente hai que metela no padrón e a partir de aí tratar de conseguir os...as porcentaxes de recadación óptimos, desde logo aí non temos ningunha duda, as porcentaxes de recadación. Pero o que hai que facer é depurar os padróns, pero os padróns quedaron a medias e estamos falando de 1.200 vivendas ¿eh? , que non estamos falando de 12 casas.

Entonces eso, penso que hai que poñerlle fin, porque como dixen antes, non podemos ser partícipes de...dunha situación sobre todo porque non hai forma de explicarllo aos demais, si agora os demais están pagando lle preguntamos oye ¿consentimos isto?, e estamos todos de acordo pois, iba a dicir cojonudo pero non o digo. Ben, ¿por qué, si tendo a oportunidade que tiveron vostedes, non recuperaron no seu momento os tres impostos que está xestionando agora o ORAL?, e que é moi fácil dicir non, non, non, nós seguímolles dando cousas, ¿por que non lle quitamos? Están co I.B.I. co I.A.E. e ca plusvalía, ¿non sei porque siguen?, non o entendo. ¿Que vai pasar con determinadas cousas, lecturas de contadores de auga?, desde logo vaise seguir levando dende aquí ¿si? Porque non entra dentro das...das atribucións da...da Diputación. Contadores de auga que como vostedes saberán é de onde primeiro se saca esa información deses 1.200 ¿si? Porque a empresa que estaba cando chegamos nós facendo os padróns cobraba por...polas lecturas e aportaba unha serie de datos, datos que se omitiron e mutis polo foro. Empresa que estaba cobrando 64.000 euros ao ano, 64.000 euros, está o Concello da Estrada pagando agora mesmo 12.000 euros anuais. Co cal xa solo cos aforros que se están facendo, eu penso que podemos cubrir moitos, porque hai aforros 60.000 euros en telefonía, en xestión de impresoras e fotocopiadoras, 17.000 euros anuais, así como aqueles outros da plataforma de contratación unha serie de contratos que este concello estivo revisando. E contratos que ten que seguir revisando e que de momento non ten os medios suficientes e que, aproveitando esta situación que se pasa á delegación liberamos persoal, podemos empezar a dotar de contratación, de persoal e xestionar dunha forma máis eficaz. Porque si dende logo eu sempre estiven de acordo cos informes do...do Secretario, sempre, (perdón do Secretario non tanto non, en moi poucas ocasións), pero do Tesorero si, do Tesorero si. Viña dicindo o Tesorero co símil da casa, de construír a casa, de que esto se está levando a cabo con máis vontade dos funcionarios que basándose un na organización eficaz e eficiente. Eso vennos repetindo dende un montón de anos, dende que empezou co primeiro informe ata o último, non estamos falando de interpretar os informes só como nos interese.

Bueno, que...que máis se fixo, e que agora parece que está...que é todo éxitos que estaba a executiva que falaba vostede, a executiva falaba tamén a señora Louzao, poñémola a andar nós, poñémola a andar nós, é un convenio ca Xunta de Galicia e que agora pasará, lógicamente, a mans da Deputación.

¿Que ocorre con todos eses procedimientos que di que están parados? O outro día dicíamod á señora Louzao, esos son expedientes que se foron facendo porque durante estes dous anos se estivo facendo moito traballo, se estivo preparando todos estes expedientes para poder facer o que son as comprobacións limitadas. Expedientes de comprobación limitada que, lógicamente, se retuveron agora neste último momento porque si se mandan non hai un técnico que poida contestar e nin hai técnico nin medios suficientes, porque estamos falando de 1.200 expedientes que van a saír e van a ter que ser gestionados. Van a ter que estar gestionados, e para esa xestión faría cando menos falta catro persoas máis que é o que recolle de forma reiterada o Tesoureiro, onde di que fai falta mínimo un técnico, tres administrativos e catro auxiliares administrativos e, que repito, a lei non nos permite dotar baixo ningunha maneira.

Por último para ir terminando a intervención, en canto ao tempo, 10 anos máis 10 anos a lei permite tanto neste caso como no que se falaba antes da...da basura en calquer momento poder recuperar a xestión, porque nunca si hai algo que...que ten que contraponerse a unha delegación indefinida é a capacidade de recuperación por parte da administración delegante. Eso ven recollido, senón me equivoco nalgún dos informes de Intervención, penso que non cabe ningunha duda nese sentido. Por iso, ou ben nos cruzamos de brazos e deixamos outra vez que se vaian 200.000 euros

por aí mantendo unha inxustiza social, unha inxustiza fiscal no Concello da Estrada, ou temos que tomar esta decisión que non é antieconómica para o Concello da Estrada.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Blanco, ¿algunha outra intervención? Ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, unha vez máis despois de todo o que levamos escoitando aquí vemos como o grupo de goberno cambia de perspectiva, cambia o que está a dicir que vai a facer i o que fai. Nesta mesma sede se dixo en certa ocasión por parte do señor Blanco, portavoz do Partido Popular, que se cedía á Deputación o tempo mínimo imprescindible i que o obxectivo era recuperar porque se entendía que era o mellor posible i no que todos coincidíamos. I recordo que aquel día demos o voto de confianza i o apoio ao grupo de goberno para facelo así, entendendo a súa pretensión que todos compartíamos de recuperar a xestión para índole municipal por ser o máis favorable aos nosos veciños. Pero, sen embargo, hoxe un tempo despois vimos aquí e onde dixerun unha cousa agora fago outra, xa non só non se mira de recuperar senón que nin sequera se ten en conta i se fan os custes e as estimacións axeitadas, nin sequera se mira cal é o xeito de estruturar adecuadamente este servizo porque dende logo e habería xeitos de facelo e se podería facer pero xa non o consideramos porque o goberno, o grupo de goberno prefere neste caso claudicar ante os intereses do Partido Popular i da Deputación de Pontevedra, entregarlle a recadación toda, entregarlle a capacidade económica do noso concello i disposición dos seus orzamentos i entregarlle dende logo, como dicíamos, uns preciaados 400.000 euros anuais que o pobo da Estrada tanto necesita nesta situación económica. Pero como dicimos non se estivo usando, perdón, estívose empregando i explotando polo que vostede acaba de dicir señor Blanco ao persoal de Recadación estos dous anos, vostede dicía que se depuraron padróns, que se prepararon expedientes que están aí listos para saír, estívose utilizando o seu traballo i agora o que se fai e poñerlle un laciño i entregarllo todo xa feito á Deputación para que, ademais, por encima, nos cobre por recibilo. Dende logo esto cremos que, insisto na palabra é unha perda de xuízo completa, unha aberración, que este grupo de goberno vai a hipotecar con ela o futuro, o vindeiro do concello da Estrada porque dende logo as próximas xeracións estradenses verán como a súa capacidade de manobra dende o concello dos servizos que se poden prestar está atada á Deputación de Pontevedra con esta cesión. Unha cesión que como dicíamos se pode mellorar, se pode traballar no departamento, se pode facer, a lei permite facer melloras i modificalo i non perder neste caso o traballo e a inversión que xa se veñen facendo nos últimos anos i que todos compartíamos que era o camiño axeitado, recuperar i xestionar de xeito directo i próximo aos cidadáns estas competencias. Por iso si este grupo de goberno do Partido Popular non recapacita nesta liña o Grupo Socialista votará dende logo en contra.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Falaba vostede de por que non se recuperan e recuperaran os tributos cedidos. Sabe perfectamente por que, porque estaban dando os pasos para recuperalos como era a creación da recadación de xeito directo, e como ben di aquí o informe de Tesourería, para pechar os tres pilares que segundo este Tesoureiro deben sustentar a recadación municipal, i eso por eso non se recuperan, porque estaban poñendo os alicerces para crear o edificio da recadación, edificio que por outro lado agora xa se encargou de derrubar antes de rematar a súa construción o Partido

Popular. E como ben di o informe de Tesourería: "entendendo quen informa que ata a data de hoxe queda demostrado que os aforros para o concello son importantes, optar por esta prestación con persoal propio, se pode e se debería seguir con esta opción". E volvo a repetir que non están pechadas todas as portas, simplemente o goberno municipal non quixo...non quixo estudalas o que quere é regalarlle diñeiro á Deputación Provincial. por eso pedímoslle que reconsidere esta proposta e reforze no que haxa que reforzar e como permite a lei, por outra parte, o departamento de Recadación para que siga aplicándose de xeito directo porque é o mais efectivo i o máis eficiente i o que máis beneficia aos intereses dos veciños e veciñas da Estrada.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, señor...

**(interrumpe) Sr. Alberto Blanco do PP.-** Nada, simplemente un apunte. Simplemente hai que remitirse á legislación actual para ver que non é posible, simplemente hai unhas excepcións moi tasadas e que para a loita co fraude fiscal, que non é o caso, non é o caso, porque estamos falando esto xa está pulsado en Intervención e en todos lados. O propio Secretario no seu momento fixo un contrainforme, perdón o propio...joder... teño fixación hoxe con...o propio Tesoureiro fixo un contrainforme fronte ao informe do...do Secretario no seu momento e, neste caso, non o fai...non o fai por algún motivo, simplemente deixando ese interrogante no aire pero só se pode contra o fraude fiscal e situacións de...de seguridade cidadana moi moi moi tasado nada máis.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Blanco, eu creo que este é outro debate importante i dende logo me parece ademais bo que todos aportemos o noso punto de vista sobre unha decisión que entendo que pode ser interpretada de forma diferente en función do lugar onde se mire. Pero o que si está claro é que non podemos obviar que é unha cuestión de xustiza tributaria. Aquí se leva moito tempo amparando unha gran inxustiza tributaria como comentaba o compañeiro i concelleiro de Facenda onde cando chegamos a este goberno pois nos atopamos con caixas enteiras cheas de multas de tráfico sen tramitar, onde nos atopamos con informes de Tesourería onde informaban e incluso advertían da existencia dunha serie de fraude xa avisado a outros gobernos anteriores de fraude nas...nos servizos públicos, no pago correspondente ás taxas correspondentes aos servizos públicos i onde ningún goberno tomou ningunha decisión i onde estaba amparando ,vouno a chamar así de forma suave, unha inxustiza tributaria a parte doutras cousas. I polo tanto este goberno quere poñer orde nesta xestión, todos recordamos como foron os tempos vividos no entorno do proceso de transformación de esa xestión privada nunha xestión pública, todos o recordamos hai aquí xente que participou naquel momento. I o que eu teño que dicir é que hoxe imos a...a intentar solucionar o que no seu momento foi unha chapuza, que foi un proceso que non rendía as necesidades administrativas do concello porque tamén o refire de forma sucesiva o propio Tesoureiro que non ten moito sentido que nun departamento de Recadación non exista un técnico e que exista un administrativo i tres auxiliares ¿non? Non parece moi razoable, non parece que sexa un departamento axustado ás necesidades do departamento ¿non? I eso levou a que a propia xestión diaria fora difícil i fora i requirise un esforzo extraordinario por parte dos funcionarios, que eu aquí quero recoñecer porque é certo que se excederon nas súas funcións para intentar poñer a andar algo que partía xa dun principio equivocado que era unha mala conformación do propio departamento. Decisión que ademais foi advertida polo propio Tesoureiro i podemos recordar os informes onde advertía da chapuza da tramitación de todo este proceso. ¿Eso a que nos levou? A ter un departamento que non era operativo e nós quixemos, a petición do propio Tesoureiro como

comentaba perfectamente o concelleiro compañeiro Alberto Blanco, quixemos poñer en marcha dalgunha forma, intentar solucionar dalgunha maneira esta cuestión. Aí nos atopamos con moitos atrancos, un informe desfavorable do Secretario Municipal que requireu un contrainforme do Tesoureiro onde advertía, onde dicía, onde xustificaba que unha...unha...unha encomenda de funcións podería ser encaixable dentro do marco normativo actual, aí este goberno guiado polo Tesoureiro tomou unha decisión i esa decisión foi incluso criticada duramente por parte da oposición i dos sindicatos, duramente por tomar esa decisión. Agora o que valía para criticarnos nunha decisión váleslle para criticarnos tamén noutra decisión contraria que tomamos naquel momento pero así son vostedes, a oposición é así i eu entendo que teñen que facelo pero tamén nós temos que recordar esa incongruencia ¿non? Esa inconsistencia nos seus argumentos ¿non? Porque iso foi exactamente o que fixeron vostedes i o que lles valeu antes para criticarnos agora lles vale tamén para facer o contrario. Entonces este goberno tomou esa decisión consciente de que tiñamos que resolver ese problema, sabíamos que tiña unha data de caducidade, entendíamos que podíamos chegar máis aló polo menos poñer en marcha eses procedimentos de cobro desas taxas, desos impostos que todo o mundo sabía que estaban sin pagar i non se pagaban. Pero os esforzos foron moitos e chegamos á data de caducidade que é 31 de decembro do 2013 i a partir de aí non se pode renovar esa encomenda de funcións nin se pode facer novas contratacións de persoal funcionario como ben saben por disposicións legais. I aí evidentemente nos quedamos nun camiño sen saída ou facemos como a basura miramos para outro lado esto non vai con nós, intentámolo, xa queda aí a ver si dentro dun tempo temos ganas de volver a meterlle man ou asumimos a nosa responsabilidade. I a nosa responsabilidade é seguir avanzando nese camiño, non é certo que o que se fixera ata agora non vale de nada, non, o traballo feito ata agora é aproveitabile e ademais é un traballo importante que se lle fixo para que a propia Deputación poida depurar agora eses...eses padróns ¿non? Pero...pero da súa man estivo, si tan fácil é non entendo por qué por exemplo o I.A.E. que non é xestión...que non fai falta ningunha xestión como comentaban vostedes antes por qué non o recuperaron na súa época de goberno, tiveron catro anos para recuperar o I.A.E por exemplo, xa non digo o I.B.I. que ao mellor da máis traballo digo o I.A.E. ¿Por qué non o recuperaron? ¿Por qué o deixaron na Deputación? ¿Por qué se empeñaron en poñer en marcha un sistema que estaba evidentemente que era imposible de...de xestionar? ¿Non? Di o señor Magariños é que a porcentaxe de recadación é fantástica, home claro, se non actualizamos os padróns, ousexa, se paga só o que quere pagar é fantástico paga o 100 por cen, sí, sí o 100 por cen paga señor Magariños. Si aquí paga só o que ven de forma voluntaria darse de alta ao concello di eu quero pagar, ese paga. O problema é o que non quere pagar, o que se engancha na conexión de auga, o que se engancha na rede de alcantarillado e non ven ao concello a avisar de que está conectado ¿que pasa con ese? Según o seu criterio ¡ah! Miramos para outro lado, sí, sí, sí, eso foi o que fixeron vostedes en catro anos ¡ah! Miramos para outro lado. ¡Ah! Pero os informes están aí, o informe de Tesourería ano a ano se encargaba o señor Tesoureiro de deixar por escrito que é o que estaba pasando no departamento i cales eran as carencias que había i que posibles responsabilidades podía haber desta situación ¡ah! Pero miramos para outro lado, ben pois nós non imos a mirar para outro lado, nós imos a resolver. Entonces claro aquí hai que vestir o tema i hai que intentar disimular un pouco i xustificar a cuestión da crítica pola crítica, entón empezamos xa a falar de que os costes, imos a ver, os costes son...eu llos vou a explicar aquí i a parte van a ter oportunidade dentro dunhas semanas de velos no presuposto son...i o que están facendo vostedes é totalmente tendencioso 400.000 euros e ademais uns gastos que aparecen por aí que non sabemos onde está

pero que vai a haber. Imos a ver, imos a falar de forma clara os costes para o concello i van nos orzamentos municipais son 317.000 euros, que pasa que a vostedes hai uns informes que lles valen outros informes que non lles valen, agora collo este dato deste, agora saco este doutro no, está no expediente 317.000 euros o informe do técnico, o informe do...non, non pero é que señor Magariños é que vostedes i nós estábamos pagando 190.000, señor Magariños. O Concello da Estrada é que eso tampouco se di porque non interesa pero vostede que é unha persoa lista i sei que ademais está bastante metido neste tema sabe que o Concello da Estrada xa lle está pagando 190.000 euros ao ORAL, o coste real desta transferencia son 130.000 euros ¿vale? 127.000 para ser máis exacto, ese é o impacto orzamentario que vai ter esta decisión. Home de 127 a 400.000 hai unha diferenza ¿eh? A vostedes dalle igual 8 que 80 xa o demostraron moitas veces, o seu é gastar cartos e gastar moito pero neste momento...neste momento estamos falando dunha xestión. I comentaba o señor Blanco de forma prudente, de forma prudente i creo que facendo un análisis bastante realista que estamos poñéndonos en xogo cos datos que hoxe en día temos encima da mesa de entorno a 230.000 euros que se están deixando de recaudar i que non se van a recaudar nunca porque o concello da Estrada non ten fórmulas de xestión para recaudar ese diñeiro. Solución, bipartito mirar para outro lado bueno pois esa é a súa decisión, a decisión do goberno local eu teño claro xustiza...xustiza tributaria o que teña un servizo que o pague. Bueno si vostedes entenden que eso é máis progresista, progresista que pague quen queira, o que queira que pague o que non queira que non pague da igual que esté conectado aí e que faga o que considere oportuno, non. Aquí hai un servizo público, hai que manter un servizo público i o que non poden pagar é a xente que paga soportar o coste daqueles que non pagan. Aquí hai que poñer os medios para facer unha boa xestión tributaria i para aqueles que están disfrutando i que están conectados ao servizo público teñen que pagar por el, inevitablemente esto é así i así é a única forma de poder xestionalo dunha forma razoable ¿non? Por iso...por iso eu creo que...que o que debemos agora, i non se nos pode... noutras cuestións ao mellor se nos pode criticar, neste creo que non se nos pode criticar porque houbo un empeño persoal i os podo garantir tanto do concelleiro delegado de Facenda como o meu propio para conseguir que o departamento de Recadación puidese funcionar cos medios que o propio Tesoureiro i o xefe de departamento entendían que tiña que ter, empeño persoal a todos os niveis. Se seguiron todas i cada unha das súas aportacións, se intentou seguir todo o camiño marcado pero chegamos a un punto que non ten retorno i nese punto este goberno ten que decidir i a decisión evidentemente é pois poñernos en man dun organismo autónomo de recadación que ten unha oficina na Estrada. Home eu supoño, como dicían aquí nas intervencións anteriores, o impacto que lle podía producir a un señor da Estrada ir ao ORAL a falar do seu recibo da contribución, entrar nese burato oscuro onde ninguén o coñece e salir de alí con medo no corpo. Eu entendo que eso tiña que ser traumático para calquer veciño que é o que vai a ser agora unha oficina que está a escasos metros do Concello da Estrada que vai a reforzar o seu persoal e no noso concello que vai a traballar, que de feito xa ten persoal que é do propio concello, que vai a traballar i que coñece a realidade deste concello de forma directa i que vai a funcionar porque é un organismo específico para xestionar a recadación tributaria. I polo tanto non imos a ter...claro é que ese a veces cando ...cando a época das vacas gordas como da igual o que entre o que sale sempre é menos do que entra pois xa está, eso é gobernar entra 100 e gasto 90 e cojonudo ou gasto 101, non pero agora entran 40 e hai que xestionar o mesmo que cando entraban 100. I ese problema...i ese problema o temos que resolver nós i por eso aí entendimos que por xustiza tributaria, por responsabilidade porque evidentemente cada un ten a súa responsabilidade i por



sensatez pois debemos de buscarlle un camiño. I os podo garantir o intentamos, de verdade que o intentamos porque non era a nosa primeira opción. I o comentaba aquí tamén nas súas intervencións anteriores co señor Blanco porque o creíamos firmemente, entendíamos que o camiño era a xestión do concello, entendíamos que se fixera o esforzo que hai un grupo de persoas que se implicaron moito en todo este proceso sabíamos que era un tema moi complicado ca estrutura que temos hoxe en día i cas limitacións que temos actualmente é imposible, ou nos paramos de brazos i nos sentamos i miramos para outro lado ou tomamos as nosas decisións i por xustiza tributaria i por igualdade entre veciños i por responsabilidade debemos de escoller o camiño, i o camiño pois é o de poñernos en mans de persoas profesionais que saben o que é a xestión, que saben o que é a recadación, que saben o que é inspección i por encima o toma decisión unhas persoas que saben tamén o que é xestionar porque como exemplo creo que o puxo i creo que é perfecto, vostedes miraron para o outro lado cada unha empresa por lectura de contadores lle cobraba 64.000 euros i este goberno está facendo, non o mesmo traballo senón máis, cobrándolle 12.000 euros. Esa é a diferenza entre a xestión dun goberno i a xestión doutro i aí están os...as probas i dende logo creo que os números avalan esa xestión i esperemos que agora mesmo a Deputación faga ese traballo i o ORAL faga ese traballo i lles podo anticipar ademais que posiblemente este coste de 317.000 sexa todavía inferior aos 317 porque estamos negociando que se...que a Deputación asuma parte do coste que poidan ter os traballadores municipais que permanezcan nos nosos...no noso concello i que poidan rebaixar parte dese coste, do coste que lle vai a supoñer ao concello da Estrada a xestión tributaria que xa digo que van a ser 317.000 ao ano en función da recadación porque ademais a Deputación como ben saben cobra polo que...polo que recauda, non cobra un tipo fixo cobra unha porcentaxe do que recauda i canto máis cobre a Deputación máis imos a cobrar nós...máis imos a recaudar nós. I evidentemente iso é un estímulo importante tamén para que o Concello da Estrada poida ir pola vía da eficacia e da eficiencia na xestión da recadación i da inspección dos tributos, das taxas i dos impostos. Así que si lles parece pois votamos este...este punto número 8 da orde do día que é a aprobación se procede do ditame da comisión informativa de Facenda e contas relativo ao convenio coa Deputación de Pontevedra sobre a delegación do exercicio de competencias tributarias ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por maioría.

Finalmente, por 11 votos a favor do Partido Popular e 8 en contra (7 do PsdeG-PSOE e 1 do BNG), adóptase o seguinte **ACORDO**:

Visto o contexto económico actual de restricións e recortes en materia presupostaria e de persoal que estamos a padecer na actualidade, e sobre todo visto o artigo 23 un.1 e dous da Lei 17/2012, de 27 de decembro,, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013 que dispoñen:

*“ Un.1. Ao longo do exercicio 2013 non se procederá no sector público (...) á incorporación de novo persoal, salvo o que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores (...)*

*Dous. Durante o ano 2013 non se procederá á contratación de persoal temporal, ni ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais ”.*

Visto que o 15 de decembro de 2013 remata a encomenda temporal de Dna. Paula Yebra Rovira das funcións de técnico de xestión, inspección e recadación tributaria para a

realización de actuacións encamiñadas á actualización de censos, comprobación e inspeccións en materia tributaria, o cal impide que a partires da indicada data se continúe a realizar tal función, por non existir persoal nin praza creada na plantilla municipal para realizar tal cometido,

Visto que debido ás restricións indicadas e cos recursos dos que dispón o Concello se fai imposible continuar prestando dun modo axeitado as competencias en materia e xestión tributaria,

Visto que a estrutura organizativa do Concello non pode garantir un sistema tributario xusto, tal e como preceptúa a Constitución Española,

Vista a Providencia elaborada pola Alcaldía en data 6 de novembro de 2013,

Visto o informe redactado pola economista de Intervención de data 15 de novembro de 2013,

Vista a Providencia da Alcaldía de data 18 de novembro de 2013 mediante a que se solicita informe ao Sr. Tesoureiro municipal,

Visto o informe de Tesourería de data 20 de novembro de 2013, no que se reflicten varios aspectos que se pasan a salientar:

O indicado informe fai referencia, á súa vez, a informes anteriores emitidos polo Sr. Tesoureiro ao longo do tempo. Xa nun informe do 19 de decembro de 2005 facía alusión a que as dúas opcións para regularizar o Departamento de Recadación pasaban por asumir o propio Concello o servizo ou delegar na Deputación Provincial a xestión do mesmo. No caso de optarse pola primeira desas opcións, *“quen informa entende que sería necesario ou ben un incremento da plantilla municipal que permitise asumir as funcións que implicaría este servizo recadatorio, ou ben a tramitación dun contrato de servizos para a colaboración coa Administración Local nas labores que esta pasa a asumir”*.

En informe de data 12 de febreiro de 2008 o Sr. Tesoureiro fai unha comparativa das diferentes opcións, do seguinte xeito:

*“ Dende o punto de vista de quen informa, as principais vantaxes de delegar a recadación no ORAL serían as seguintes:*

*- Delegación de todo o procedemento tributario, é dicir, o ORAL asumiría tanto a xestión, recadación e inspección, mentres que no caso de ser asumida a recadación polo Concello, a xestión seguiría estando integrada en intervención (salvo que se opte por outra opción) non dependendo directamente de tesourería a elaboración, tramitación e aprobación de padróns, e a inspección sería necesario potenciala para conseguir unha maior capacidade recadatoria.*

*- Maior ámbito territorial de recadación, xa que cando menos o seu ámbito territorial abarca toda a provincia.*

*- Menores custes en materia de persoal para o Concello.*

*- Control por parte da tesourería da Deputación con independencia do control que se poida levar a cabo dende o Concello.*

*- Resolución por parte da Deputación dos recursos tanto administrativos como xudiciais que se puidesen prantexar.*

*- Unha parte da retribución é variable en función do porcentaxe de recadación acadado (o que favorece un esforzo por lograr niveis de recadación o máis elevados posibles), o que no caso de xestión directa e máis complexo e sobre todo se no reparto da produtividade se segue a manter o criterio aprobado polo pleno en data 14 de decembro de 1989 “reparto do 50% en partes iguais e 50% pola alcaldía”, sendo este reparto da alcaldía (cando menos nos últimos anos) en funcións dos días efectivamente traballados ó ano.*

*Por outra banda, sempre a xuízo deste tesoureiro, as vantaxes da opción de asumir o Concello a recadación sería a seguinte:*

*- Menor custo total para o Concello, xa que considerando a creación de catro prazas funcionariais e a compra dos equipos informáticos necesarios así coma os programas que estes equipos deben conter incluíndo un programa específico de xestión tributaria supón un custo inferior o que se deba pagar á Deputación. Incluso, se a opción adoptada fose delegar a recadación executiva nun ente de ámbito territorial superior (enténdase, Xunta de Galicia) o persoal necesario a contratar polo Concello podería ser inferior ó reflectido neste*

informe.

- *Control máis directo sobre o funcionamento do servizo.*

(...) ”

Analizadas as vantaxes de ambos supostos indicadas polo Sr. Tesoureiro obsérvase con claridade que si o que buscamos é un servizo de calidade, non queda a menor dúbida de que opción elixida sería a delegación no ORAL.

Se pola contra primase unicamente un criterio económico podería parecer que a mellor opción sería asumir a xestión polo propio Concello (de feito para o Sr. Tesoureiro sería practicamente a única vantaxe), pero dita afirmación resulta en entredito, basicamente, por dúas cuestións:

En primeiro lugar, as catro prazas funcionariais ás que fai referencia o Sr. Tesoureiro non son suficientes (como el mesmo indica en reiteradas ocasións) para realizar a xestión dun modo axeitado, nin legal, pois se fai necesario, como mínimo, crear unha praza/posto de Técnico de Xestión, Inspección e Recadación Tributaria, que tal e como se indicaba ao inicio da presente proposta se atopa prohibido pola vixente lexislación, pois non estamos a falar de prazas estritamente adicadas á loita contra o fraude fiscal.

A maior abastanza, e así novamente se desprende dos numerosos informes emitidos polo Sr. Tesoureiro ao longo dos anos, parece que o funcionamento do Departamento depende máis da vontade dos funcionarios que dunha organización eficaz e eficiente. Non hai máis que ir ao informe de data 28 de febreiro de 2013 no que se conclúe:

*“(...) este tesoureiro solicita o estudo por parte da Corporación das propostas enumeradas no punto C.G. deste informe, sendo neste intre o momento de decidir definitivamente o modelo de xestión e recadación do Concello da Estrada, xa que a situación de provisionalidade (atribución temporal de funcións, contrato de lecturas de auga que finaliza o 30 de abril, inexistencia de departamento de persoal) non é sostible moito máis tempo, sendo as posibilidades que prantexa este tesoureiro as seguintes:*

*- Delegación no ORAL da xestión e Inspección Tributaria dos impostos e taxas que non se atopan delegados, e recuperando a recadación do Imposto sobre Bens Inmóveis, Imposto sobre Actividades Económicas e Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terresos de Natureza Urbana.*

*- Incorporación do persoal necesario para que a Xestión e Inspección se realice polo propio Concello, con determinación das funcións e modernización administrativa para realizar esta tarefa ”.*

Polo tanto, se a única maneira de asumir a xestión directa deriva do incremento da plantilla municipal e a mesma non é legalmente posible, dita opción non pode ser tida en conta.

En segundo lugar, no informe do Sr. tesoureiro existía un maior número de vantaxes se se delegaba no ORAL a xestión. Da dita afirmación conclúese que se a xestión é de maior calidade, repercutirá directamente nas arcas municipais, polo que as cifras manexadas nos informes pódense poñer en cuestión. Cun modelo de xestión axeitado todos os cidadáns recibirán un trato igualitario, xa que os padróns estarán actualizados, as cifras de recadación aumentarán, ao mesmo tempo que os ingresos municipais, e o Concello non será cómplice dun sistema que ampara ao infractor e ao defraudador, xa que do xeito que se viña realizando ata a actualidade queda demostrado que non se foi quen de atallar completamente este problema.

Á vista do exposto, e tendo en conta que na práctica non existen dúas alternativas de xestión, xa que o Concello legalmente non ten capacidade para incrementar a plantilla municipal, requisito imprescindible para asumir a xestión directa,

Visto o informe de Intervención, asinado pola señora interventora municipal o 22 de novembro de 2013,

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, acadado o 26-11-2013.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL), de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ás facultades de:

1. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
2. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
3. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo, e voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministro de interese xeral.
4. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.
5. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por tendidos, tuberías e galerías para a conducción de enerxía eléctrica, auga, gas, ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos.
6. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por apertura de establecementos.
7. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por licencias urbanísticas.
8. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por licencias e autorización de autotaxis e demais vehículos de alugamento.
9. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa de sumidoiros.
10. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa de recollida e tratamento de lixo.
11. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecemento públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.
12. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal.
13. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conducións e outras instalacións, así coma calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.
14. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por

ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.

15. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por entradas de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outros usos similares.

16. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por ocupación do voo de toda clase de vías públicas municipais con elementos construtivos pechados, terrazas, miradores, balcóns, marquesiñas, toldos, paraventos e outras instalacións semellantes voladizas sobre a vía pública ou que sobresaian da liña da fachada.

17. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

18. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por instalación de quioscos na vía pública.

19. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

20. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por instalación de portadas, escaparates e vitrinas.

21. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por depósitos e aparellos distribuidores de combustible e, en xeral, de calquera artigo ou mercadoría en terreos de uso público local.

22. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola instalación de anuncios ocupando terreos de dominio público municipal.

23. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por servizos de matadoiros, lonxas e mercados.

24. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización de columnas, carteis e outras instalacións municipais análogas para a exhibición de anuncios.

25. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola recollida, retirada, transporte e custodia de vehículos e outros obstáculos das vías públicas.

26. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, auxilios e salvamentos de persoas e bens e outros análogos.

**Segundo.-** Ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación de Pontevedra. O Concello deberá prestar a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos: a localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ao pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de

bens e o exercicio ou non de actividades; poñer a disposición dos Servizos Tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e as normas que a desenvolven; así como a exposición pública no taboleiro de anuncios do concello e outros lugares de costume, dos editos que se diten no exercicio das competencias delegadas. A Deputación Provincial porá a disposición do Concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo a súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.

**Terceiro.-** A delegación sométese as condicións establecidas nas Bases para a prestación do servizo aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en data 20/07/92, na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos polo ORAL, aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en data 08/06/2012, na Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en data 22/02/2013 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa, e será levada a cabo polo Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación de Pontevedra (ORAL).

**Cuarto.-** Facúltase ao señor Alcalde-Presidente para que, en nome e representación do Concello, formalice o correspondente convenio coa Deputación Provincial así coma os demais documentos que procedan.

**9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.**

**Sr. Alcalde.-** Punto número 9 aprobación se procede do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas relativo á modificación da ordenanza reguladora de impostos sobre construcións, instalacións e obras. Ten a palabra o señor Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, a proposta que se fai e se levou á comisión de...de Facenda foi a modificación dos aspectos básicos da ordenanza reguladora de imposto de construcións, instalacións e obras. Estas dúas modificacións son a primeira establecer un modelo autoliquidado... autoliquidatorio que acompañe á solicitude de licenza e, por outra parte, incorporar un anexo onde se reflexa unha táboa do que serían os costes de actuacións por obras menores. Desta forma o que se pretende son dous obxectivos claros, o primeiro que é a recadación do...do concello sea de forma inmediata, paralela evitando na maior parte dos casos comprobacións provisionais e facilitar ao cidadán información suficiente para poder aportar os presupostos que despois en caso de...evitar esa...esa comprobación porque xa, a priori, se axustou aos mesmos criterios que van a seguir e están seguindo os técnicos dentro do concello.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Blanco pola intervención, ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, se nos presenta hoxe aquí unha memoria, unha proposta do concelleiro delegado de Facenda igual que na Comisión que, bueno, se nos dou unha modificación sobre a marcha i xa preguntamos nese día cales eran os criterios e os argumentos que se utilizaban para establecer estes baremos, estes módulos nas actividades construtivas. Non se nos achegou ningún informe ao respecto tal e como se dixo que faría polo tanto o noso grupo vaise abster por descoñecer cal é o...os argumentos que sustentan estes prezos i estos valores posto como dicimos soamente

constan nesa proposta do concelleiro que se nos achegou na propia comisión.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señora Louzao, ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Sí, como ben...como ben di a portavoz do Grupo Socialista na Comisión eu fixen a pregunta de ¿onde...cal era o criterio para elaborar estas...esta tabla, este baremo?, pero bueno, quedouse que se nos iba a indicar de onde saía pero bueno... non, non aparece ningunha aclaración sobre o tema. Hai tamén unha aclaración no informe de Intervención onde di que é preciso distinguir entre a data de solicitude i a da concesión de licenza, esta última é o momento no que a lei anticipa a esixencia dun tributo mediante a práctica dunha liquidación provisional, sen embargo a proposta do concelleiro de Facenda di que será a solicitude de licenza ou declaración, entón, bueno, creo que... pensamos que aquí se debe adecuar ao que di o informe de Intervención e que se proceda a... ao pago, á xestión do tributo unha vez concedida a licenza. Pensamos que, bueno, é unha maneira de facilitarlle o traballo ao cidadán, o traballo bueno... si o traballo ao cidadán, o traballo de pagar os seus impostos, as súas taxas, pero bueno a pena é que non se fai por... por beneficiar aos veciños e veciñas, senón que se fai por facilitarlle o traballo á Deputación Provincial, entón por eso imos a abstermos neste punto.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señor Magariños. Ten a palabra señor Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Simplemente un detalle, eu penso que si se facilita ao cidadán o feito de saber de antemán que prezos vai a utilizar... vai a utilizar unha administración, penso que eso sempre é conveniente en calquer tipo de impostos como ocorre co imposto de transmisións e diversos impostos sucesións, donacións, onde o cidadán pode acceder ás bases que manexa a administración, neste caso a Xunta de Galicia, e saber de antemán e evitar, pues, engorrosos trámites posteriores sobre todo que derivan con sancións e liquidación de intereses, eu penso que é unha ventaxa para o cidadán.

En canto á base de datos, xa se lle comentou que utilizan as...as perdón, os prezos que aparecen reflexados esos consíguenos de base de datos e cada un ven traballando de forma individual e diferente a cada...cada compañeiro, cada técnico estaba utilizando...entonces penso que agora sabemos cal é o criterio a seguir. Se...se chegou por medio dunha decisión de acordo entre os distintos técnicos e desta forma penso que dá máis seguridade ao cidadán porque só vai a haber un...un prezo único e non en función da base de datos que utilice cada un. Esto de todas formas pois houbera sido interesante xa no pasado ver como...como estaba ocorrendo pero de todas formas penso que é ventaxoso para...para o cidadán dende logo.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Blanco, ten a palabra..

**Sr. Magariños do BNG.-** Ao que me refería, bueno a que, según informe de Intervención, que se debería xestionar o tributo, que se xenerara o tributo unha vez que se concedera a licenza provisional. Bueno aquí fala tamén de que así o di o Tribunal Supremo, que é contrario á sentenza...a pagamentos anteriores a este tipo de cuestións como se vai a solucionar...

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** En principio si cabe autoliquidación ¿sí?, entonces o que ten un momento temporal diferente autoliquidación e a comprobación de que se fala que sería

no momento de otorgamento, sempre antes de iniciar a construcción licenciada.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Blanco, bueno di, ten a palabra señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, eu sigo na mesma...coa mesma pregunta dicir ¿cal é o criterio que se utiliza para establecer estos baremos, estos módulos? Vostede nos di que son os criterios técnicos que se comprobaron pero ¿cales son?, ¿Que é o que avala?, ¿Cal é o informe que nos avala que son estes i non outros os que debemos de aplicar? Carecemos desa información, insisto.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señora Louzao, ten a palabra o señor Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Simplemente un detalle, esos son os valores aos que chegan en base...son a base de datos que manexa calquer oficina técnica base...en base aos prezos de mercado e aparece refrendado pola firma de...dun dos técnicos que figura no...no expediente, no...no expediente figura. Xa se dixo na comisión que se iba a solicitar esa firma a modo de comprobación, figura incorporada ao expediente.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Blanco, eu creo que bueno queda perfectamente reflexado esto é un pouco o resumo do que falábamus no punto anterior ¿non? A diferenza de criterio que existe na xestión entre uns partidos e outros. Creo que aquí hoxe queda retratado perfectamente cal é o papel de cada un, dígoo porque todo o que está regulado señor Magariños, todo o que está regulado perfectamente é menos susceptible a estes intereses políticos que a veces non buscan o interés xeral. Curiosamente cando este goberno pretende regular de forma expresa para que non pase, que non digo que pasara na época do bipartito pero pudo haber pasado, para aquela época de non ti presenta unha obra menor ponlle 100 euros que total despois non che imos mirar canto...canto que tal e non pagas o imposto, que podía haber pasado ¿eh? Non digo que fora así pero era posible que pasara. Pois para que eso non pase o veciño vai a chegar ca súa liquidación, ca súa obra, co seu importe avalado por un informe técnico, vai a pagar o que lle corresponde i si despois lle corresponde pagar máis vai a haber unha segunda visita para que comprobe se realmente a obra que solicitou foi a que fixo. Eso é xestionar de forma eficiente o outro é facer cacicadas. Entonces para que non se pase eso este goberno pon os medios i unha vez que pon os medios aínda por encima é criticado por facelo, eu xa non sei que pensar sinceramente eu xa non sei que pensar. Porque o modelo de autoliquidación nas taxas do I.C.I.O. está imposto na gran maioría dos concellos que forman...que xestionan i que funcionan dunha forma eficiente, a gran maioría funcionan co sistema de autoliquidación i o único que beneficia é a propia xestión tributaria, a propia transparencia i a propia coherencia dunha administración o outro é deixar na man de persoas que poden ser responsables ou persoas que non o poden ser e chegar aquí e presentar unha licenza dun cierre e poñerlle non é que o meu cierre vai a costar 300 euros e despois facer un cierre de pedra de mampostería dun metro e medio de alto e 50 metros cerrando a finca i pagar unha taxa de 30 euros, non. Aquí o que se vai a facer en función dos metros lineais, en función da obra que vai a facer xa hai unha valoración i esa é a valoración oficial, i vai a pagar autoliquidación por esa valoración. Home, por eso digo...por eso digo que esa é a diferenza entre a forma que teñen de ver a xestión pública uns partidos i a forma que temos de velos outros, canto máis regulado esté, canto máis claro, canto máis



claro o teñan os veciños que é o que teñen que facer menos da lugar a outro tipo de cuestións que non son nada, nada edificantes i nada positivas para un estado democrático i para a propia política. Así que creo que ese é o camiño que debemos de seguir i que...i que creo que ademais se está seguindo, así que si lles parece votamos entonces o punto número 9 que é a aprobación se procede do ditame da comisión informativa de Facenda relativo á modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por maioría.

Finalmente, por 11 votos a favor do Partido Popular e 8 abstencións (7 do PsdeG-PSOE e 1 do BNG), adóptase o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Facenda de data 21-11-2013 para incorporar á normativa municipal do indicado imposto os sistemas da autoliquidación e dos índices ou módulos, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais,

Considerando a conveniencia de axilizar a xestión do tributo, facilitando ao contribuínte os importes unitarios determinantes da base imponible,

Visto o informe de Intervención asinado polo técnico de administración xeral o 22 de novembro de 2013,

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, adoptado en sesión do 26-11-2013,

#### **ACORDAMOS:**

Modifícase, nos seguintes termos, a Ordenanza reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras:

#### **I. “ Artigo 10. Xestión do imposto.**

27. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar declaración-autoliquidación do imposto mediante impreso oficial que deberá unirse, segundo os casos, á solicitude da licenza ou á declaración responsable ou á comunicación previa, e a ingresar a cota tributaria na Tesourería municipal ou en calquera entidade colaboradora autorizada, sen que o pagamento implique ningunha presunción ou acto declarativo de dereitos a favor dos interesados.

28. A base imponible determinarase en función do orzamento achegado polos interesados, sempre que o proxecto construtivo teña o visado do Colexio Oficial competente. Copia deste orzamento deberá unirse á autoliquidación. De non requirirse o visado, a base será a resultante de aplicar os módulos consignados no Anexo desta ordenanza para cada tipo de obras o instalacións. A falta de módulos aplicables, a base imponible será determinada polos técnicos municipais atendendo ao custo estimado do proxecto.

29. Se a autoliquidación non se ingresase no prazo máximo de un mes a partir da notificación do outorgamento da licenza ou do momento en que se inicie a construción, instalación ou obra, ou se aquela se presentase e abonase por cantidade inferior á que resulte do orzamento achegado, a Administración municipal poderá practicar a correspondente liquidación provisional.

30. A autoliquidación ingresada será a conta da provisional que se practique, e, en todo caso, da definitiva aprobada ao remate das construcións, instalacións ou obras.

31. Queda exceptuada a autoliquidación cando se solicite algún beneficio fiscal, suposto en que se practicará liquidación provisional unha vez tramitado o expediente.

32. Cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e houbese incremento do seu orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado.

33. Rematadas as construcións, instalacións ou obras, e sempre que o custo final sexa superior ou inferior ao inicialmente declarado, os suxeitos pasivos deberán practicar unha autoliquidación complementaria en impreso oficial acompañando copia do D.N.I. ou C.I.F. do suxeito pasivo, así como certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno. O pagamento das autoliquidacións positivas efectuarase no prazo de un mes contado a partir do remate das construcións, instalacións ou obras, e, en todo caso, con anterioridade á solicitude da licenza de primeira utilización ou ocupación.

34. O Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, á vista da documentación que dispoña acerca das construcións, instalacións ou obras realizadas e do seu custo real e efectivo, modificará, no seu caso, a base impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a cantidade que resulte.

35. No suposto de que as construcións, instalacións ou obras non teñan dado comezo, haberá lugar á devolución do ingresado se así o solicita o obrigado tributario unha vez teña este formulado renuncia expresa á licenza ou se declare a súa caducidade”.

## II. “ Anexo:

### Módulos para a determinación da base impositiva.-

Actividades construtivas (obras menores)	importe
<b>Acometida domiciliaria:</b>	
Ude. de acometida domiciliaria dende a rede pública.....:	120,00 €/ude.
<b>Demolicións:</b>	
m <sup>2</sup> de demolição de pavimentos e revestimentos.....:	5,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de demolição de tabiques.....:	4,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de demolição de material de cubrición.....:	4,00 €/m <sup>2</sup>
<b>Movemento de terras:</b>	
m <sup>3</sup> de excavación de gabias.....:	7,00 €/m <sup>3</sup>
m <sup>3</sup> de excavación en vaciado e recheos (<40 m <sup>3</sup> e altura <0,50 m).....:	3,00 €/m <sup>3</sup>
	... /..
... /..	
<b>Saneamento:</b>	
m lineal de canalización de pasos de auga, incluso excavación e tapado.....:	20,00 €/m
m lineal de canalización de abastecemento de auga, incluso excavación e tapado.....:	10,00 €/m
<b>Cerramentos:</b>	
m lineal de cerramento de postes e arame/malla.....:	21,00 €/m
m lineal de reparación de cerramento.....:	6,00 €/m
<b>Substitución/reparación de cubertas:</b>	
m <sup>2</sup> de cuberta de tella cerámica.....:	25,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de cuberta de fibrocemento.....:	12,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de cuberta de lousa de pizarra.....:	30,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de cuberta metálica.....:	35,00 €/m <sup>2</sup>
m lineal de baixante de augas pluviais.....:	11,00 €/m
m lineal de canalón de recollida de augas pluviais.....:	18,00 €/m
<b>Pinturas:</b>	
m <sup>2</sup> de pintura exterior de edificios.....:	7,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de pintura interior de edificios.....:	4,00 €/m <sup>2</sup>

<b>Substitución de carpinterías:</b>	
m <sup>2</sup> de carpintería exterior de madeira.....:	200,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de carpintería interior de madeira.....:	120,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de carpintería exterior metálica.....:	150,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de carpintería interior metálica.....:	100,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de reixa de seguridade en portas e fiestras.....:	45,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de portalón metálico.....:	110,00 €/m <sup>2</sup>
<b>Pavimentos e revestimentos:</b>	
m <sup>2</sup> de pavimento cerámico horizontal.....:	25,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de pavimento cerámico vertical.....:	20,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de pavimento de formigón.....:	12,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de pavimento de granito.....:	45,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de pavimento de madeira.....:	20,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de impermeabilización de terrazas.....:	10,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de enfoscado de mortero de cemento.....:	9,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de revestimento monocapa.....:	7,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de limpeza de fachada.....:	3,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de rexuntado de muros.....:	5,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de reparación de falso teito existente.....:	8,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de revestimento metálico.....:	35,00 €/m <sup>2</sup>
<b>Instalacións:</b>	
Ude. de substitución da rede de fontanería e saneamento en aseo.....:	152,00 €/ude
Ude. de colocación de aparatos sanitarios en aseo.....:	200,00 €/ude
Ude. de substitución da rede de fontanería e saneamento en baño.....:	210,00 €/ude
Ude. de colocación de aparatos sanitarios en baño.....:	270,00 €/ude
Ude. de substitución da rede de fontanería e saneamento de cociña.....:	180,00 €/ude
Ude. de substitución da rede de electricidade en vivenda.....:	1.200,00 €/ude
Ude. de substitución da rede de calefacción en vivenda.....:	1.100,00 €/ude
Ude. de implantación de pozo de auga.....:	1.500,00 €/ude
Ude. de implantación de fosa séptica.....:	2.000,00 €/ude
<b>Albanelería:</b>	
m <sup>2</sup> de tabiquería de ladrillo/bloque.....:	11,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de tabiquería de pladur.....:	20,00 €/m <sup>2</sup>
... /..	
... /..	
<b>Varios:</b>	
m <sup>2</sup> de toldo.....:	60,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de marquesiña.....:	180,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de rótulo opaco saínte.....:	270,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de rótulo opaco adosado.....:	210,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de rótulo luminoso saínte.....:	350,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de rótulo luminoso adosado.....:	300,00 €/m <sup>2</sup>
m <sup>2</sup> de carteleira publicitaria.....:	27,00 €/m <sup>2</sup> ”

En cumprimento do disposto no apartado 1, in fine, do artigo 16 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese a seguinte

“ DISPOSICIÓN FINAL:

A presente modificación, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día ..... de ..... de 2013, entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas ”.

**10º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

**Sr Alcalde.-** Punto número 10, aprobación se procede do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas relativo á modificación da ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos. Ten a palabra o señor Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, a proposta de modificación...de modificación da ordenanza desta taxa é que non sexa esixible o pagamento polos conceptos de dereito de exame e compulsas a todas aquelas persoas que demandantes de emprego acrediten que por medio da certificación do Instituto Nacional de Emprego se encontran en situación de desemprego. Penso que...que é un medio bo de axudar ou polo menos non empeorar a situación daquelas persoas que se encontran en situacións desfavorecidas e que pretenden o acceso ao emprego.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señor Blanco ¿algunha intervención? Bueno, vannos apoiar esta iniciativa, home a verdade é que si señor ten que ser boa ¿eh? Xa ten que ser unha boa iniciativa do goberno...unha boa iniciativa do goberno para que non haxa ningunha intervención. Pois imos a aproveitar e imos a votar.

(ruido)

**Sr. Alcalde.-** Imos a aproveitar...imos a aproveitar, non, e imos a...non carguen tanto coas Deputacións que o xefe destes señores vaise a cabrear ¿eh? Este é o máximo dirixente dunha Deputación Provincial e van a ter problemas despois...tanto cargar contra as Deputacións ao mellor van a ter un problema porque oe non as están poñendo demasiado ben que digamos, i ao final...i ao final o futuro candidato socialista está presidindo unha Deputación...unha Deputación Provincial na provincia de Lugo ¿non? Si non recordo mal ¿eh?, si, si, si, imos votar agora mesmo, señor Espiño xa sabe vostede que aquí ao final sempre se vota. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Facenda para modificar a ordenanza que se indica, a fin de excluír do pagamento dos dereitos de exame e das compulsas de documentos relacionados cos procesos de selección de persoal a quen acredite atoparse en situación de desemprego,

Considerando que o artigo 24.4 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais permite ter en conta na determinación da contía das taxas criterios xenéricos de capacidade económica dos obrigados a satisfacelas,

Visto o informe de Intervención asinado polo técnico de administración xeral o 22 de novembro de 2013,

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, adoptado en sesión do 26-11-2013.

#### **ACORDAMOS:**

Modifícase, nos seguintes termos, a Ordenanza reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos:

Incorpórase ao artigo 8 (“Obriga de contribuir”) un último parágrafo coa seguinte redacción:

“ 4. Nos procedementos de selección do persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos “dereitos de exame” e “compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo *Instituto Nacional de Empleo* ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma que corresponda ”.

En cumprimento do disposto no apartado 1, in fine, do artigo 16 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese a seguinte

“ DISPOSICIÓN FINAL: A presente modificación, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día ..... de ..... de 2013, entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas ”.

**11º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO AO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO PLENARIO DE 6 DE XUÑO DE 2013, DENEGATORIO DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS A FAVOR CIVIS GLOBAL, S.L.**

**Sr. Alcalde.-** O punto número 11 é a aprobación, se procede, do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas relativo ao recurso de reposición contra o acordo plenario do 6 de xuño, denegatorio da bonificación do impostos sobre construcións, instalacións e obras a favor de CIVIS GLOBAL. Ten a palabra o señor Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, por este concello xa se tomara a decisión no seu momento de non contemplar a bonificación solicitada pola empresa CIVIS GLOBAL referente ao imposto de construcións, instalacións e obras polo... pola ampliación do concello, perdón, do colexio Pérez Viondi. Presentado o recurso de reposición pásase pola Comisión de novo a desestimación de...da bonificación solicitada.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señor Blanco. ¿Algunha intervención? Pois entonces procedemos á súa votación, ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Facenda do 22 de novembro de 2013 relativa ao asunto de mención,

Visto o expediente de bonificación tributaria solicitada por CIVIS GLOBAL, S.L., adxudicataria das obras de *reforma e ampliación do CEIP “Pérez Viondi”* segundo a licenza urbanística nº 22/2012, que deu lugar á liquidación provisoria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) por importe de 31.015,30 euros aprobada por decreto da Alcaldía 209/2012 do 16 de marzo,

Desestimada a dita solicitude polo Pleno mediante acordo do 6 de xuño último, ante a ausencia, unánimemente apreciada, das circunstancias sociais e culturais aducidas para xustificar o especial interese ou utilidade municipal conforme ao disposto nos artigos 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 8.1 da ordenanza reguladora do ICIO,

Visto o recurso de reposición do 11 de xullo seguinte, no que a empresa construtora reitera a procedencia daquela bonificación, por canto o beneficio especial das obras (debido á mellora da calidade educativa e á agrupación e seguridade da comunidade escolar) non vai “sólo referido a una concreta comunidade escolar (...), sino que redunda de maneira innegable en un beneficio social y cultural para la población residencial que habita en el municipio de A Estrada”,

Visto o informe da Intervención asinado polo técnico de administración xeral o 11 de novembro de 2013.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, adoptado en sesión do 26-11-2013.

## ACORDAMOS:

Desestímase o recurso presentado contra o Acordo plenario do 6 de xuño de 2013, confirmando a denegación da bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras solicitada por CIVIS GLOBAL, S.L. con respecto ás obras de reforma e ampliación do CEIP “Pérez Viondi”, segundo a licenza nº 22/2012, ao non concorren circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen a declaración desas obras como de especial interese ou utilidade municipal, de conformidade co disposto nos artigos 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 8.1 da correspondente ordenanza fiscal.

### B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

#### 12º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE OUTUBRO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

**Sr. Alcalde.-** Na parte de control da xestión punto número 12 dación de conta das resolucións de alcaldía ditadas entre o 1 e o 31 de decembro...de outubro perdón, ámbolos dous incluídos.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2013.

A Corporación queda sabedora.

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde.-** I non habendo máis asuntos que tratar, levantamos a sesión...non...me comenta o concelleiro si, si...que trasladaran o tema de rogos e preguntas, si queren facelo ou o facemos...o trasladamos ao Pleno ordinario...

**Sr. Magariños do BNG.-** Que se non era necesario, se podía falar directamente co Concelleiro de Medio Ambiente. Trasadábanme dende os institutos, concretamente dende o meu, que se coloquen papeleiras no entorno dos institutos porque así polo menos non se lle da...

(interrumpe) **Sr. Alcalde.-** Xa van agora.

**Sr. Magariños do BNG.-** A xustificación

**Sr. Alcalde.-** Están contratadas 80 novas papeleiras que se van a instalar unha parte delas na rúa da Cultura, na zona dos institutos.

**Sr. Magariños do BNG.-** Si, porque alí non hai ningunha.

**Sr. Alcalde.-** Moitas gracias se levanta a sesión, boa noite.

\*\*\*\*\*

Levántase a sesión as vintetrés horas.

A Estrada, 2 de decembro de 2013

A SECRETARIA EN FUNCIONES,

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas